

A ESTRADA

miscelánea histórica e cultural



Núm. 18 [2015] • ISSN 1139-921X



A ESTRADA

miscelánea histórica e cultural



Vol. 18 (2015)

2015

Fundación Cultural da Estrada

Museo do Pobo Estradense «Manuel Reimóndez Portela»

A ESTRADA

miscelánea histórica e cultural

ISSN 1139-921X

miscelanea.aestrada.com

Director

Juan Andrés Fernández Castro

Coordinador editorial

Juan L. Blanco Valdés

Comité de Redacción

Juan L. Blanco Valdés | José Manuel Castaño García | María Xesusa Fernández Bascuas | Manuel Mosquera Agrelo.

Consello Consultivo

Xesús Alonso Montero | Carlos Amable Baliñas Fernández | Xosé Luís Barreiro Barreiro | Roberto L. Blanco Valdés | Mercedes Brea | Manuel Cabada Castro | Francisco Díaz-Fierros Viqueira | Víctor F. Freixanes | Xosé Neira Vilas | Xosé Manuel Núñez Seixas | Vicente Peña Saavedra | Augusto Pérez Alberti | Ofelia Rey Castelao | Anxo Tarrío Varela | Pilar de Torres Luna | Xosé Manuel Vázquez Varela.

© Fundación Cultural da Estrada,
Museo do Pobo Estradense «Manuel Reimóndez Portela», 2015

Edición

Museo do Pobo Estradense «Manuel Reimóndez Portela»

Apto. 78

36680 A Estrada

www.museo.aestrada.com

www.miscelanea.aestrada.com

Tradución de abstracts

Alexia Estraviz Loureiro

alexiaestraviz@gmail.com

Ilustración de cuberta

Clube Baloncesto A Estrada, tempada 1982-83.

Fotografía de Juan A. Fernández

Diseño de maqueta e maquetación

Rosa Costas Román

Impresión

Gráficas Sementeira, S.A.

Chan de Maroñas, 2

15217 Obre - Noia

Dep. Legal: C 2618-2001

Índice

- 9 | Olimpíu Arca, unha vida para o ensino
Ana Esmeralda e Olimpíu P. Arca Camba
- 49 | Las estelas funerarias galaico-romanas encontradas en el
ayuntamiento de A Estrada
Vanesa Lago Somoza
- 63 | San Xoán da Cova no río Ulla e as lendas do noroeste
peninsular
Henrique e Xerardo Neira Pereira
- 77 | Geodemografía del municipio de A Estrada
Julio Hernández Borge
- 89 | Catálogo da biblioteca de don José Dionisio Valladares
efectuado polo seu fillo Marcial Valladares
Juan Andrés Fernández Castro
- 135 | Minidicionario ou glosario da *Rapa das bestas*
de Sabucedo. Un vademécum
Manuel Cabada Castro e Roi Vicente Monteagudo
- 151 | Sociedad *Hijos del ayuntamiento de La Estrada*:
100 años en Cuba
Manuel Barros del Valle
- 169 | Catálogo de reloxos de sol no concello da Estrada
Luis Manuel Ferro Pego
- 205 | De regadíos e regantes
Juan Fernández Casal
- 229 | O final da primeira guerra carlista en Tabeirós:
as derradeiras accións da facción de Villanueva
na comarca
José Ramón López Fernández

- 243 | Notas para o estudo das primeiras arquitecturas industriais na Estrada
Damián Porto Rico
- 267 | A figura do cronista oficial. Estudo de caso: José Docampo, corresponsal honorífico de *Faro de Vigo* en A Estrada
Silvia Alende Castro e Lorena Penas Rey
- 287 | O xardín do Pazo de Oca, tres séculos á procura da harmonía
Ignacio Valladares Pernas
- 305 | 75 años de baloncesto en A Estrada
Andrés Fernández Sanmartín

In memoriam



Foto: Marcos Míguez

Olimpio Arca Caldas
(1928 - 2014)



Olimpio Arca, unha vida para o ensino

Ana Esmeralda e Olimpio P.
Arca Camba

Resumo. Falar de Olimpio Arca (Portodegómez, 1928-A Estrada, 2014) é falar de ensino, vocación á que dedicou a meirande parte dunha vida que tivo tamén incursións profesionais nos mundos do ferrocarril e da banca, nunha traxectoria cunha ampla produción escrita trala súa xubilación como docente. A súa obra, de carácter fundamentalmente didáctico e divulgativo, vai do teatro infantil á recuperación de persoeiros esquecidos de Cuntis e A Estrada. Entre todos os recibidos, o seu maior recoñecemento foi sempre a gratitude dos seus alumnos.

Abstract. Talking about Olimpio Arca (Porto de Gómez, 1928 - A Estrada, 2014) means talking about teaching, a vocation to which he devoted much of his life and also had forays into the worlds of railways and banking, with a huge written production after his retirement as a teacher. His work, mainly of educational and informative nature, ranges from children's theatre to the recovery of forgotten figures in Cuntis and A Estrada. His greatest recognition, among all those he received, was always the gratitude of his students

Infancia e xuventude

Olimpio C. Arca Caldas nace o 22 de febreiro de 1928 no lugar de Portodegómez, da vila de Cuntis. É o único fillo, póstumo, do matrimonio formado por Carmen Caldas Folgar, costureira, e Olimpio Arca Ferreiro, de profesión bombeiro, falecido ós 27 anos de idade o 1 de decembro de 1927, nun accidente laboral no parque de bombeiros da Coruña, como recolle o diario "El Orzán" do día seguinte.

O neno medra rodeado do profundo afecto das persoas que viven na casa familiar: a súa nai, os avós maternos, Ramón e Ramona, e as súas tías Obdulia e María. Da familia Caldas Folgar forman parte tamén Manuel (empregado en Noia), Evaristo (que rexenta un ultramarinos en Santiago), e Manuela (Lelita para a familia), residente en Bos Aires onde emigrarán posteriormente Manuel e Evaristo.

A figura do avó, home de cultura aceptable, que procura ler o xornal a diario, escribe documentos de compra-venda, e foi canteiro na súa xuventude, permanece ancorada por sempre na memoria



Os seus pais, Olimpio e Carmen.

do rapaz. Del aprenderá, nas noites de inverno especialmente, a ler, a escribir, a sumar e restar e a táboa de multiplicar ata o cinco, así como ditos e refráns e o catecismo do Padre Astete.

Destes primeiros anos Olimpio garda un recordo nítido da estrutura da casa familiar e recorda con agarimo as viaxes a Santiago cando a súa nai vai arranxar a roupa da tía Carmen, a muller de Evaristo, e o leva consigo. Na rúa Bautizados, onde eles viven, o neno descobre cousas extraordinarias, como o aparato de radio –sería posible que naquel caixón coubese un home?– e a cisterna.

No ano 1934 Olimpio empeza á escola, nunha gra-

duada ben provista de material pedagóxico, espazosas aulas e amplo terreo de recreo, levantada polos emigrantes do concello de Cuntis en Bos Aires. Está dirixida polo egrexio mestre don Aurelio Rey García, referente para toda unha xeración e modelo de docentes. Consta de tres seccións e acolle os nenos da parroquia, ata os doce ou catorce anos. Conta con encerados, regras, estucos, láminas de ciencias, mapas, aparatos de física, máquinas de vapor, electroimáns e mesmo unha máquina de cine. Nas paredes das aulas e nos corredores frases enaltecedoras da educación:

“El mayor orgullo de un padre es que sus hijos sepan leer y escribir”

“La palabra imposible no existe en el vocabulario de los hombres fuertes.

E no patio, baixo a dirección de don Aurelio, os nenos confeccionan o contorno da península Ibérica feito con pedras e as súas

rexións divididas por mirtos, cada unha ó coidado dun grupo de rapaces. Hai sendeiros para chegar á capital, Madrid, onde un surtidor reparte auga a todo o xardín.

O mestre de Olimpio este primeiro ano é don Joaquín Ferro Toubes. Grazas ó avó Ramón o neno coñece xa a fondo todo o programa. No camiño á escola acompañao a súa nai, que rexenta un taller de costura na rúa Vicente Carballo (hoxe rúa da Presiña).

Ese mesmo ano de 1934 nace na casa familiar Moncho, o fillo da tía María e do seu home, Manuel Arnoso. Ela morre poucos meses despois e o neno pasa a converterse nun irmán para Olimpio, xa que é a súa nai, Carmen, quen o coida coma a outro fillo.

No curso 1935-36 Olimpio está na segunda sección, cun mestre da Estrada que utiliza con frecuencia as variñas de distintas árbores como instrumentos de castigo. Pero a mediados de curso incorpórase outro mestre estradense, don Secundino Campos Pego, que constitúe o anverso do anterior: bo, cariñoso, non castiga, reparte chocolates entre os nenos e failles fotos de aula. Por desgraza, ó comezar a guerra é incorporado á fronte de Asturias, onde morre.

A Guerra Civil trae moitos cambios negativos na organización escolar. O director, don Aurelio Rey García, é excluído do ensino, e as actividades de carpintería, gravado, taxidermia, etc. son abandonadas. Os nenos cantan, á entrada, coa man erguida, o *Cara al Sol*. O crego, don Santiago Abuelo, vén con frecuencia falarlles do inferno, do Ceo, dos roxos, dos nacionais, do exército, do pecado. No mes de maio cómpre ofrecer flores a María. Séguense as evolucións da



Olimpio, á idade de dez anos.

contenda e celébranse con moito patriotismo as vitorias do exército nacional. E nos recreos xógase ó peón, ás canicas, ó marro, a policías e ladróns, sáltase á churra, baixo a vixilancia dos mestres. Neste curso é cando Olimpio fai a Primeira Comuñón, ós sete anos.

No ano 1939 o rapaz ten case sabido o grao medio, e as cancións do Réxime *Prietas las filas, Montañas nevadas, Yo tenía un camarada*, así como longas poesías, unha das cales, *¿Que seré yo?* permanece para sempre gravada na súa memoria. Como libros de lectura, un manuscrito de viaxes, *Países y Mares*, o diario escolar dun neno italiano, *Corazón*, de E. d'Amicis, *Lecciones de cosas*, e as fábulas de Iriarte e Samaniego. Ás agachadas alguén trae un libro de poesías de Rosalía de Castro.

Nestes anos da Guerra Civil, o Hotel Balneario de Cuntis convértese en hospital militar para atender os soldados feridos na fronte. Son tempos de requisa, e Olimpio entrega alí cada solpor unha caldeireta cos dous litros de leite que lle corresponde *doar* á súa familia.

Por outra banda, a presenza de soldados das tropas de Marrocos, coas súas estrañas vestimentas e ós que o pobo atribúe carácter homosexual, fai que os pais redobren a atención cos nenos e non os deixen andar sós polas corredoiras, xa que os *mouros* adoitan pasear polas aldeas, na procura de *yerba buena* (a herba luísa).

No verán do ano 1939 o avó Ramón, que desexa saber se o seu neto vale para estudar o Bacharelato, vai falar co mestre don Joaquín. Pero a resposta do docente non lle agrada, así que decide consultar co destituído don Aurelio. O rapaz asiste ás súas clases particulares, pola tarde, na casa da Indiana, no barrio da Ponte, e continúa pola mañá na escola pública. Este feito provoca a xenreira de don Joaquín, quen lle inflixe un castigo corporal e moral inxusto, por unha falta que non cometeu. Por decisión do avó, o neno abandona a escola pública definitivamente. Pero continua estudando con don Aurelio que se converterá, pasado o tempo, no exemplo a seguir.

Os trastornos provocados pola Guerra Civil traen en febreiro do ano 1940 unha convocatoria extraordinaria de exames de ingreso no Instituto, ós que Olimpio se presenta en Pontevedra. En xuño dese mesmo ano examínase por libre de primeiro de Bacharelato, no

Colexio de Santo Tomás de Caldas de Reis, e así sucesivamente ata quinto. No mesmo curso estudan Agustín Clemente, cuxa intelixencia e dominio do castelán lle fai superar sempre as cualificacións dos demais, Moncho Durán, Manolo Carballo, Carmiña Durán, Diego Fontán, e José María Picallo. Entre os profesores examinadores atópanse Hipólito de Saa, Ramón Legerén e Potel.

O día de Xoves Santo do ano 1941 Olimpio estrea unha bicicleta. Para mercarlla, nun tempo no que as gomas das rodas están racionadas, o seu avó ten que solicitala como medio de desprazamento dun obreiro.

Un ano despois, en febreiro de 1942, morre Ramón Caldas, aos 77 anos, deixando o seu neto sumido nunha profunda tristura. O seu pasamento provoca numerosos cambios na vida familiar: a súa nai, Carmen, vese obrigada a deixar o taller de costura de Cuntis para dedicarse ás tarefas do campo, que nunca asumira, axudada por unha muller e polo fillo, que colabora rozando o toxo, labrando as leiras, poñendo as patacas, ó tempo que continúa cos seus estudos. Os mellores recordos de Olimpio nesta época teñen por escenario o río Gallo, onde nos veráns do verán sempre queda tempo para ir pillar unhas troitas, ou para bañarse na *Ola* da Castiñeira, con todos os rapaces da aldea. Anécdotas daquela época falan de festas e romarías nas parroquias próximas, das que o mozo se arrisca a volver ás veces encollido no portavultos dun turismo, coas pernas ergueitas e loitando por non perder os zapatos.

No verán do ano 1944 a saúde de don Aurelio reséntese moito e o mestre aconsella ós seus alumnos rematar o bacharelato en Santiago ou en Pontevedra. A maioría deles escollen a cidade do Apóstolo. Aínda que no terreo económico os tempos son difíciles na casa familiar, en outubro de 1944 Olimpio instálase en Santiago, na casa do tío Manuel. Alí cursa 6º na Academia Merelles, con outros catro estudantes de Cuntis (entre eles Carme Durán) que, excelentemente preparados por don Aurelio, logran asombrar ás compañeiras polos seus coñecementos.

En 1945 estuda por oficial Sétimo no Instituto Arcebispo Xelmírez, situado na Praza de Mazarelos, e vive de pensión na Porta Faxeira, xunto con dous estudantes vascos. Pero empeza a vaguear

un pouco e ten dificultades co latín e o grego, materias nunca estudadas con anterioridade. De todos modos entre xuño e setembro supera o “exame de estado”, a famosa “Reválida”. Dubida sobre o seu porvir e, coa idea de facerse practicante, examínase de Fisioloxía, materia que supera cun Sobresaliente, para decatarse axiña da súa imposibilidade de facer fronte ó sangue. Nesta época empeza tamén a fumar, aínda que os cartos do peto son escasos. Por iso recorda con gratitude as visitas do seu tío Pepe de Chapa, que acudía os xoves como feirante a Santiago, e lle daba diñeiro para tabaco ou o convidaba a tomar os callos.

Nos inicios do novo curso decide, xunto co seu compañeiro Agustín Clemente, cursar os estudos de maxisterio por libre, e examinarse en xuño na escola Normal de Pontevedra; compran a medias os libros de pedagogía. O plan de 1914 esixe, ademais do título de Bacharel Superior, a superación de doce materias, entre as que se contan dúas músicas, dúas caligrafías, dúas relixións, tres pedagogías, didáctica, lingua e historia. Aínda que a superación da música require algunha “axuda externa”, obtén o título de Mestre de Ensinanza Primaria en xullo de 1917, tras un ano duro, compaxinando os estudos co traballo no campo.

Os inicios da vida laboral

Co título de Mestre no peto, Olimpio pode facer realidade o seu desexo: na casa do Portodegómez comeza no verán de 1917 a dar clase ós rapaces de Vilar, de Guimarei e da aldea. No inverno, grazas ós monitores de Xuventudes, chega a ter no local que estes posúen na feira, en Cuntis, quince alumnos, moitos deles máis vellos có profesor.

Ó ano seguinte, o secretario do Concello, don Jesús Sánchez, bríndalle a oportunidade de ocupar a vacante dun funcionario que realiza o servizo militar. Debe entón cubrir cartillas de racionamento, censar carros de vacas, conceder permisos para a mata do porco e despachar asuntos de trámite cos veciños. Contento cos seus servizos, o secretario proponlle presentarse a unha das dúas prazas que van sacar para funcionarios. Pero o traballo non o complace nin a el nin á súa nai, polo que o abandona ó rematar a substitución. No mes



Arca (no centro) con compañeiros na súa etapa na Renfe.

de maio vai a Vigo, prestar a súa axuda coas Matemáticas ao primo Moncho, entón estudante no Instituto Santa Irene.

O aguillón do ensino é demasiado forte nel. Así que co bacharel Manolo Fuentes, o Carrapucho, e o ex seminarista Paco de Roque crea en 1948 a “Academia Lumen” para bacharelato, comercio e maxisterio, situada na Rúa do Convento. A academia é todo un éxito e os alumnos que se examinan en Pontevedra e en Vigo obteñen moi bos resultados. Tanto que os profesores do Colexio da Inmaculada da Estrada vanlles ofrecer a súa boa disposición para examinalos eles.

Dado que no Maxisterio non hai convocatoria de oposicións (as prazas están reservadas para os alféreces provisionais da guerra) e que a Academia non ofrece a certeza do emprego dun funcionario, nin un seguro médico no caso de caer enfermo, Olimpio aspira a un posto estable, que lle garanta o porvir.

Renfe convoca en 1951 prazas de “aspirante a factor”, cuxos exames teñen lugar en León. As probas máis difíciles son as relativas



Ana e Olimpio, de lúa de mel en San Sebastián.

á lexislación do ferrocarril e á xeografía ferroviaria, pero logra dominalas a base de esquemas. Aprobado co número 26, escolle destino en Vigo Porto. O soldo non é grande: só a pensión leva a meirande parte, e os zapatos de pel ou os reloxos que ve nos escaparates supoñen varias nóminas. Logra que o destinen á demarcación de Vigo Berbés, na que só se traballa pola tarde, o que lle permite matricularse na Escola de peritos industriais. Sen embargo, aprobado o ingreso, os estudos requiren a presenza nos talleres pola tarde, polo que se ve obrigado a abandonalos. Da época de Vigo Olimpio garda recordos entrañables

da xenerosidade do seu primo Paco, Francisco García Ferreiro, que traballa naquel momento no Instituto Nacional de Previsión.

Entre tanto, Renfe anuncia exames para “factor de explotación”, con máis soldo e posibilidade de ascensos. A necesidade de progresar anímao a presentarse. Aproba e en 1952 obtén como destino Brañuelas, pequeno enclave da provincia de León. A dureza do clima e do traballo e a distancia da casa lévano a procurar outras oportunidades.

É así como chega de factor da Renfe á vila da Estrada. O despacho está situado na rúa Capitán Bernal, fronte ao Cuartel da Garda Civil. Alí factúranse miles de camas torneadas de moitas fábricas do concello estradense e de Silleda, e recíbese mercadoría para repartir polos comercios e industrias da vila, de Lalín, Silleda, Vila de Cruces e Agolada. Olimpio reside na pensión “La Paciencia”, da rúa Pérez

Viondi, con magníficos e divertidos compañeiros. E volve atopar a Ana, a moza que o engaiolara anos atrás nunhas festas patronais. Fanse noivos e casan o 21 de xullo de 1955. Aproveitando a vantaxe dos billetes gratuítos en tren, emprenden a lúa de mel, que os levará por León e Valladolid ata San Sebastián, e rematará na Illa de Arousa.

Á volta, o matrimonio establécese en Portodegómez, para atender a nai de Olimpio, gravemente enferma. Isto dificulta os seus desprazamentos ó traballo, que debe facer a diario en bicicleta ou no coche do leite¹. En novembro de 1956 nace a primeira filla, Ana Esmeralda, e en maio de

1957 falece Carmen Caldas, tras unha vida de abnegación e sacrificio. É un momento duro para o matrimonio, que está esperando outro fillo. Os pais de Ana propoñen a súa axuda e Ana Esmeralda vai vivir con eles na Estrada. Novembro de 1957 trae outra meniña ó fogar, M^a del Carmen, na honra da avoa.

Por entón Olimpio, instalado xa na casa da Presiña, sabe da vacante dun posto de recadador do Banco de La Coruña en Cuntis, situado precisamente nos baixos da súa casa. Pide a excedencia na Renfe e a súa situación económica mellora notablemente. Pero o seu carácter, carente por completo do espírito mercantilista, non se adapta en absoluto ó posto de traballo: a escaseza de recursos no



Olimpio Arca foi corresponsal do Banco de La Coruña en Cuntis.

1 Dende as vésperas da voda el ten solicitada, pero aínda non concedida, a casa da Presiña, propiedade da súa nai e alugada dende o ano 36, na que deberá permanecer como mínimo tres anos para poder recuperala definitivamente.



Olimpio (segundo pola esquerda, abaixo), co equipo de fútbol cuntiense.

pobo, que imposibilita a apertura de contas novas, as dificultades dos veciños, que ás veces non son quen de afrontar as letras, os problemas, en fin, que traen consigo as obrigacións de banqueiro cadran mal co seu carácter. Polas tardes dá clases particulares, axudando a Camilo Carballo, na Academia que fundara anos atrás.

Nestes anos hai tamén momentos para o lecer, entre os que se contan os partidos no Campo da Ran de Cuntis, que dirixe o ferrancheiro Xesús Silva, apaixonado do fútbol, e ós que asiste numeroso público. Conséguese incluso pechar unha parte do campo con bloques de cemento, ofrecendo espazo para anuncios publicitarios. Olimpio envía cartas e planos a numerosas empresas para solicitar a súa colaboración. Escribe tamén algún artigo de periódico (en homenaxe a don Aurelio, en 1958, no *Faro de Vigo*) e algún conto (*Cachiño de pan*, en 1959, con ocasión do pasamento dun neno mendigo que pedía polas vivendas de Cuntis un “cachiño de pan”). Como queira que o traballo de banqueiro non é o seu, concluídos os tres anos de permanencia na rúa da Presiña, que lle aseguran a propiedade da casa, decide seguir os consellos do seu gran amigo José Paz

Ameijeiras, Pepe de Xinzo, e presentarse, con moi bo resultado, ás oposicións de maxisterio da provincia de Pontevedra, no ano 1960. A lista de aprobados, na que figuran os nomes dos dous, é publicada no Faro de Vigo o 23 decembro, día do nacemento da súa terceira filla, M^a Jesús.

O labor docente

Os primeiros anos

En febreiro de 1961 Olimpio deixa o seu posto no banco e é nomeado mestre interino no Colexio José Antonio da Estrada, dirixido por don Jaime Aguilar. O seu traslado a A Estrada cumpre o seu dezo de poder criar xuntas ás súas fillas.

En setembro de 1961 é destinado á escola de nenos de Matalobos, situada preto da igrexa á que chega moitas veces a pé. Recorda uns nenos obedientes, cariñosos e ávidos de saber, cos que xoga á pelota nos recreos, no cruce de camiños. Anos despois, un deses alumnos, dono dun restaurante en Vigo, recoñéceo ó ir comer alí, casualmente, con alumnos de Couso e agradécelle o seu labor docente, cousa que o enche de satisfacción. Agradecementos similares repetiránse en moitas ocasións ó longo da súa vida.

Pero o soldo de mestre é cativo para unha familia de cinco persoas, e Olimpio decide abrir con Samuel Santiago e Manolo López a Academia San Paio, na avenida Benito Vigo. Como profesores contratados traballan Manuel Docampo, e dúas licenciadas, Chuca Varela Cives, e Lolita Barja. En dous andares imparten clases de bacharelato, comercio e maxisterio. Todo vai ben.

Por esas datas, sen embargo, a filla pequena vese contaxiada de poliomielite por outra rapaza que incubaba a enfermidade, o que causa un inmenso desgusto na familia e o desvelo por atopar remedio a enfermidade. No curso 1962-63, Olimpio Arca é trasladado á Escola de nenos de Torea, no concello de Muros. A parroquia, de xente boa e xenerosa, no alto do monte, non posúe estrada, nin un só comercio e é de moi difícil acceso; a súa estadía alí será corta, porque a anguria faino volver axiña á Estrada.

Cinco anos en Tui

En 1963 é destinado a outra escola profundamente rural, a de Nenos de Pexegueiro (Tui). O seu sogro, que non desexa un afastamento tan grande, intenta conseguirlle unha permuta, daquela permitida, con don Germán Alejandro, mestre de Couso, próximo á xubilación. Este séntese tentado a aceptala, pero renuncia cando sabe do illamento da parroquia tudense.

En Tui, sen embargo, vai pasar Olimpio algúns dos mellores anos da súa vida. Marcha a primeiros de setembro, e atopa alí ó capitán da Garda Civil, don Federico Ramírez, pai de dúas alumnas súas na Academia da Estrada, co que inicia unha amizade que perdurará durante longos anos.

A unitaria de Pexegueiro, que malia non ter estrada ata ela conta cun acceso xeitoso, está instalada nun piso cheo de buratos, enriba da adega do propietario, o que propicia tres días de vacación no momento de fermentación das uvas, cando o vapor se coa por medio das táboas e enche o local. Conta cunha matrícula de 20 a 25 nenos, de seis a once anos, e moi escaso material escolar. Mentres non atopa piso o mestre vive na casa dunha familia da aldea. Xaquín, o taberneiro, faille un encerado para poder atender os dous grupos nos que divide a clase. Os maiores aproveitan as explicacións de xeometría. Calculan áreas de figuras que representan na eira da escola por medio de pedras. Inventan leiras que hai que medir coa cinta de agrimensurador do mestre, para logo calcular a área da mesma en ferrados, cuncas, cuartillos e tamén en áreas e centiáreas. Cos pequenos practícase a lectura e a escritura. Polas noites o mestre dá clases gratuítas ós mozos que adoitaban estar na taberna, e que amosan un grande interese. Ó final de curso, os maiores obteñen por primeira vez, e con gran satisfacción, o Certificado de Estudos, tras superar un exame escrito na Graduada de Tui. Algúns deles chegarán posteriormente a acadar títulos universitarios.²

En Tui Olimpio goza da amizade dos mestres das parroquias próximas, Juan Vilches, Julio Paredes, Nicolás García e Manolo Rodrí-

2 Moitos anos máis tarde, cando en 2002 se inaugure en Pexegueiro a sé da Asociación Cultural "O Mosteiro" os ex alumnos invitarán ó mestre e á súa compañeira dona Leonor á inauguración do local, nun acto que o encherá de orgullo e agradecemento.



Mestres da zona da Estrada a finais dos anos 60.

guez e da do inspector galeguista don Luis Viñas. Coñece a estradenses afincados na vila e a don Basilio, cóengo da catedral, co que establece unha excelente relación. Cando aluga un piso, encima da Comisaria de Policía e á beira da Catedral, os outros mestres anímanos a dar clases particulares. E o éxito é rotundo. Unha anécdota, baseada na súa aptitude para o cálculo mental, dálle fama en toda a vila. Ante a afluencia de estudantes, contrata para axudarlle a Clara Torres, filla do mestre de Areas, natural de Estacas (Cuntis), e o seu compañeiro Nicolás García. No verán chegan a ter oitenta alumnos diarios, en quendas que van das oito da mañá ás dez da noite, entre eles algúns especialmente queridos, cos que mantén o contacto ata o final, como Daniel Domínguez, *Tito de Areas*. Os nomes de Pepín, Miguel, Anitina, Felisín, M^a Ángeles e os Pipos resoaron sempre na súa memoria.

Para preparar cos alumnos de bacharelato as clases de Ximnasia non dubida en levalos á beira do Miño os domingos pola mañá, provistos dunhas cordas, para subir por elas. As leccións de Ciencias Naturais danse ás veces no Viveiro Forestal de Areas, rico en variedade de plantas. Organiza tamén excursións, unha en 1965 a Santiago con motivo do Ano Santo Compostelán, e outra á Coruña en 1966.

En 1968 concédennlle traslado á Escola Unitaria de Nenos de Couso. Olimpio sente por un lado a alegría de poder reunir a familia (a filla maior segue vivindo cos avós na Estrada) e por outro a tristeza de abandonar unha vila na que é feliz e enormemente apreciado. O cóengo pídelle que non se vaia, porque segundo el “fai aínda moita falta na cidade”, e un industrial amigo, pai de catro alumnos, anímao a pedir unha excedencia temporal, prometéndolle proporcionarlle un local e o material necesario para seguir coas clases de Bacharelato. Pero pesa máis a familia e volve á Estrada.

As reformas académicas: a implantación de 7º e 8º

Cando o ministro Villar Palasí intenta instaurar unha nova lei de educación³, é consciente de que para que a reforma funcione é preciso formar axeitadamente ó profesorado, que vai asumir un ensino impartido ata entón nos Institutos de Bacharelato.

Por iso no curso 1967-68 convoca unhas oposicións entre os mestres en exercicio para participar durante todo o ano nun Curso de Capacitación para asumir os cursos de 7º e 8º de Educación Xeral Básica (EXB). Na área de Ciencias hai 20 prazas para a provincia de Pontevedra, e Olimpio é un dos seleccionados. Cun compañeiro de Silleda, volve á casa a diario. O curso resulta de grande interese polo que nel se aprende, polos compañeiros ós que coñece e pola menor carga de traballo respecto a anos anteriores. Ten ocasión ademais de asistir a un magnífico curso de “Coidadores de asistencia psiquiátrica para nenos discapacitados”, que o leva a coñecer de preto, entre outros, o Colexio de Cegos de Pontevedra e o Aspanex de Betanzos. Ó final de curso, despois dunha rigorosa avaliación, acada o número 1 do grupo de Especialización en Ciencias.

O mestre de Couso (A Estrada)

Este título, que un día lle concederon os seus antigos alumnos, dá fe da importancia que tivo a interacción entre o mestre e a parroquia ó longo de máis de once anos, dende 1968 ata 1980.

3 *A Ley 14/1970, de 4 de agosto, general de educación y financiamiento de la reforma educativa*, que dividirá o Ensino Xeral Básico en dúas etapas, a segunda das cales acollerá ó alumnado de dez a trece anos.

Cando chega Olimpio en 1968 a escola de nenos, á beira do campo da festa, áchase nun local cultural, doado para a parroquia por un emigrante en Arxentina, o señor Cerviño. Ten moitas ventás, bancos de catro ou cinco prazas comidos pola couza, unha estufa de leña e escaso material pedagóxico. Conta cunha matrícula de 23 rapaces. A das nenas sitúase a uns cincocentos metros, preto da igrexa, malia estar xa construídas as novas escolas, coas casas dos mestres, a escasos metros da dos nenos. A falta de dotación tiña impedido a súa entrada en funcionamento.

O mestre vai falar co alcalde, don Mario Blanco Fuentes, e axiliza os trámites. Emprende xunto cos veciños a limpeza da matogueira que rodea a escola e comeza tamén coa axuda dos nenos a construír un xardín, establecendo entre eles unha competencia sa, para ver quen fai máis e mellor. Pronto aparecen no muro que rodea a escola as imaxes de Bambi, os Picapiedra, Dumbo, etc. e sinais de tráfico nas distintas parcelas, así coma un monumento ó progreso. Para fertilizar o chan aprovéitase o material (silvas, fentos) procedente da limpeza das cunetas. Escriben ás entidades bancarias solicitando axuda, e cando o alumno Manuel Puente acada un premio de redacción da Caja de Ahorro Municipal de Vigo e os xefes da entidade se achegan a Couso a entregarllo, a escola recibe tamén un parque infantil con bambáns, bancos, e unha ponte semiesférica doados pola mesma entidade. A Caja de Ahorro de Pontevedra dalles o tobogán.

Ó mesmo tempo estase facendo a concentración parcelaria na parroquia e mestre e veciños inician o acondicionamento do entorno da escola vella, a pista de xogos e o campo da festa. Un pai de alumnos, José Cerviño, regala unhas canastras de baloncesto, e así comeza na escola a afección a este deporte. O concello tamén axuda, e cede os farois retirados da Avenida de Benito Vigo para iluminar a pista en construción, o mellor revulsivo para continuar coa obra. E o boticario de Ponte Veá, don Ignacio Varela, doa unha leira situada detrás da escola vella, que se reenche coa grava que sobra na canteira do señor Codesido. O alcalde, don José Fernández Novoa, proporciona uns sacos de cemento. En xornadas de sábados pola tarde e domingos ciméntase a pista que servirá logo para as festas da parroquia e para a cancha de baloncesto e tenis. O conxunto é tan

fermoso que a familia Dorelle de Santo André regala para o xardín o pé e a capa dun muíño. E os veciños deciden ir ó Monte Lapido para traer dúas grandes rochas que dan testemuño, na entrada, do poder dunha parroquia unida.

Pero o xardín precisa auga e o pozo cavado non dá resultado. Os veciños únense de novo para realizar a traída de augas, dende unha distancia de quilómetro e medio. Van buscar buxos a Santa Cristina e nenos e maiores plantan as mellores roseiras das súas casas. O xardín está listo para presentar a escola ó *Premio Mantenga Limpia España*.

Os agrupamentos

Unha vez instalados no novo edificio, Olimpio proponlle á mestra dona Higinia Bouzas converter as escolas en mixtas, para optimizar a atención ó alumnado. Ela teme a reacción da Inspección. O mestre fala co Inspector e este, que comprende a súa posición, non o autoriza oficialmente, pero permite levar a cabo o agrupamento solicitado.

Dona Higinia decide quedar cos alumnos máis novos, Olimpio ocúpase dos maiores, e segue formándose, desta volta cun cursiño de Matemática Moderna. No terceiro ciclo atópanse rapaces moi intelixentes, ós que lles propón intentar obter unha beca para facer o Bacharelato. Fala cos pais de catro deles, ofrecéndose a darlles clase de xeito completamente gratuíto na escola. Os catro preparan por libre o Primeiro ano de Bacharelato e aproban, pero a puntuación non é suficiente para alcanzar a beca, de modo que continúan un ano máis na escola, estudando con maior esixencia, e gañan a bolsa. Entran en Terceiro no Instituto da Estrada. Pero como viven lonxe, teñen que xantar na vila; antes das clases da tarde refúxianse na aula na que Olimpio dá clases particulares e alí, protexidos do frío no inverno, acláralles algunhas dúbidas.

Na casa do mestre acaba de nacer, en xaneiro de 1970, o ansiado neno, que levará os nomes de Olimpio (por razóns obvias) e Pelayo na honra do patrón da vila que, nun tempo no que as ecografías non existen, ten fama de favorecer a descendencia masculina nas familias da vila.



O alcalde estradense, Mario Blanco, e autoridades provinciais, entregan o premio Mantenga Limpia España na escola de Couso.

Na primavera dese ano chega a noticia da concesión do Premio Provincial do Concurso “Mantenga Limpia España” consistente nunha colección de libros para a escola, e unha viaxe para o mestre e dous alumnos a A Manga do Mar Menor, aloxándose nos mellores hoteis e Paradores Nacionais. Un sorteo en Televisión Española decide que os afortunados sexan J. Manuel Reyes e J. Antonio Iglesias (Balu). A viaxe comeza a mediados de novembro, en tren de Vigo ata Madrid, para percorrer logo en autobús Madrid, Murcia, Cartagena, a Manga do Mar Menor, San Javier, San Pedro del Pinatar, e Albacete, dende onde se regresa a Madrid. No alegre autobús viaxan rapaces e rapazas premiados doutras escolas, rurais en moitos casos, das provincias de Teruel, Valladolid, Soria, Madrid, Girona e Palencia cos seus mestres. O recordo é inesquecible, con experiencias únicas para aqueles nenos e nenas que apenas teñen saído das súas casas en viaxes de varios días. As excursións dunha soa xornada eran, sen embargo, práctica habitual na Escola de Couso e permitían a observación directa da realidade paisaxística e monumental galega, constituíndo outra das constantes na aprendizaxe daquela escola.

1971 é o ano no que Arca escribe *Os Reis do Panchiño*, unha obra teatral estreada na escola de Couso no Nadal de 1971, cun excepcional elenco escolar que obtén o II Premio na categoría infantil do “Certamen de experiencias teatrales para la juventud” de 1972, convocado pola Delegación Provincial de la Juventud de Pontevedra. O texto preséntase en 1973 ao concurso de teatro infantil convocado pola coruñesa Asociación Cultural O Facho. O xurado, que integran entre outros Rafael Dieste, Ramón Piñeiro e Valentín Arias, elixe como gañadora “As Laranxas máis laranxas de todas as laranxas”, de Carlos Casares, e recomenda a publicación da obra de Arca Caldas, que non chegaría a saír do prelo ata o ano 2002, da man de Edicións Fervenza. Ese mesmo ano de 1971 o docente é premiado pola Deputación de Pontevedra con cinco mil pesetas no Día do Mestre.

Continúa o labor colectivo, esta vez para realizar unha carroza que representando o Coto de Couso, cun río de augas cristalinas en movemento, gaña o Primeiro Premio do concurso nas Festas Patronais da Estrada. A escola acada un premio de vinte e cinco mil pesetas no concurso de Embellecimiento de Pueblos patrocinado pola Caja de Ahorros Municipal de Vigo, no apartado de “Escuela más limpia y cuidada”.

Por outra banda, con motivo da celebración do Día de Galicia no mes de abril⁴, Olimpio convoca ós mestres e rapaces do entorno de Oca e de Veá a unha celebración conxunta no Pazo de Oca, á que acoden uns 400 alumnos de 20 escolas. A festividade inclúe unha misa no patio do pazo, a actuación do coro das escolas de Ancorados e a visita dos xardíns e do interior do pazo. A comida de mestres e alumnos dentro dos xardíns, ó fondo do Paseo dos Tileiros, constitúe un verdadeiro acto de irmandade entre as distintas escolas.

A segunda etapa

No curso 1971-72 comeza o desenvolvemento da Segunda Etapa da Educación Xeral Básica nas Escolas Unitarias do Val de Veá, acabadas de estrear. Pero Olimpio, que ve aproximarse a implantación de 7º e 8º, segue pensando en optimizar os recursos dos que dispoñen,

4 O Día de Galicia celébrase oficialmente o 25 de Xullo a partir do decreto de la Junta de Galicia de 1 de xaneiro de 1979.



Olimpio, cos alumnos da segunda etapa en Couso, en 1972.

agrupando ó alumnado do Segundo Ciclo. Como a construción dun grupo escolar non aparece no horizonte, fala co mestre de San Xiao de Veá, don Manuel Villar Paramá, bo amigo seu, e transmítelle as súas inquedanzas. Ámbolos dous acordan convocar unha xuntanza cos outros docentes do Val de Veá para coñecer a matrícula de cada escola. Expóñenlles o motivo da reunión, estudan a implantación da segunda etapa e resolven que os nenos e nenas de Primeiro Ciclo de San Xiao e Couso, menos de trinta en cada caso, queden a cargo das mestras das nenas, dona Amalia Torres, e dona Higinia Bouzas. Don Manuel Villar pasará a encargarse da área de Letras na agrupación de Couso, e Olimpio Arca asumirá a de Ciencias. Comunican estes acordos á Inspectora que os acepta moi compracida, posto que lle resolven un futuro problema⁵.

Queda por arranxar o tema do transporte do alumnado. Reúnen-se os pais, e deciden asumir o custe do desprazamento en tanto non

5 Posteriormente incorporáronse tamén ó equipo docente mestres e mestras como Mercedes López-Hidalgo, Concepción Seoane, José Villaverde, Antonia Rúa, Carmen Aldrey, Virtudes Andión, David Otero, Pilar Veiga, Antonio Espinosa, e outros.

se resolve a solicitude de axuda que van presentar na Delegación de Educación de Pontevedra, a cal acepta, tres meses despois, pagar os desprazamentos. Para reducir gastos implántase a xornada continua. A empresa Tanoira, que oferta o mellor prezo, é a adxudicataria do servizo de transporte.

Ó final do curso escolar, en xuño de 1972, presentan nas Festas Patronais da Estrada unha fermosa carroza infantil que leva por título “Nuestro Mundo” e que acada de novo o primeiro premio do concurso. Dous cisnes rodean un globo terráqueo representando o mundo infantil, que xira ó revés e do que saen pombas brancas, mentres grupos de nenos acompañan ás deusas da Xustiza, a Paz, a Fraternidade e o Amor. Tiran de todo o conxunto rapaces e rapazas con bandeiras de todos os países.

No curso 1972-73 comeza Sétimo e é preciso aumentar unha aula. Decídese entón dividir o local da escola vella en dous, utilizando os mostradores que usan os veciños para montar a cantina o día da festa. Non é a solución ideal, pero co esforzo de todos o curso sae adiante.

Para o ano seguinte haberá que dispor dunha aula máis. Contiguo á escola vella hai un alpendre feito no momento de arranxar a pista e os xardíns. Reúnense de novo os pais para conseguir pechalo e convertelo na aula de Oitavo. Cada unha das 73 familias de escolares aporta 500 pesetas, a Agrupación os cartos que ten gañado cos distintos premios, e o Concello bovedillas e cemento. O traballo dos pais, e en especial de José Cerviño, que regala as ventás e o traballo dos seus obreiros, é notorio. A empresa Dalarjo dona os remanentes de baldosas, que os alumnos combinan de xeito artístico no exterior para ilas pasando logo unha a unha á aula onde están os albaneis. O resultado é espectacular e á inauguración asiste o delegado provincial de Educación, asombrado ó coñecer o reducido custo da obra grazas á implicación veciñal.

No eido etnográfico, o Museo de Pontevedra convoca por primeira vez os premios “Conocimiento de la Provincia 1973”, ós que as escolas nas que Olimpio traballa se presentarán ó longo de toda a súa traxectoria docente. Mestre e alumnos comezan a estudar os cruceiros da Estrada e os hórreos do Val de Veá; os traballos realiza-



As coidadas carrozas de Couso acadaron varios premios na Estrada.

dos recibirán cadanseu primeiro premio. En teatro presentan unha lectura teatral, *Ahmal y los visitantes nocturnos* de G.C. Monetti. Acadan tamén tres premios de redacción, no concurso convocado por Almacenes El Pilar de Santiago. Olimpio Arca obtén tamén o Premio Luis M^a Sobredo, a título individual.

A parroquia e a escola participan nas Festas Patronais da Estrada en 1973 cunha fermosa carroza que representa o Pazo de Oca a finais do século XIX. Os traxes de época alúganse na Xastrería Cornejo de Madrid e conseguen, outra volta, o primeiro premio.

A cuestión do bilingüismo interesa profundamente ó mestre, que neste ano 73 asiste ás *Primeiras Xornadas de Bilingüismo* celebradas na Universidade de Santiago, ás que acoden tamén Ricardo Carballo Calero, Ramón Lorenzo, Constantino García, todos eles profesores da Universidade Compostelá, Filgueira Valverde e Valentín Arias. No curso 1974-1975 participa durante quince días na Universidade Autónoma de Barcelona nun interesante congreso sobre o bilingüismo e a súa proxección no ensino, no que intervén como poñente o profesor Guillermo Rojo. E faino tamén nas “II Jornadas de trabajo

sobre bilingüismo” convocadas pola Universidade compostelá, na que en 1977 realiza un curso de Creatividade no Bilingüismo.

No ámbito familiar, en novembro de 1973 nace a filla pequena de Olimpio e Ana, que levará o nome de Mónica.

En 1974 a Agrupación Escolar de Couso continúa facendo teatro, estudando o entorno, e gañando premios. O mestre asiste ó cursiño “Teatro Escolar” convocado pola UNED. E presenta en Pontevedra un mimo de creación propia no que interveñen os setenta e dous rapaces matriculados na escola; leva por título *Y el equilibrio se impuso* e pon en escena a acción devastadora do home sobre a Natureza. Gañan o segundo premio de mimo, tras o Colexio Santiago Apóstol de Vigo e levan a representación a Pontevedra e a Vigo. Con motivo do Día da Árbore Olimpio escribe a súa segunda obra teatral, *Pelexa no Souto*, conflito entre un castiñeiro e un eucalipto, que testemuña unha vez máis a súa preocupación pola protección do entorno, e que é representada polo alumnado da escola⁶. A Xefatura Provincial do Movemento outórgalles o “Premio a la escuela mejor cuidada”. Ademais diversos alumnos e a agrupación escolar no seu conxunto son premiados no concurso literario “Manuel García Barros” celebrado na Estrada en 1974.

Durante o curso 1974-75 estudan os cruceiros da Estrada, e acadan o primeiro premio do concurso “Conocimiento de la Provincia”, do Museo de Pontevedra. En 1975 unha alumna logra o I Premio Nacional de redacción convocado polo “Centro Cultural Pineda” de Hospitalet de Llobregat. Olimpio escribe *Hoxe naceu un neno e Nós e as árbores*. A finais de curso a Delegación Provincial de Familia, a proposta do gabinete Anaya, concédelle o premio “Maestro Representativo de la Provincia”.

No ano 1976 a escola de Couso continúa recollendo premios literarios e de etnografía. En efecto, o Colexio Nacional Couceiro Freijomil de Pontedeume (A Coruña) convoca, a nivel galego, un

6 Esta peza que inaugurará a Colección *A Pinguela* de Teatro Escolar na Editorial Fervenza, no ano 2001, será posta en escena posteriormente en numerosas ocasións, e non só por nenos, senón tamén polas persoas da Residencia Municipal de Maiores de Vila de Cruces (ano 2008). Representase ademais no Instituto da Xunqueira de Pontevedra, dúas veces na aula de Formación Profesional da Estrada, no Coliseo Noela de Noia, e en diversos teleclubs e vilas onde a levan o Plantel de Extensión Agraria ou o grupo teatral Os Lóstregos, que Olimpio dirixe, con ex alumnos no primeiro caso e con rapaces de Tabeirós no segundo.

concurso literario nas modalidades de Verso e Prosa, ó que se presentan con notable éxito: en verso acadan un primeiro premio na categoría B e un segundo na categoría A, e reciben un accésit en prosa. Obteñen tamén un premio nacional no concurso literario “El Príncipe de España”, convocado pola Delegación de la Juventud. Por outra banda o Museo de Pontevedra outórgalles dous segundos premios por novos traballos sobre castros e cruceiros estradenses, e un terceiro por un estudo dos cruceiros de Cuntis.

O nivel do alumnado que provén da Agrupación Escolar de Couso cando chega ó Instituto estradense é tal que algúns profesores de ensino secundario manifestan querer enviar ós seus fillos á “Universidade de Couso”.

No verán de 1976 Olimpio é nomeado membro do Tribunal de Oposicións para o ingreso no Corpo de Mestres a celebrar en Pontevedra. Numerosas son as persoas que se achegan á súa casa para solicitar a súa axuda; e a resposta do mestre é sempre a mesma: “Perde coidado, que se o fas ben, eu heite apoiar; se non non poderei botarche unha man. Por iso, sexa cal sexa o resultado, será o que ti obteñas, a min non me deberás nada”. Os opositores aprobados, agradecidos a un tribunal honesto, reúnense todos os anos dende entón nunha comida de confraternidade cos membros do tribunal. A última na que participa Olimpio ten lugar en 2013, e no transcurso da mesma os opositores réndenlle unha emotiva homenaxe.

O 27 de novembro de 1977, festividade de San Xosé de Calasanz, patrón dos Mestres, o Rei de España concede a Arca Caldas a Cruz de Alfonso X El Sabio, en recoñecemento ós seus méritos docentes. A insignia que o acredita como tal seralle entregada a primeiros de xuño do ano seguinte. A finais de maio alumnos e profesores preparan unha gran festa. Pero a alegría tórnase en desolación dous días antes do evento, polo falecemento inesperado do mestre e inseparable amigo don Manuel Villar, cando están xa ultimando os preparativos. O acto será posposto.

A entrega oficial da condecoración ten lugar o 28 de xuño de 1978. Preside o acto o Delegado Provincial de Educación, don Aniceto Núñez, actúa o coro do Colexio Domingo Fontán de Portas, e falan, entre outros, don Manuel Reimóndez Portela e representantes

dos ex alumnos de Pexegueiro e Tui. Asisten tamén veciños de Cuntis e familias enteiras do Val de Veá, nun número que a prensa cifra en mil persoas. Son numerosas ademais as adhesións individuais e colectivas á homenaxe.

Un novo colexio no Souto de Veá

En 1980 abre as súas portas o novo Colexio do Souto de Veá, que acolle a alumnado de todo o Val de Veá, baixo a dirección do mestre don David Couceiro. Nas instalacións de Couso permanecen os alumnos de cuarto e quinto, que pasarán ó novo colexio cando se descarte a posta en funcionamento do comedor escolar, o que permitirá transformar esas dependencias en aulas; as parroquias con matrícula suficiente conservan as unitarias cos picariños. A instancias do crego don Xesús Brenlla, persoa fundamental no desenvolvemento da parroquia de San Xiao, solicítase para o novo grupo escolar o nome de “Manuel Villar Paramá”. A denominación é aceptada un ano despois enchendo de satisfacción á comunidade escolar e parroquial.

O alumnado segue representando obras de teatro escritas por Olimpio Arca como *Os Reis do Panchiño* e *Hoxe naceu un neno* nas igrexas do Val de Veá. Participan ademais na V Competición de Actividades Extraescolares, de Radio Nacional de España na que obteñen un accésit.

No eido etnográfico o Colexio preséntase en Pontevedra no curso 1981-82 ós premios “Alfredo García Alén”⁷ do Museo de Pontevedra, e reciben dous primeiros premios, polos traballos “Cruceiros, petos, cruces de A Estrada” e “O Antroido”.

E Olimpio continua facendo teatro tamén cos alumnos que xa saíron da escola, acolléndose á modalidade dos Planteis de Extensión Agraria. Con eles participa en numerosas semanas culturais dos teleclubs de diversas parroquias da Estrada, Lalín, Silleda, Agolada e Teo ás que acoden tamén a miúdo os grupos de teatro da escola, entre 1974 e 1979. Nestas xuntanzas o mestre pronuncia múltiples conferencias sobre temas relacionados coa ensinanza.

7 Os premios “Conocimiento de la Provincia” pasan a chamarse a partir de 1981 “Premios Alfredo García Alén” en memoria de quen fora secretario e director adxunto do Museo, sempre empeñado na tarefa de fomentar nos escolares o gusto pola Antropoloxía Cultural.

Traslado a Figueiroa

No curso 1982-1983 Olimpio incorpórase ó Colexio de Figueiroa, dirixido nese momento polo mestre lucense José Gazol quen, tras obter o traslado a Lugo, é substituído por Baldomero Rancaño. Este, á súa vez, cederá o cargo a Arca Caldas no curso 1984-1985.

No novo centro Olimpio continúa traballando infatigablemente no amplo abano de temas tradicionais nel, que van da etnografía á protección do medio ambiente, pasando polo teatro, o fomento da lectura e as excursións. E aínda ten tempo para colaborar a nivel persoal na elaboración dos programas de Lingua Galega para o Ensino Básico)⁸ e para participar no programa radiofónico “Galicia máis cerca” de Radio Gramenet, en 1986.

No eido etnográfico, por exemplo, en 1984 a Xunta de Galicia convoca un concurso a nivel de Comunidade Autónoma, e o traballo *Castros da Estrada* presentado polo mestre e os seus alumnos obtén o primeiro premio. Conseguen tamén un accésit por “Montes de A Estrada” no concurso García Alén dese mesmo ano.

En 1985 Arca Caldas é poñente no *I Congreso Europeo del Hórrero*, celebrado en Santiago de Compostela; ese mesmo ano o centro recibe un novo primeiro premio García Alén no capítulo Festas do Calendario co “Entroido na Ulla”, pois numeroso alumnado de Figueiroa procede de parroquias de fonda tradición carnavalesca. Unindo a praxe ó estudo teórico, ó ano seguinte, profesores e alumnos, sen regatear horas extra, organizan uns carnavais escolares, coas súas coplas e as súas carrozas, que chaman poderosamente a atención no desfile polas rúas da Estrada. Parte deste traballo, que consolida a unión do Claustro, é remitido ó Museo de Pontevedra co título “Carnavais infantís 85” e obtén o primeiro premio García Alén 1986, de novo no apartado “Una fiesta del Calendario”.

En 1989 logran unha “Mención especial” na IV Campaña de fomento da lectura, convocada pola Consellería de Cultura.

Por outra banda, no capítulo de protección da natureza, a Festa da Árbore é sempre motivo de traballos extraescolares, cunha importante participación. No ano 1991 logran o Premio da Comunidade Autónoma no concurso “Premios Escuela y Naturaleza”, con-

8 Aprobados no DOGA de 12 e 17 de agosto de 1983.

vocados polo Ministerio de Educación e Ciencia. A dotación do mesmo invístese na construción dun viveiro forestal na escola. E en 1992 o traballo “Saúde e Benestar” gaña o Premio Provincial no concurso “Os nenos co medio ambiente”, convocado polo Programa “Boa Saúde” da Televisión de Galicia.

No que se refire ó teatro, en 1986 Olimpio escribe a obra para monicreques *Soprar a tempo*, para a mestra do Colexio Emilia Arca, á que seguirán en 1990 *O enfermo 4M*, e en 1993 *Conversas coa Nobre Dama*⁹. Esta obra é representada polo alumnado de Figueiroa nas instalacións da Universidade Complutense de Madrid, con motivo da excursión de fin de curso e recibe os parabéns de todos os asistentes.

Como di Mario Touceda no prólogo á edición desta obra:

A visión desa escola diferente, lúdica, aberta e participativa da que tanto hoxe se fala, sempre estivo presente na vida profesional do autor destes diálogos, o mestre, D. Olimpio Arca, que considerou o Teatro Escolar como un instrumento pedagóxico máis e como vehículo de dinamización cultural na propia escola, na procura dunha plena e integral formación dos seus alumnos

Durante todos estes anos o equipo docente organiza excursións escolares de carácter cultural, que presentan un itinerario case inmutable (León, as covas de Valporquero, Salamanca, Toledo, Aranjuez, e regreso por Madrid e Segovia)¹⁰, nas que Olimpio participa como “xefe da expedición”¹¹. As anécdotas destas viaxes son innumerables.

Finalmente en xuño de 1993 a Olimpio Arca Caldas chégalle a hora da xubilación. E o acto de despedida da función docente é un momento de verdadeiro xúbilo. Tralo xantar cos compañeiros, que o agasallan cunha coidada compilación de todos os seus traballos literarios, ten lugar no Teatro Principal da Estrada, ateigado de público, un festival no que participan alumnado, profesorado e decenas de pais. Representacións teatrais, xogos e música rematan coa interpretación da canción “Amigos para Siempre” que arrinca máis dunha bágoa.

9 Editada polo Concello de Cuntis en 1999, ano no que se dedica o Día das Letras Galegas ó poeta local R. Blanco Torres .

10 Cando varios anos despois da xubilación dirixe o grupo teatral Os Lóstregos de Tabeirós realizará tamén con eles unha excursión similar, que inclúe León e as covas de Valporquero e remata en Oviedo.

11 Incluso ó ano seguinte á xubilación é invitado como guía á excursión de oitavo.

As homenaxes ó mestre sucédense ó longo de varios meses. No mesmo mes de xuño, o Museo de Pontevedra outórgalle o premio honorífico “Mestre Exemplar”, pola súa asiduidade na presentación de coidados traballos escolares nos distintos concursos convocados pola entidade provincial. En setembro a Asociación “Fillos e Amigos da Estrada” e os veciños de Cuntis organizan un xantar no estradense Hotel Milano, ó que asisten familias e ex alumnos de Tui, Veá, Cuntis e A Estrada, o Claustro do Colexio de Figueroa, e a directiva da Asociación.

Algunhas semanas máis tarde o alumnado de Couso prepara en honor do seu mestre unha gran festa. Ó xantar de confraternidade segue a representación da obra *Os reis do Panchiño* polo mesmo elenco de actores que a puxera en escena en 1972. A emoción é fonda en todos os asistentes, xa que os organizadores non deixan ningún cabo solto e incluso comprometen a un veciño que representa a Olimpio como director teatral. Entre os asistentes atópase a súa primeira compañeira en Couso, dona Higinia Bouzas, así como numerosos alumnos que viven fóra.

Tras a xubilación

Contrariamente ó que se podía pensar, Olimpio non se aburre tras a xubilación. Inverte, simplemente, o seu tempo doutro xeito. Continúa escribindo obras teatrais, e convértese no cronista dos seus dous pobos, Cuntis e A Estrada, tirando do esquecemento personaxes sobranceiros descoñecidos para a maioría dos veciños.

E así en 1993 rende homenaxe ós *Mestres Estradenses que fixeron Escola*, breve biografía dunha ducia de docentes exemplares, nove mulleres e tres homes, que naceran e exerceran o seu labor na Estrada. Todos eles, segundo a parroquia e os seus alumnos, distinguíranse nos seus traballos á fronte das súas escolas. Eran mestres que, como di unha canción francesa, “lonxe dos fermosos discursos e das grandes teorías, na súa tarefa cotiá, cambiaban a vida”¹² do alumnado que lles era confiado. O seu labor superaba con creces as horas e

12 J.J. Goldman, “Il changeait la vie”. A cita, un pouco máis longa, di: Era un profesor, un simple profesor, que pensaba que o saber era un gran tesouro, que todos os ninguén non tiñan para saír da súa situación máis que a escola e o dereito que cada quen ten á instrución. E lonxe .»

as obrigas do cargo, e moitos anos despois os seus alumnos seguían gardando un recordo indeleble dos mesmos.

A finais do mesmo 1993, e a proposta do presidente do Recreo Cultural, Alfonso Vázquez Moares, escribe a historia desa institución, cuxo centenario se celebraría ó ano seguinte. Para obter información complementaria á pouca que se gardaba nos arquivos, relativa a eleccións das distintas Xuntas Directivas e algunhas circunstancias de escasa relevancia, bota man de acontecementos da vida do concello, extraídos das actas das sesións municipais, e así sae do prelo a *Memoria Histórica do Recreo Cultural*, que é moi ben acollida polo público.

O delegado do xornal *La Voz de Galicia* en Deza e Tabeirós, Martín Fernández Vizoso, invítao meses despois a escribir os avatares, historia e transformación das rúas estradenses, para publicalas os domingos en forma de crónicas semanais. Olimpio recorre de novo ás actas municipais, a partir do ano 1840, e vai debullando en *La Voz* o perfil das principais rúas estradenses. Algúns lectores dedícanse a colleccionalas e a outros gustaríalles velas reunidas nun libro co que poder agasallar ós parentes que viven no estranxeiro. Diante desas solicitudes, o mestre completa a información e saca do prelo en 1995 o volume *Callejero histórico de la villa de A Estrada*.

Por outra parte, ampliando estudos feitos cos seus alumnos, presenta na Deputación de Pontevedra un compendio do tema do Carnaval, con fotos ilustrativas de desfiles de carrozas e actuacións dos Xenerais da Ulla. O traballo é seleccionado pola Deputación, que o publica en 1995 baixo o título *O Entroido no Ulla*.

O *Callejero* dalle a Arca Caldas a ocasión de coñecer a vida e obra de personaxes ilustres da vila, merecentes de legar o seu nome a unha rúa. E algúns deles chaman poderosamente a súa atención. Tal é o caso de Waldo Álvarez Insua, estradense emigrado en Cuba, escritor e fundador do xornal *El Eco de Galicia*, promotor entusiasta do Centro Gallego de La Habana. Escribe, pois, a súa biografía, nun libro que titula *W. Álvarez Insua, estradense, emigrante e escritor*, editado pola Asociación de Fillos e Amigos da Estrada en 1997. Á presentación da obra acode un sobriño-neto do homenaxeado, que lle expresa os seus parabéns.

Pero o capítulo dos emigrantes ilustres é extenso. Olimpio non pode esquecer a Ramón Vereá García, librepensador, inventor dunha máquina de cálculo e a Bernardo Rodríguez Ribeira, escritor e colaborador de diversos xornais, natural de San Xiao de Veá, emigrante en Arxentina¹³ As biografías destes *Emigrantes sobranceiros* foron editadas como publicación venal pola Caixa de Aforros de Pontevedra en 1998. No ano 2009, amplía a obra sobre Vereá, ante a homenaxe que o Foro Peinador dedica ao inventor estradense en outubro dese ano, coa descuberta do seu busto no exterior da igrexa de Curantes.

A estas biografías seguirán en anos sucesivos o recordo dos Canteiros de Cuntis, Márgara, Manuel Bergueiro López, Mary Isaura, Manuel Reimóndez Portela, Alberto Gómez Reimóndez, Serafín Pazo Cumbraos e Ramiro Ciorraga Soto. Completaranse cun incontable número de evocacións de persoas entrañables, próximas ou famosas, da vida estradense ou de Cuntis, ás que Olimpio honra con ocasión dalgún acontecemento festivo ou lembra nunha sentida necrolóxica canda o seu pasamento. Algunhas destas biografías non transcenden apenas o ámbito estritamente familiar, como é o caso de Márgara e outras dan pé a innumerables actividades paralelas, obras de teatro, conferencias, que enchen a vida de Olimpio durante moitos anos. Moitas van tecendo complicidades coas familias dos personaxes estudados, algúns dos cales coñecen o seu antepasado por este medio. Outras acercan o vello mestre ós seus colaboradores, e algunhas alivian un chisco a dor da perda dun ser querido en plena xuventude ó espallar o seu nome. Cada unha destas historias responde a unha causa concreta.

*Canteiros de Cuntis*¹⁴, por exemplo, pretende axudar a sufragar os gastos do Monumento ós Canteiros, encargado ó escultor de Troáns Magín Picallo polo Concello de Cuntis, despois de que Arca reclamara no Pregón das Festas Patronais pronunciado en 1984 o recoñecemento deses mestres artesáns que levaron polo mundo o nome

13 De Bernardo escribirá algúns anos máis tarde unha biografía máis completa: Bernardo Rodríguez Ribeira, publicada pola Fundación Cultural da Estrada. Ademais consegue que a Fundación lle dedique un ano cultural. Unha neta do homenaxeado, residente en Madrid, ven coñecer a terra do seu avó.

14 Caixavigo-Concello de Cuntis, 1998

de Cuntis traballando a pedra. E, en efecto, o libro recolle as glorias e desventuras dos máis coñecidos, xentes honradas e traballadoras, donas dunha xerga propia –o latín dos canteiros– e cuxo traballo excede os límites da Península Ibérica. O libro, moi ben acollido, cumpre a finalidade que lle fora destinada. Anos despois, en 2003, gabará tamén o recordo doutros importantes colectivos de Cuntis, músicos, costureiras, galiñeiras e familias do Baño, nun libro titulado “Cuntis no recordo” que o transporta á súa infancia.

En 1998, lendo o xornal *El Emigrado* Olimpio atopa un sobrenome que o intriga, Márgara. As pescudas lévano á casa do seu amigo o mestre Serafín Rodríguez Armadáns, quen lle revela a verdadeira historia de Márgara, María Luisa Armadáns García, a súa nai, enfermeira na fronte durante a Guerra Civil e autora dunha novela inédita, *El sarcasmo de la dicha* (1924) e doutros artigos da época da guerra. Por expreso desexo da familia só publica unha pequena biografía no xornal *Tabeirós Terra*, no que Olimpio colabora con asiduidade, ao igual que en Radio Estrada (a partir de setembro de 2010).

En 1999 o centenario do nacemento de Manuel Bergueiro López, mestre e escritor estradense nado en Tabeirós, propicia a escrita dunha pequena biografía por parte de Olimpio e a recomendación de pór unha placa conmemorativa na súa casa natal. Presentado o libro *Manuel Bergueiro López, Xente na Memoria*¹⁵ e descuberta a placa na súa casa natal, Arca Caldas xunta ós rapaces daquela parroquia para representar con eles a obra de Bergueiro *Ollo cos estudantes*. A actuación é un éxito e os mozos, entusiasmados, amosan o seu desexo de formar un grupo de teatro. Co nome de “Os lóstregos de Tabeirós” poñen en escena diversas pezas de Arca Caldas: *Os Reis do Panchiño*, *Pelexa no Souto*, *Conversas coa nobre dama*, en Cuntis, Forcarei, Silleda e A Estrada. A experiencia dura tres anos e medio, ata que os estudos dispersan os actores por diferentes vilas.

De novo o xornal *El Emigrado* esperta a curiosidade de Arca, desta volta con novas dunha artista estradense, Mary Isaura. Vai procurando datos e compón unha biografía desta gran tiple que chegou a cantar opereta, baixo a dirección de Amadeo Vives, nos mellores escenarios de Madrid, Barcelona, Bos Aires, Montevideo e La Ha-

15 Museo do Pobo Estradense, 1998.

vana, e á que case ninguén coñece na Estrada. A presentación nos salóns do Recreo Cultural do libro *Unha voz ... Mary Isaura*, editado pola Asociación Fillos e Amigos da Estrada, resulta espectacular, xa que o director da Banda de Música e da Coral Polifónica Estradense, Xabier Comesaña, preparara con dous cantantes unha pasaxe de *Doña Francisquita* que fai as delicias do público.

En 2004, con motivo do Ano Cultural que o Concello dedica a Manuel Reimóndez Portela, Olimpio publica unha completa biografía de quen fora o seu amigo, ilustrada con fotografías que lle proporciona a familia. A obra é editada pola Xunta de Galicia na serie “Persoeiros Galegos”.

O capítulo de biografías continúa en 2006 coa referida a Alberto Gómez Reimóndez, avogado estradense morto prematuramente deixando tras de si ensaios xurídicos, numerosos artigos xornalísticos, poesías e dúas novelas. Pola súa banda, o médico Serafín Pazo Cumbras será protagonista doutra pequena biografía en 2007, no centenario do seu falecemento. O erudito párroco estradense Manuel Castiñeira e Olimpio Arca escribirán en 2008 unha lembranza do cóengo Ramiro Ciorraga Soto, que será presentada en decembro dese ano por Olimpio e Benigna Castiñeira, pouco despois do falecemento do recordado crego.

El Emigrado revélase como unha auténtica mina de información para Arca Caldas. Nel descobre unha festa escolar que os mestres das parroquias de Curantes, Rubín, Olives, Pardemarín e Lamas facían a final de curso, na carballeira dos Pereiriños, entre 1916 e 1931 por mandato dos emigrantes estradenses que financiaron a construción das escolas. Coa axuda inestimable de Marisé García, unha activa muller casada cun veciño da parroquia, que lle procura datos e fotos, publica o libro *Certame escolar dos Pereiriños*, editado pola Consellería de Educación no ano 2000. O libro supón a recuperación da festa por parte do Colexio do Foxo.

Tras *Canteiros de Cuntis*, escrito uns anos antes Arca Caldas céntrase de novo no seu concello natal. *Cuntis no recordo* (2003) recolle lembranzas dos músicos que na súa xuventude constituíran as bandas de A Bragaña e Municipal de Cuntis, baixo as batutas de Tomas Beteta e Higinio Cambeses respectivamente, das orquestras



Arca, na presentación dunha das súas obras publicada por Editorial Fervenza.

como *Los Cunter's*, e doutras xentes da vila: costureiras, galiñeiras e familias do Baño.

Nese mesmo ano 2003, Xosé Luna fai unha escolma de contos de Arca Caldas e publica *O Tren*, que reúne o relato que lle dá título, *Iopa Rei*, *Andoriña de Outono* (dedicado ó seu mestre don Aurelio) e *Mágoa dunha serea*, en lembranza do seu primo Ramón Ferreiro; séguelle ó ano seguinte un libriño para ser completado polos nenos, *O grilo grileiro*. Continuando coa colección de teatro infantil *A Pinguela*, que inaugurara en 2001 *Pelexa no souto*, Luna edita varias das obras de teatro infantil que Arca Caldas tiña escrito dende tempo atrás: *O enfermo 4M* (2003), *Mágoas de señoritos e campesiños* e *Soprar a tempo* (2004), *Carta de América* e *Parasitos na escola*, escrita para a súa filla Susi¹⁶, en 2005, *O indiano* (2006), *Hoxe naceu un neno* (2008).

Xunto con outros tres escritores estradenses, Olimpio Arca participa na elaboración do libro *A Estrada. Imaxes para a lembranza I'*, que recolle as fotos máis representativas da vila, desde finais do século XIX.

16 É representada polos seus alumnos da escola de Amil e posteriormente polos do Colexio do Foxo (A Estrada).

17 Editado pola Fundación de Congresos e Exposicións da Estrada en 2006.

No ano 2011, e con Xosé Luna á fronte do Museo do Moble e da Madeira da Estrada (MOME), sae á luz *De carpinteiros, ebanistas, fragueiros e torneiros estradenses ata 1985*, un pequeno traballo a xeito de aproximación a un dos sectores económicos de referencia no concello. Non é esta a súa primeira aproximación ó mundo da madeira, pois xa en 1994 escribira un fascículo dedicado a *O carro do país*.

De carpinteiros é a última obra publicada, preto de dúas décadas despois de que Arca Caldas autoeditase *Pedriño* en 1992, un pequeno relato infantil, que supuxo a intensificación da escrita tras a súa xubilación como mestre. Intensificación, porque como el mesmo lembraba “os comezos da miña vocación de xuntar palabras para dicir pensamentos por escrito empezou cando acontecían sucesos que o requirían”, ben fora en concursos de poesía na emisora parroquial da Estrada no ano 1954, ou en colaboracións xornalísticas dende o ano 1958 en diferentes cabeceiras galegas. No teatro infantil, abriu a senda *Os Reis do Panchiño*, unha peza con moitas liñas de lectura superpostas, baseada nun relato seu escrito a principios dos anos 70 sobre a ilusión frustrada de moitos rapaces na noite de Reis. No apartado de contos, *O tren* acadaría en 1985 o primeiro premio nun concurso de Radio Gramenet, en Barcelona. En canto ás colaboracións en prensa, foi o primeiro en recibir no ano 1996 o premio Reimóndez Portela de Xornalismo, convocado pola Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada.

A política e a vida social

Olimpio Arca dedicouse por enteiro ao ensino, a súa verdadeira vocación profesional, durante máis de tres décadas: entre 1960 e 1993 foron milleiros os alumnos ós que impartiu clases de distintas materias, no ensino oficial, e en clases particulares (como recolle Gena Borrajo nunha ampla entrevista publicada no número 59 da revista *Eduga*).

A partir de 1970, xa con domicilio consolidado na Estrada logo de volver de Tui coa familia, empeza Arca Caldas a procura dunha sociedade máis xusta dende o compromiso político. Sinala el mesmo que antes dos anos 60 o réxime de Franco “non daba pé para buscar outros vieiros. De estudante fun, por decreto, do Frente de Juven-

tudes”, pero engade que a súa teima “foi sempre a mellora cultural das nosas xentes. Era feliz cando un grupo de persoas podían ser receptoras do pouco que eu sabía”. E confesa; “Vivín unha vida intensa e leda no exercicio da educación”, falando tamén dos seus pensamentos vinculados a Galicia.

Nese afán de difundir a cultura, atopa a importante colaboración de Manuel Reimóndez Portela, que en 1975 lle ofrece un lugar no Centro de Iniciativas e Turismo (CIT) da Estrada. Cualificaba Olimpio ó médico e humanista de “galeguista convencido”; xuntos participan nos invernos de 1975, 1976 e 1977 no desenvolvemento de Semanas Culturais nos teleclubs de boa parte do rural estradense, e mesmo en parroquias de Silleda: “O meu labor naquelas xornadas nocturnas consistía en dar conferencias dedicadas as saídas da xuventude ao remate da segunda etapa da EXB”, acompañadas en moitos casos por representacións teatrais, a cargo dos seus alumnos. Obras súas como *Pelexa no souto* e *Os Reis do Panchiño*, e *A tía Lambida* ou *A lebre das ánimas*, de Blanco Amor pasaron de xeración en xeración.

A finais desa década, en 1979, dá un paso máis, e figura nunha longa lista de persoas que apoian as candidaturas de Unidade Galega. Unha significación pública que lle custa críticas e algunha pintada na zona onde exerce como mestre, na que se pode ler: “Olimpio esta vez metiches a pata”. Uns anos despois esa implicación cristaliza coa entrada na primeira liña da política, da man de Carlos Mella en Coalición Galega. Arca Caldas participa en moitos mitins na provincia de Pontevedra xunto ao candidato Pablo González Mariñas, dentro da efectiva campaña electoral da formación nas eleccións autonómicas de 1985, actos nos que destacaban como oradores brillantes o propio Mella Villar e o falecido arquitecto ourensán Xosé Henrique Rodríguez Peña.

Unha implicación que leva á cúpula de Coalición Galega a incluír o seu nome na terna de candidatos ao Senado nas eleccións xerais de 1986, xunto con Indalecio Tizón e Ernesto Baltar. A decisión, que o propulsa á primeira liña da política, élle comunicada despois de ser adoptada nunha xuntanza na que el non participara. A complicada xestión do éxito electoral de Coalición Galega nas

autonómicas duns meses antes (nas que acadara 11 deputados, sendo a terceira forza no Parlamento) lastraban as posibilidades reais de chegar a senador. Pero xunto cos seus compañeiros comezaba unha campaña por toda a provincia, que lle serviría para achegarse a lugares nos que exercera a docencia, como Pexegueiro e Tui. Malia ser o candidato máis votado de CG, os resultados estaban moi lonxe dos acadados por Alianza Popular e polo PSOE.

Un ano despois, en 1987, acepta concorrer ás eleccións municipais na Estrada nas filas do Partido Nacionalista Galego (PNG). A abstención dos 11 deputados de Coalición Galega, que facilitara a investidura de Fernández Albor como presidente da Xunta, provocara una escisión en CG, e a marcha de cinco deputados ao Grupo Mixto (encabezados por González Mariñas e coa presenza de Carlos Mella). En setembro de 1986 os disidentes constitúen o PNG. A candidatura presentada baixo estas siglas, encabezada por Elvira Fernández Díaz, con Carlos Mella Villar como número 2 e Olimpio Arca Caldas de terceiro, foi a máis votada con 7 concelleiros, e acadou a alcaldía. Pero a súa incursión na xestión política resúltalle decepcionante, e pronto comprende que non é ese o seu camiño: en 1988 presenta a súa dimisión como concelleiro.

A relación entre Arca Caldas e o Concello da Estrada faise de novo moi estreita en 1997 cando se ofrece para levar de xeito altruísta a xerencia do Museo do Pobo Estradense Manuel Reimóndez Portela, que impulsara o ex alcalde, e cuxa sé se establece no antigo matadoiro. É un tempo de intenso traballo, no que se leva a cabo a montaxe da antiga escola de Rubín, con mobiliario e material de principios do século XX. Tempo tamén de moitas doazóns veciñais, como a feita por Alfonso Vázquez Moares que permitiu a recreación dunha vella barbería, de abondosas achegas de ferramentas de carpintería, de zapateiros, de labregos e mesmo de oleiros, e de moitas visitas guiadas ó museo etnográfico. Baixo a súa xerencia organízanse, ademais, exposicións como a de Arte Sacro do Concello da Estrada, Castela no seu centenario, A escola no museo e Os Carnavais no museo, xunto con Maratóns de lectura no Día das Letras Galegas. Colabora tamén asiduamente nos Anuarios da institución. En 2002, Arca Caldas presenta a dimisión da xerencia do museo.



Olimpio Arca amosa o Museo Estradense a escolares do P. Viondi en 2001.
(Foto: Marcos Míguez).

Pero a súa actividade cultural continúa na organización de eventos como a exposición fotográfica de xentes da Estrada, xunto con Marisé García, que amosa retratos escolares, da mocidade das parroquias e da vila en tres espazos expositivos simultaneamente. Por outra banda, no colectivo Fillos e Amigos da Estrada, baixo a presidencia de Alfonso Varela, son habituais as súas biografías dos persoeiros distinguidos cada mes de xuño pola asociación, ou a organización de actividades como Artestrada no ano 1991, no Pazo de Exposicións e Congresos da Estrada.

Arca Caldas xoga tamén un papel preponderante en 2001 na constitución da Fundación Terra Termarum, da que foi presidente ata o seu falecemento, e cuxo obxecto é a protección e promoción do xacemento arqueolóxico de Castrolandín. Traballando sempre en estreita colaboración con Mario Touceda, a quen el consideraba como “nobre amigo e alma e vida das escavacións de Castrolandín”, o vello mestre embárcase, con setenta anos ben cumpridos, nun dos proxectos máis apaixonantes da súa vida. Tras as escavacións arqueolóxicas levadas a cabo baixo a dirección e asesoramento do Instituto de Ciencias do Patrimonio (CSIC) dirixido por Felipe Criado, a recuperación do castro de Castrolandín ten xerado unha plataforma de difusión e participación social que é hoxe un referente a



Olimpio e Mario Touceda nun campo de traballo en Castrolandín.

escala galega pola súa singularidade, pois actúa como axente protector e promotor do patrimonio arqueolóxico de Cuntis, como correa de transmisión entre ese patrimonio e a sociedade e mesmo como creadora de emprego no eido da xestión do patrimonio cultural. A creación do “Obradoiro Experimental de Cerámica Castrexa” que reproduce as pezas atopadas nos castros máis significativos de Galicia, constituía para Olimpio un motivo de satisfacción e orgullo. Hoxe Castrolandín é un xacemento valioso como recurso cultural e turístico, no que cada ano se celebra o ritual dos fachos na Noite de San Xoán.

Cumpridos xa os 80 anos, Arca Caldas pronuncia numerosas conferencias para escolares nos institutos e colexios estradenses, como o do Foxo, que neste ano 2015 concedeu o seu nome á sala de profesores, e tamén en centros de Santiago e Silleda, ademais doutras charlas sobre o Entroido dos Xenerais do Ulla na Bandeira e no Museo de Pontevedra.



Olimpio, con Fátima Monteagudo na inauguración da súa rúa en Cuntis.

Distincións

O recoñecemento público á traectoria de Arca Caldas continuou nos últimos anos da súa vida. Deste xeito, no ano 2001 a Asociación Cultural O Brado nomeouno “Estradense do Ano”; e distinguíuno de novo en 2010 co premio “San Martiño” de normalización lingüística, no apartado de toda unha vida. Nese mesmo ano 2010, foi o encargado de pregoar a Festa do Salmón a petición de Luís Reimóndez, logo de ter recibido anos antes xa o Salmón de Ouro que outorga o Centro de Iniciativas e Turismo.

Poderíase dicir que Olimpio Arca foi profeta na súa terra. Nas súas terras, Cuntis e A Estrada. E

así o testemuñan as rúas que levan o seu nome en ámbalas dúas localidades. No ano 2007, amigos e veciños de Cuntis solicitan que se lle dedique unha das rúas do Espadrenal. O día 21 de abril corporación e veciños súmanse á descuberta da placa da rúa Olimpio Arca, nunha xornada na que tamén se inaugura unha co nome do avogado e escritor Xoán Xesús González, asasinado en 1936 en Santiago de Compostela. Arca Caldas escribe o conto “Co nobre carballo do Espadrenal”, “como eterno agradecemento a Emilia Arca Varela, Manolo Guimarey, Elisardo Pego, José Paz Ameijeiras, Mario Touceda e á alcaldesa Fátima Monteagudo como artífices desta honra”. Dous anos despois, no Día das Letras Galegas de 2009 fai entrega á biblioteca cuntiense de preto dun cento de libros.

Catro anos máis tarde, no 2011, o alcalde da Estrada, José Antonio Dono, nunha reunión no MOME, comunícalles a Olimpio Arca e a Alfonso Varela Durán que serán propostos como Fillos Predilectos, dándoselles ademais os seus nomes a cadansúa rúa e concedén-

doselles a Medalla de Ouro do Concello estradense. Os actos desenvólvense o 26 de marzo de 2011. Na súa intervención, Arca Caldas subliña particulares circunstancias da súa vida ás que se debe a súa presenza alí: a súa nai e o seu avó Ramón, o seu mestre don Aurelio, o seu compañeiro Manuel Villar Paramá, e a amizade de persoeiros como Manuel Reimóndez Portela e o crego Manuel Castiñeira.

Foron recoñecementos sobranceiros para un home que sentía como propios os éxitos dos que foran os seus alumnos, daquela xente á que lle puidera ensinar o que el sabía: a súa verdadeira vocación. Olimpio Arca non deixou de escribir nunca, aínda que nos últimos tempos lle faltara a súa habitual fluidez para buscar as verbas e os datos almacenados na súa memoria. Os seus últimos escritos foron na súa meirande parte obituarios, publicados en *La Voz de Galicia*, para despedir a amigos que ían partindo. Como se foi el, lúcido para saber que chegaba a fin, o 25 de novembro de 2014. Rodeado dos seus, como el quería, na súa casa da Estrada.



Arca con Varela e Dono, na rúa que leva o seu nome na Estrada.



Las estelas funerarias galaico-romanas encontradas en el ayuntamiento de A Estrada

Vanesa Lago Somoza
vanelagosomoza@hotmail.com

Resumen. En este artículo se presentarán las estelas galaico-romanas dentro de su contexto funerario. Se empezará con una breve explicación histórica, en donde se expondrá cómo tuvo lugar la conquista de Galicia por parte del Imperio Romano. A continuación se presentarán la muerte y los rituales funerarios que eran llevados a cabo por los romanos, y que por lo tanto, llegaron a este territorio. Para finalizar se expondrá el valor de las estelas, adentrándose en cada una de las piezas encontradas en las tierras estradenses.

Abstract. This article will present the Galician-Roman steles within its funerary context. It will begin with a brief historical explanation, which describes how the Roman Empire conquered Galicia. Then, it will present death and funeral rituals carried out by the Romans. Finally, it will show the value of stele, going into all the pieces found in Galicia in greater detail.

La conquista romana

La llegada del Imperio Romano a Galicia tuvo lugar en el siglo II a.C. y duró hasta el V d.C. Algunos autores clásicos¹ recogen en sus escritos la fuerte resistencia que se encontraron los romanos en este territorio al enfrentarse en arduas batallas contra los indígenas. Se puede destacar que, ya bajo el dominio de Roma, se produjeron revueltas contra el nuevo poder establecido.

Dos fueron las unidades militares que llegaron a Galicia y Asturias, la *Legio VI Victrix* y la *Gemina*. Una vez conquistado y organizado el territorio se les encargó a estas legiones el control militar de la zona, posteriormente ambas fueron substituidas por la *Legio VII Gemina*. De la presencia militar en Galicia han aparecido restos arqueológicos de campamentos militares, como pueden ser el de *Lucus Augusti* o el de *Aquis Querquernis*, y una gran cantidad de inscripciones con carácter votivo o funerario².

1 Paulo Osorio, uno de los escritores, escribió en el siglo V d.C. sobre la llegada de los romanos a la *Gallaecia* y sobre los conflictos que tuvieron lugar en esta zona.

2 X. M. Caamaño Gesto, (2007), pp. 19-31.

Así fue como se creó la *Gallaecia*, una provincia hispánica que se encontraba al noroeste de la península y que estaba compuesta por tres conventus diferentes³. Estos eran el *Conventus Bracarenensis*, con capital en Bracara Augusta; el *Conventus Lucensis*, con capital en Lucus Augusti; y el *Conventus Asturicensis*, con capital en Asturica Augusta.

Es a partir de estos momentos cuando empiezan los intercambios comerciales directamente con Roma, es decir, sin la necesidad de intermediarios, como podían ser los púnicos. Roma estableció vías comerciales con Gallaecia, tanto de forma terrestre como marítima, lo cual se debió a los recursos que les proporcionaba este territorio.

Los asentamientos en los que se establecieron los romanos fueron los castros romanizados o las ciudades de nueva creación. Los castros romanizados se caracterizan por aumentar sus defensas y su tamaño, así como por organizar su espacio con un cierto orden urbanístico; mientras que las ciudades de nueva creación se distinguen por ser ciudades con un urbanismo claramente romano, el cual viene dado por las dos vías principales que cruzan la ciudad, el *cardus* y el *decumanus*⁴.

El dominio de Roma influyó en la antigua cultura castreña, pero no la hizo desaparecer completamente. Una muestra de la convivencia de ambas culturas se puede ver en la existencia de aras romanas dedicadas a dioses indígenas, como por ejemplo las inscripciones ofrecidas a la diosa Nabia⁵.

La muerte en el mundo romano

La muerte en la época romana era vista como un rito de paso del mundo de los vivos al mundo de los muertos, por este motivo se lloraba la pérdida del difunto pero a su vez se festejaba en su honor. Tal era la importancia que se les otorgaba a los difuntos⁶ que todos eran tratados con el máximo respeto, llegando a convertirse en parte

3 La *Gallaecia* romana ocupaba parte del norte de Portugal, la totalidad de la Galicia actual y parte del oeste de las provincias de Asturias y León.

4 X. M. Caamaño Gesto, (2007), pp. 33- 82.

5 Nabia es una diosa que está asociada con los ríos, las fuentes y las corrientes de agua.

6 En el momento del fallecimiento de un familiar era costumbre la realización de una máscara de cera que posteriormente sirviese como modelo para hacer un busto. Estas piezas eran conocidas como *imagines maiorum*. Las *imagines maiorum* se llevaban durante los cortejos fúnebres, como si estuviesen vivos ya que eran miembros de la familia.

de los *Lares*⁷. Tanto ricos como pobres se preocupaban de que tras su fallecimiento el ritual se llevase a cabo acorde a las costumbres, ya que de no ser así el fallecido permanecería en el mundo de los vivos como un espíritu vengativo.

Este ritual funerario⁸ empezaba en la casa del difunto. Al fallecido se le cerraban los ojos y se le llamaba por su nombre tres veces para comprobar que estaba muerto. Cuando este hecho se confirmaba se le colocaba una moneda bajo la lengua⁹ para pagar su último viaje a Caronte, el barquero encargado de pasar las almas de un lado al otro del río Aqueronte.

Las mujeres de la casa eran las encargadas de preparar el cadáver, proceso que consistía en lavar el cuerpo, ungirlo con perfumes y embalsamarlo en una mortaja; y en el cual los lujos en los cadáveres estaban prohibidos por ley. Posteriormente el cadáver era colocado sobre una cama para proceder a una especie de “velatorio”. Después de este proceso la familia lo acompañaba en su lecho para darle el último beso¹⁰ y así retener su alma en el cuerpo. El difunto era colocado con los pies hacia la puerta de entrada y junto a él se quemaban perfumes y se colocaban flores que simbolizaban la fragilidad de la vida.

En la puerta de la casa se colocaban ramas de abeto o ciprés para informar a los viandantes de la presencia de un difunto. En señal de duelo se evitaba encender el fuego de la casa. Al finalizar el “velatorio” el cuerpo era transportado sobre una carreta o a hombros de los familiares¹¹ más cercanos hasta el lugar de su sepultura. Si el difunto era un personaje importante el cortejo fúnebre pasaba por el foro¹²,

7 Los Lares eran los dioses protectores del hogar y la familia romana. Cada familia tenía sus propios dioses ya que estas divinidades eran antepasados familiares.

8 Dependiendo de las posibilidades económicas de la familia del fallecido, el ritual podía tener una duración que variaba entre uno y siete días.

9 La colocación de una moneda bajo la lengua se debe a que Caronte, el barquero de Hades, reclamaba el pago por transportar el alma del difunto de una orilla a otra de la laguna Aqueronte. De no realizarse el pago, el alma debía vagar durante cien años por la ribera de la laguna. Transcurrido este periodo el barquero pasaba el alma sin coste ninguno. Esta costumbre llegó a la cultura romana por influjo griego.

10 Los romanos creían que el alma de los difuntos se escapaba por la boca, por ello los besaban para retenerla dentro del cuerpo.

11 El cortejo que trasladaba el cuerpo hacia la pira estaba compuesto por la familia del difunto, esclavos que tocaban instrumentos, bailarinas, mimos, plañideras, etc.

12 El foro romano era la plaza central de las ciudades, a su alrededor se encontraban los edificios gubernamentales y religiosos además del espacio dedicado al comercio.

donde se paraba para realizar una oración. La intencionalidad de señalar una vida después de la muerte provocaba que al difunto se le saludase como si se tratase de una persona aún viva.

Una vez finalizada esta procesión se realizaba el enterramiento propiamente dicho, que podía ser por incineración o inhumación. Hasta finales del siglo II d.C., en el que se generalizó la inhumación, lo normal era incinerar a los cadáveres, aunque las dos formas convivieron sin dificultad. Normalmente las incineraciones¹³ estaban reservadas para miembros de la nobleza o familias acomodadas. Los entierros se llevaban a cabo durante la noche, ya que al difunto se le consideraba contaminante, por lo que el ritual era realizado bajo la luz de las antorchas. A finales del siglo I d.C. los funerales empezaron a realizarse durante el día, a excepción del de los niños, los suicidas y los indigentes.

La incineración se realizaba debido a la creencia de que el fuego y las almas eran similares en su naturaleza, por lo tanto si el cuerpo era quemado llegaría antes al mundo de los muertos. Las piras¹⁴ funerarias debían realizarse siempre fuera de la ciudad ya que la quema de cadáveres dentro de la muralla estaba totalmente prohibida, por lo cual el cortejo fúnebre trasladaba el cadáver hasta el lugar en donde se fuese a realizar la hoguera. Antes de proceder a la incineración se le abrían los ojos. Este acto tiene dos posibles interpretaciones, una de ellas es para que viese el sol por última vez y la otra para que pudiera ver como ascendía su alma. Acto seguido un familiar o amigo cercano arrojaba tres puñados de arena sobre el cadáver como símbolo de su entierro y encendía la pira en la que los asistentes depositaban flores y objetos del difunto.

La inhumación consistía en colocar el cuerpo del fallecido en una caja, la cual podía ser de madera o piedra, que se llevaría a unos habitáculos rectangulares que habían sido concebidos con ese fin. La llegada del cristianismo como culto oficial del imperio provocó el aumento de esta práctica. Todo el rito funerario descrito ante-

13 La popularización de la inhumación coincide con la difusión del cristianismo dentro del Imperio Romano.

14 La pira tenía forma de altar.

riormente debía realizarse para que el alma llegase a uno de los siete espacios diferentes que existían en el mundo de los muertos¹⁵.

Los romanos no colocaban sus tumbas en lugares tranquilos sino al lado de las calzadas¹⁶ para que todos los transeúntes pudiesen contemplar las lápidas. Dependiendo de si se hallaban en vías principales o secundarias se podía saber el estatus económico de sus propietarios.

El valor funerario de las estelas galaico-romanas

Una forma de recordar a los difuntos era la colocación de estelas o aras, las cuales eran los monumentos más simples y comunes. Se trata de piezas rectangulares realizadas de forma vertical, que por norma general se encuentran divididas en dos espacios. El superior normalmente está decorado con una representación antropomórfica en la que aparece el rostro del finado y en la inferior se recoge un epígrafe. El esquema básico de información que aparece en estos epígrafes es el siguiente: en el encabezado se hacía una mención a los dioses Manes o espíritus de los muertos, el nombre del difunto, la edad a la que falleció y una frase hecha como puede ser *“aquí yace”* o *“que la tierra te sea ligera”*. En algunas también aparecía el nombre del que había pagado la estela o los logros alcanzados en vida por el difunto. Se debe destacar que las piezas galaico-romanas se caracterizan por una mala elaboración del monumento y de la epigrafía. La parte inferior de estas piezas está diseñada para ser hincada en el terreno y se cree que fueron realizadas para ser colocadas delante de un muro o pared.

Las estelas son los monumentos fúnebres más comunes, por lo que se pueden encontrar en todos los territorios que acabaron bajo el dominio de Roma. Dentro de este artículo se tratará el ámbito galaico-romano por lo que se expondrán las diferentes tipologías encontradas en este territorio, destacando que han aparecido más

15 En el mundo de los muertos nos podemos encontrar los siguientes siete submundos: el de los niños no natos, el de los inocentes ajusticiados injustamente, el de los suicidas, el de los amantes infieles, el de los héroes crueles en vida, el tártaro (castigo de los malvados) y los campos elíseos donde moraban eternamente las almas bondadosas y eran felices.

16 Una ley romana obligaba a ubicar las necrópolis fuera de la ciudad.

de noventa piezas de este tipo¹⁷. Como ya se ha recogido anteriormente, las estelas son monumentos realizados de forma vertical en un soporte pétreo, pudiendo estar rematadas en la parte superior de forma rectangular, semicircular o triangular. La cantidad de registros que se pueden contabilizar en estas piezas varía desde uno hasta cuatro. Las que solo tienen un registro únicamente contienen epigrafía, mientras que las que poseen dos o más tienen decoración.

Dentro de las decoraciones resulta difícil distinguir lo que se hizo con un significado simbólico o lo que solo es propiamente una decoración. Los motivos principales que se han encontrado en Galicia son: “*el creciente lunar*¹⁸, *las arquerías, el disco con sus múltiples combinaciones, la estrella o rosácea, la esvástica, motivos de aparición esporádica y, finalmente, representaciones humanas*”¹⁹.

Dentro de la provincia de Lugo se han encontrado diversas estelas bifrontes realizadas en material pétreo que no poseen epigrafía y que tienen las dos caras decoradas. En el anverso de las piezas se recoge la representación del difunto o los difuntos a los que está dedicada la estela mientras que en el reverso aparecen diferentes representaciones, algunas de ellas tienen carácter mitológico como puede ser la estela bifronte de la loba capitolina, del mismo modo que otras recogen otro tipo de escenas como, por ejemplo, la representación cinegética o circense de la estela de Adai.

Se destaca que todas las estelas que han sido encontradas en Galicia fueron realizadas en granito. Al tratarse de piezas relativamente grandes y de un material consistente muchas de ellas fueron reutilizadas con diferentes funciones; un ejemplo de ello pueden ser las estelas de la iglesia de Santa María de Rubín que fueron colocadas en los muros del templo. La reutilización y descontextualización de estas piezas ha provocado que en muchas ocasiones su datación resulte imposible.

17 F. Acuña Castroviejo, (1997), pp. 238-245.

18 Según Fernando Acuña el símbolo lunar no tiene por que ser propio de la cultura romana ya que se han atestiguado cultos indígenas a la luna.

19 F. Acuña Castroviejo, (1976), p. 19.

Las piezas encontradas en A Estrada

Dentro del término municipal del ayuntamiento de A Estrada se han encontrado un total de siete estelas galaico-romanas²⁰, las cuales se explicarán a continuación. Estos monumentos funerarios serán mencionados con el nombre del lugar en el que fueron encontrados. Se contabilizan tres estelas en Santa María de Rubín, mientras que las otras cuatro aparecieron en Santa María de Paradela, en San Lorenzo de Ouzande, en San Vicente de Berres y en San Xián de Guimarei.

Se trata de seis estelas, bastante similares ya que en ellas se puede ver una decoración o una representación antropomórfica en la parte superior y una inscripción en la parte inferior. En cambio en una de ellas solo se conserva la epigraffa debido a que parte de la pieza se ha perdido, desconociendo, por tanto, si pudo poseer decoración. Todas las estelas conservan unos textos muy simples, realizados con una técnica muy rudimentaria, hecho propio de las zonas que fueron poco romanizadas²¹.

Las tres primeras estelas pertenecen al muro de la iglesia de Santa María de Rubín. La primera pieza tiene en la parte superior una decoración formada por una luna creciente rebajada y dos estrías, mientras que en la parte inferior nos encontraremos con la inscripción²² en la que se puede leer el nombre del difunto en nominativo, por lo que se la ha datado entre finales del siglo I y principios del siglo II. Se trata de una pieza que se encuentra muy desgastada²³.

La segunda estela está realizada en un bloque de granito que fue reutilizado en el muro exterior del ábside de la iglesia de la que recibe su nombre. En la parte superior se puede ver la representación de un busto bastante esquemático que está acompañado de una decoración geométrica en la parte izquierda (más concretamente se pueden apreciar dos aspas). En el registro inferior se encuentra la inscripción que recuerda al finado al que está dedicada, se destaca que faltan algunas partes²⁴.

20 El presente artículo trata sobre las estelas funerarias, por ello ni en la explicación ni en las fichas se mencionará la estela votiva encontrada en este ayuntamiento. La pieza se puede consultar en: G. Baños Rodríguez, (1991), p. 229.

21 G. Baños Rodríguez, (1991), p. 213.

22 Las inscripciones de las estelas están transcritas en las fichas de las piezas.

23 G. Baños Rodríguez, (1991), p. 215.

24 G. Baños Rodríguez, (1991), p. 217.

En la última estela de Rubín se pueden apreciar restos de lo que posiblemente fue una decoración geométrica compuesta por arcos. El mal estado en el que se encuentra la pieza ha provocado que se pierda gran parte de la decoración y que solo se conserve la primera línea de la inscripción²⁵.

La estela antropomorfa encontrada en la parroquia de Santa María de Paradela, fue realizada en una pieza de granito. En la parte superior se puede ver la representación esquemática del rostro de una mujer en la que se distinguen los ojos, la nariz y la boca; se destaca que sobre su cabeza parece que llevase una tela que le cubre el pelo. En la parte inferior se recoge un pequeño texto, tres líneas, que desgraciadamente no se conserva completo, pero en el que se puede reconstruir el nombre de la finada: Colupata. La pieza se encuentra muy desgastada en su lado izquierdo provocando la pérdida de parte del rostro y de la inscripción²⁶.

La estela de San Lorenzo de Ouzande fue encontrada en la parroquia que le ha dado el nombre. En este caso la pieza se divide en tres registros, en el superior se encuentra la representación de un rostro humano, compuesto por dos círculos concéntricos, observándose en el central la representación de los ojos, la nariz y la boca. En el segundo registro aparece tallado un medio círculo del que salen dos líneas, interpretado como una representación solar. Y en el tercer y último registro se recoge la inscripción, que se ha conservado completa. La pieza fue encontrada reutilizada como poste para una cancella, por lo que se le realizó un agujero en la parte superior derecha.²⁷

Nuevamente encontramos una pieza realizada en granito, conocida como estela de San Vicente de Berres. En la parte superior se puede ver la representación de una cabeza humana con dos semicírculos/arcos a cada lado, destacando el tallado de la cabeza al cual se le da un volumen considerable. Separado por una moldura se encuentra el segundo registro en el que se observa un motivo astral, identificado con un sol. Y por último, en el tercer registro está el epígrafe, en el que la estructura simple del texto ha permitido datarla entre finales

25 G. Baños Rodríguez, (1991), p. 219.

26 G. Baños Rodríguez, (1991), pp. 221- 222.

27 G. Baños Rodríguez, (1991), p. 223.

del siglo I y principios del II. La estela fue cortada en la parte superior, lo que ha provocado que no se conserve el rostro entero.²⁸

La última estela se encontró en San Xíán (Guimarei). Se trata de la parte inferior del monumento funerario, motivo por el cual se ha perdido la decoración y parte del contenido epigráfico. La pieza fue reutilizada como marco de una finca del Marqués de Aranda.²⁹

Fichas de las estelas

Estela de Santa María de Rubín 1 (Imagen obtenida de G. Baños Rodríguez, 1991, p. 215.)

NOMBRE: Estela de Santa María de Rubín 1

DATACIÓN: finales del s. I o principios del s. II.

MATERIAL: Granito


TÉCNICA: Tallado

MEDIDAS: 174 x 52,5 cm.

PROCEDENCIA: Se conserva en el muro de la iglesia de Santa María de Rubín, A Estrada

CONSERVADA: Muro de la iglesia de Santa María de Rubín

INSCRIPCIÓN: *D(is) M(anibus) [s(acrum)?] Seve[r]-ina [a]-n(n) or(um) XVI*



²⁸ G. Baños Rodríguez, (1991), pp. 225- 226.

²⁹ G. Baños Rodríguez, (1991), p. 228.




Estela de Santa María de Rubín 2 (Imagen obtenida de G. Baños Rodríguez, 1991, p. 217)

- NOMBRE:** Estela de Santa María de Rubín 2
- DATACIÓN:**
- MATERIAL:** Granito
- TÉCNICA:** Tallado
- MEDIDAS:** 149 x 40 cm.
- PROCEDENCIA:** Se conserva en el muro exterior del ábside de la iglesia de Santa María de Rubín, A Estrada
- CONSERVADA:** Muro de la iglesia de Santa María de Rubín
- INSCRIPCIÓN:** *Dibus*
Ma(nibus) Va+[-c.2-]
OAN [-c.3-4-]
DO [-c.4-5-]



Estela de Santa María de Rubín 3 (Imagen obtenida de G. Baños Rodríguez, 1991, p. 219)

- NOMBRE:** Estela de Santa María de Rubín 3
- DATACIÓN:**
- MATERIAL:** Granito
- TÉCNICA:** Tallado
- MEDIDAS:** 42 x 31 cm.
- PROCEDENCIA:** Se conserva en el muro exterior del ábside de la iglesia de Santa María de Rubín, A Estrada
- CONSERVADA:** Muro de la iglesia de Santa María de Rubín
- INSCRIPCIÓN:** *Dibu(s)* ou [s] ?



Estela de Santa María de Paradela

(Imagen obtenida de G. Baños Rodríguez, 1991, p. 221)

NOMBRE: Estela de Santa María de Paradela

DATACIÓN:

MATERIAL: Granito


TÉCNICA: Tallado

MEDIDAS: 99 x 34 x 12 cm.

PROCEDENCIA: Encontrada en una finca de Santa María de Paradela, A Estrada. En las proximidades del Monte da Pena da Dona Ana

CONSERVADA: Museo de Pontevedra

INSCRIPCIÓN: {D} D(is) Ma(nibus) Colup-
a + a an(norum)
[-c.2-?] XLIX



Estela de San Lorenzo de Ouzande

(Imagen obtenida de G. Baños Rodríguez, 1991, p. 223)

NOMBRE: Estela de San Lorenzo de Ouzande

DATACIÓN:

MATERIAL: Granito

TÉCNICA: Tallado

MEDIDAS: 187 x 53 x 15 cm.

PROCEDENCIA: Encontrada en San Lorenzo de Ouzande, A Estrada

CONSERVADA: Museo de Pontevedra

INSCRIPCIÓN: An(norum) LXII
Man(ibus)
Dibus.



Estela de San Vicente de Berres

(Imagen obtenida de G. Baños Rodríguez, 1991, p. 225)

NOMBRE: Estela de San Vicente de Berres
 DATACIÓN: finales del s. I o principios del s. II.
 MATERIAL: Granito
 TÉCNICA: Tallado
 MEDIDAS: 160 x 48 x 16 cm.
 PROCEDENCIA: San Vicente de Berres, A Estrada
 CONSERVADA: Museo de la Catedral de Santiago
 INSCRIPCIÓN: *D(is) M(anibus) s(acrum)*
Urban-
il(l)a ân-
norum
 XXV.

Estela de San Xíán (Imagen obtenida de G. Baños Rodríguez, 1991, p. 227)

NOMBRE: Estela de San Xíán
 DATACIÓN:
 MATERIAL: Granito
 Técnica: Tallado
 MEDIDAS: 83 x 43,5 x 10 cm.
 PROCEDENCIA: Estela de San Xíán, Guimarei,
 A Estrada
 CONSERVADA: Museo de Pontevedra
 INSCRIPCIÓN: -----
 M +
po(suit) Ma-
rcell(a)e
an(norum) XXVI.



Bibliografía

- ACUÑA CASTROVIEJO, F. (1973), *Galicia romana: artes plásticas*, Santiago de Compostela.
- ACUÑA CASTROVIEJO, F. (1974), “Notas sobre a morfoloxía e decoración nas aras e estelas de Galiza en época romana”, en: *A Ranuccio Bianchi-Bandinelli sus amigos y discípulos españoles*. Santiago de Compostela, pp. 17-31.
- ACUÑA CASTROVIEJO, F. (1976), “Las formas del arte provincial romano en Galicia”, en: *La romanización de Galicia, Cuadernos del Seminario de Estudios Cerámicos de Sargadelos*, vol.16, Sada, pp. 85-92.
- ACUÑA CASTROVIEJO, F. (1997), *A escultura da Gallaecia*, en: *Galicia Castrexa e Romana*, Santiago de Compostela, pp. 238- 245.
- ACUÑA CASTROVIEJO, F. Y CASAL GARCÍA, R. (2008), “Revisitando la plástica galaico-romana”, en: *Preactas de la VI Reunión de Escultura Romana en Hispania*, Cuenca.
- ARIAS VILAS, F. (1992), *A romanización de Galicia*, Vigo.
- ARIAS VILAS, F. (1997), “La cultura material galaico-romana”, en: *Galicia castrexa e romana*, Santiago de Compostela, pp. 218-229.
- BAÑOS RODRÍGUEZ, G. (1991), *Corpus de inscricións romanas de Galicia. Provincia de Pontevedra II*, Santiago de Compostela.
- CAAMAÑO GESTO, X. M. (2007), *A gran historia de Galicia romana: A Galicia romana*, volumen 3, A Coruña.
- DÍEZ DE VELASCO, F. (2002), *Introducción a la historia de las religiones*, Madrid.
- DÍEZ PLATAS, F. (2002), “Breviario de imágenes paganas: la iconografía de los dioses y el mito en la Galicia romana”, en: *Semata. Ciencias sociais e humanidades*, Santiago de Compostela, pp. 207-251.
- JENKINS, I. (1998), *La vida cotidiana en Grecia y Roma*, Madrid.
- MURCIANO CALLES, J. M. (2002), *Historiografía de los aspectos funerarios de Augusta Emérita: (siglo I-IV)*, Mérida.
- RODRÍGUEZ COLMENERO, A. (1993), “Historia del arte romano de Galicia”, en: *Galicia-arte. IX. Arteprehistórico y romano*, A Coruña, p. 394.
- RODRÍGUEZ COLMENERO, A. (1997), “O mundo funerario galaico-romano”, en: *Galicia Castrexa e Romana*, Santiago de Compostela, pp. 246-254.



San Xoán da Cova no río Ulla e as lendas do noroeste peninsular

Henrique Neira Pereira

valdoulla@yahoo.es

Xerardo Neira Pereira

Resumo. Asegura a lenda que o Pozo de San Xoán da Cova, no curso medio do río Ulla, ten un encanto: trátase dunha grade de ouro que soamente se pode obter cumprindo determinadas condicións. É relativamente fácil escoitar variantes desta narración oral recollidas desde hai máis dun século no val ullao, pero probablemente non son tan coñecidas pola xente destas terras lendas semellantes que existen noutros lugares de Galicia e fóra dela.

Abstract. Legend says the well of San Xoán da Cova, in the middle course of the Ulla River, has something special: it is a golden grid which can be obtained only fulfilling certain conditions. It is relatively easy to hear versions of this oral story collected from more than a century in the Ulla valley, but probably similar legends from other parts of Galicia and beyond are not so well-known by local people.

O Pozo de San Xoán da Cova é un punto dunha profundidade de varios metros no leito do río Ulla, situado no seu curso medio inmediatamente despois de atravesar a serra do Pico Sacro, no lugar onde o curso fluvial divide en dúas partes a parroquia de Santa María Madanela da Ponte Ulla (Vedra). Á súa beira, na ribeira dereita, erguéase na Idade Media o mosteiro de San Xoán da Cova, no que os monxes seguían a regra de Santo Agostiño, e o Pozo recibiría deste o seu nome.

A versión máis antiga da lenda da grade é a que achega o escritor e xornalista Alfredo Vicenti, que a recolle na súa colección de artigos publicados a partir de 1875 no periódico ourensán *El Heraldo Gallego* e despois como libro co título de 'A orillas del Ulla'. Vicenti pasou unha temporada en Santo Estevo de Oca (A Estrada) e tivo ocasión de facer moitas excursións por toda a comarca e recoller un bo fado de lendas, varias delas sobre San Xoán da Cova, das cales a que nos interesa neste artigo é a seguinte¹:

1 Vicenti, Alfredo. 63 A orillas del Ulla. En *El Heraldo Gallego*, Ourense, 12 de agosto de 1875, p. 4-5.



O Pozo de San Xoán da Cova está nesta zona máis ancha do río Ulla entre os viadutos do ferrocarril do Gundián, novo e vello.
Foto: Henrique Neira, 2013

A la orilla del agua yace sumergida una grada de bronce, de la cual pende una Campana, que, al promediar la noche de S. Juan, toca por si sola á maitines. A la voz del metálico conjuro se incorpora sobre la grada un monge, aparece en tierra una gallina con doce pollos de oro y se sienta á la sombra de los laureles una hermosa dama blanca.

El ave con sus polluelos va y viene de la dama al monge, la campana continúa exhalando bajo las olas monótonos lamentos y el tímido resplandor de la luna se adhiere a las breñas mas altas para no interrumpir el fantástico coloquio. La visión se evapora al despuntar el día.

Benito Losada Astray no seu poema 'A festa de Gundián' tamén constata en 1887 o carácter lendario do lugar²:

Preto está San Xuan d' a Cova,
que así un pozo se nomea
moi fondo, qu' as xentes todas
contan qu' e tobo de meigas.

2 Losada, Benito. 64 A festa de Gundián. En: *A Gaita Gallega*, A Habana, 18 de setembro do 1887. P. 2-4.

Manuel Reimóndez Portela en 1990 resume o texto de Alfredo Vicenti e a maiores achega estes detalles³:

Outros din que no fondo do pozo de San Xoán aparece unha vella con cabelos de ouro, peiteándose cun peite do mesmo metal. O día de San Xoán ó mencer vese baila-lo sol.

Mar Llinares en 1992 oferta outras dúas versións, recollidas de informantes de San Miguel de Castro (A Estrada) e as dúas mencionan a grade⁴:

No Pozo de San Xoán [no río Ulla] hai unha grade de ouro que é un encanto. Non o pode sacar calquera, porque é cousa... [sinlando cara ó ceo]. Hai que estar ben con arriba.

Eu estiven trece anos alí de garda na obra [do viaduto do tren] e polos anos corenta e pico cando había moita miseria, vin a moitos ir alí, serían ignorantes, para saca-la grade. Non debían estar benditos porque non a sacaron.

Temos outras dúas versións máis que figuran no libro ‘Gundián. Un achegamento a unha paisaxe natural e humana’ que publicou no 2008 Raiceiros. Velaí a primeira⁵:

No pozo de San Xoán da Cova hai unha grade de ouro que ten un encanto. Nada máis se pode sacar cando unha vaca ten dous cuchos xemelgos, e non sacarlle leite ningún, non muxila. En Santa Cruz de Ribadulla, en Eiravedra, naceron dous cuchos dunha vaca e a muller non se dou conta que lle sacou un pouco de leite á vaca. Entonces, cando lle dixo ó home o que fixera, ela colleu e botoulle o leite por riba do lombo á vaca, pero xa non valeu. Cando un buzo foi abaixo, ó pozo, a enganchar a grade, seique apareceu unha vella fiando sentada na grade de ouro, e cando fan enganchar, que lle dixo: ‘Se lle cortaras as mans á muller...’, e que desapareceu o encanto outra vez.

Na mesma publicación recóllese esta segunda versión da lenda⁶:

Din que había unha galiña con pitos de ouro que saía da rocha un día ó ano.

- 3 Reimóndez Portela, Manuel. *A Estrada rural*. Pontevedra, 1990, Deputación de Pontevedra. P. 106-107.
- 4 Llinares García, Mar. *Os mouros no imaxinario popular galego*. Santiago de Compostela, 1992, Editorial Compostela.
- 5 Narrada por Josefina Pereira Iglesias, de Socastro (San Mamede de Ribadulla, Vedra). En: Neira Pereira, Henrique e Fermín González Blanco (coords.). Gundián. *Un achegamento a unha paisaxe natural e humana*. Sarandón-Vedra (A Coruña), 2008, Asociación Raiceiros. P. 22.
- 6 Narrada por Manuel Bahamonde Clemente, nacido en 1930. Recollida en San Miguel de Castro (A Estrada). En: Neira Pereira, Henrique e Fermín González Blanco (coords.). *Gundián. Un achegamento a unha paisaxe natural e humana*. Sarandón-Vedra (A Coruña), 2008, Asociación Raiceiros. P. 25.

Sumando os elementos destas lendas, temos que son estes:

Elemento	Vicenti	Losada	Reimóndez	Llinares 1	Llinares 2	Raiceiros 1	Raiceiros 2
O río	SI	SI	SI	SI	SI	SI	SI
O Pozo	SI	SI	SI	SI	SI	SI	SI
A grade encantada	SI (bronce)			SI (ouro)	SI (ouro)	SI (ouro)	
A campá	SI						
A noite/o día de San Xoán	SI (noite)		SI (día)				
O monxe	SI						
A galiña cos pitos de ouro	SI (doce)						SI
A dama branca	SI						
As meigas		SI					
A vella			SI (con cabelos e peite de ouro)			SI (fiando sentada na grade)	
O baile do sol o día de San Xoán		SI					
Hai que estar benditos para sacar a grade				SI	SI		
Os cuchos xemelgos						SI	
A nai dos cuchos non se pode muxir						SI	

Moitos destes elementos repítense noutros puntos da comarca e do resto de Galicia e encádranse no conxunto das lendas de mouras

e mouros. Por exemplo, González Reboredo⁷ menciona a figura da muller que peitea os seus cabelos en narracións orais referidas a vinte e dous castros de distintos puntos da comunidade galega; en dous destes casos aparécese na noite de San Xoán e noutros catro casos aparece asociada a un ritual que hai que cumprir para conseguir un tesouro. Así mesmo, cita outras catro lendas nas que a protagonista é unha moura fiando.

Respecto das historias sobre tesouros dos mouros, González Reboredo recolle tres nas que como sucede en San Xoán da Cova, o tesouro non se logra por non se cumpriren as condicións establecidas para desencantalo.

O autor menciona outro grupo de dezasete lendas nas que está presente unha galiña cos pitos de ouro, e en catro delas aparécese no día de San Xoán; destas catro unha foi recollida nun lugar relativamente próximo á Ponte Ulla: o castro de Texexe en San Xoán de Calo (Teo).

Soamente cunha mostra relativamente reducida coma a que estudou González Reboredo xa queda claro que as lendas recollen unha serie de elementos comúns en toda a xeografía galega e que estes se combinan de diversas formas, adaptándose ás características de diferentes lugares ‘misteriosos’ ou ‘máxicos’.

Pero existen conexións con lendas de fóra de Galicia? Ben por iniciativas persoais ou ben por proxectos colaborativos, a Internet estase convertendo en depositaria da cultura popular, e por tanto nunha imprescindible ferramenta á hora de abordar un estudo deste tipo. Permítenos localizar con rapidez libros e proxectos sobre temas concretos coma as lendas que doutro xeito se cadra tardaríamos meses ou anos en descubrir e logo consultar a través de bibliotecas. Nas seguintes páxinas queremos presentar unha relación de lendas con puntos en común coas de San Xoán da Cova, que non pretendemos exhaustiva, pero que si permite coñecer esoutras tradicións orais.

Así, atopamos no espazo ‘Mitos y leyendas de Galicia’ dunha rede social a lenda titulada ‘El tesoro de Pin’ que ten moitas similitudes coa de San Xoán da Cova. O Palacio de Pin do que fala esta

7 González Reboredo, José Manuel. *El folklore en los castros gallegos*. Santiago de Compostela, 1971, Universidade de Santiago de Compostela

lenda está na parroquia de Santa María de Pin, concello de Navia de Suarna (Lugo). Di así⁸:

En el río Navia, a su paso por debajo del lugar de Pin, hay un pazo que se conoce con el nombre de Pazo Redondo. Cuenta la leyenda que en dicho pazo había un tesoro encantado en un pozo y que solo se podía sacar con dos terneros gemelos enganchados a un arado romano y tirándolos al pozo.

Un día, en la casa que hoy se conoce como Palacio de Pin, nacieron dos terneras juntas. El dueño quiso aprovechar la ocasión para sacar el tesoro. Era también condición indispensable para sacar el tesoro que las terneras mamasen toda la leche de la vaca. Un día, la mujer fue a ordeñar la vaca, pero llegó el hombre y tiró con todo, derramando la leche por encima de las terneras. De ahí a unos meses tiraron con las terneras al pozo y se oyó cómo una voz decía:

– Non mamaron todo o leite.

A lo que el dueño contestó:

– Se non o mamaron, polo lombo o levaron –y pronunció unas palabras mágicas:

– Tira pinto, saca o arado; sacade o encanto que hai encantado.

En ese momento salieron las terneras con un caldero lleno de monedas de oro en el arado.

Otro exemplo: Miguel Ángel González González recolle un resumo das lendas do castro de Troña en Santa Mariña de Pías (Ponteareas), recompiladas anteriormente por diversos autores⁹:

Se cuenta, por ejemplo, que debajo de la ermita hay un cementerio de mouros, que desde este lugar sale un camino subterráneo que llega hasta el río Tea en Portavilares que utilizaban los mouros para ir a ver a sus caballos, o también de otro túnel que lleva desde el castro hasta el río Tea en el lugar que llaman Caldeira do Inferno y que en la salida hay un tesoro de oro en forma de grada. En el castro hay noticias de otros tesoros como una viga de oro que va desde el castro hasta Portela de Vilar, y una grada de oro, y un telar, también de oro, debajo del altar de la ermita. También se dice que delante de la capilla sale una mujer y después una serpiente y que, a veces, se deja ver a una señora sentada en una peña peinándose con un peine de oro.

Vemos de novo unha grade de ouro no río, e coma no caso de San Xoán da Cova o lugar está situado na saída dun túnel subterráneo que percorrían os mouros: aínda que non a mencionamos ata agora porque é unha lenda separada, hai que lembrar a tradición ullán que di que os dous ‘Buratos dos Mouros’ da cima do Pico Sacro están

8 <https://www.facebook.com/LeyendassobreGalicia/posts/946950638688902> a 26 de xullo de 2015.

9 González González, Miguel Ángel. *A Serpe de Troña*. En: <http://asturiense.blogspot.com.es/2014/11/a-serpe-de-trona.html>, a 26 de xullo de 2015.

unidos por debaixo da serra do Pico co burato que existe en San Xoán da Cova, que sería a cova que lle dá nome a este lugar; por el os mouros do Pico levaban os seus cabalos a beber no río.

O Pozo da Forca, situado no pé da ferverza da Baiabosa, nas proximidades de San Martiño de Riobó, en Cabana de Bergantiños, é outro dos lugares onde hai lenda da grade de ouro, de acordo con Eiroa e Varela¹⁰:

Se cuenta que en el fondo del Pozo da Horca se esconde una grada de oro; también se dice que desde aquí hasta la Torre da Penela va una viga de oro; además, que el pozo es un ojo del mar.



Unha grade de ferro apoiada contra un muro e á beira dunha pía en San Salvador de Camanzo, Vila de Cruces. Foto: Henrique Neira, 2008.

Sen saír de Galicia, pero cambiando unha grade por un xugo, Xabier Moure Salgado deu a coñecer a lenda do xugo de ouro do castro de Vilar de Frades, situado na parroquia de Ouselle, concello de Becerreá (Lugo)¹¹:

Cóntase que se se ara o castro con dous bois xemelgos atópase un xugo de ouro.

Volvendo á análise que fai González Reboredo das lendas castrexas, este apunta que hai protagonistas das lendas coma a galiña cos pitos que teñen “interesantes paralelos” noutras áreas de Euro-

10 Eiroa Pose, Ángel e Xosé Manuel Varela Varela. En: www.concello-cabana.es/ga/upload/pdt/inf/623-d-R-2.doc a 26 de xullo de 2015.

11 Moure Salgado, Xabier. *O xugo de ouro do castro de Vilar de Frades*. En: <http://www.galiciaencantada.com/lenda.asp?cat=17&id=2040> a 26 de xullo de 2015.

pa¹², desde a historia da galiña dos ovos de ouro¹³ ata o feito de que en Alemaña, Dinamarca, Francia, Italia, Reino Unido, Romanía e outros países a constelación das Pléiades leva por nome “a galiña” ou “a galiña e os pitos” tradicionalmente¹⁴.

No caso dos touros, bois ou cuchos, apunta como posibles orixes culturas prerromanas ou mesmo historias bíblicas; en efecto, aparecen referencias a pouco que se busca información sobre lendas e tradicións sobre bóvidos xemelgos.

Atopamos, por exemplo, que Admeto, personaxe da mitoloxía grega que participou na expedición dos Argonautas e que logo foi rei, acolleu o deus Apolo na súa casa cando este foi condenado a servir por un ano a un mortal como castigo por matar os cíclopes. Apolo quedou tan contento do trato que lle deron que fixo que todas as vacas pariran cuchos xemelgos¹⁵.

Outras tradicións e lendas: nalgúns lugares de Polonia, cando comezaba a primavera dous irmáns xemelgos araban a terra con dous bois xemelgos como estratexia de protección contra tormentas e sarabiadas¹⁶; Linn e Stevans indican que nos pobos xermánicos e eslavos se consideraba que cando unha vaca tiña cuchos xemelgos era un signo de que esa familia xa acadara toda a boa sorte posible, e que a partir de aí só lle esperaba mala sorte¹⁷; na tradición irlandesa, cando a illa aínda era unha terra árida, a vaca branca Bó Find apareceu polo mar occidental coa vaca vermella Bó Ruadh e a vaca negra Bó Dhu, resultando que Bó Find quedou a vivir no centro da illa e alí pariu dous cuchos xemelgos dos que descendería todo o gando vacún de Irlanda¹⁸.

12 González Reboredo, José Manuel. *El folklore en los castros gallegos*. Santiago de Compostela, 1971, Universidade de Santiago de Compostela. P. 88-89.

13 Atribúeselle a Esopo, fabulista grego que viviu probablemente entre os séculos VII e VI a.C. Véxase <https://gl.wikipedia.org/wiki/Esopo>, consultada a 12 de agosto de 2015.

14 Para coñecer máis sobre isto: Alonso Romero, Fernando. ‘La gallina y los polluelos de oro’. En: *Anuario Brigantino*, 2002, Nº 25. P. 64. Recuperado de: http://www.anuariobrigantino.betanzos.net/Ab2002PDF/2002%20063_076.pdf a 12 de agosto de 2015.

15 <https://gl.wikipedia.org/wiki/Admeto> a 26 de xullo de 2015.

16 Iwaniszewski, Stanislaw. 70 Reflexiones en torno de los graniceros, planetnicy y renuberos. En: *Estudios de Cultura Náhuatl*, Vol. 34 (2003). P. 391-422.

17 Linn Daniels, Cora e C.M. Stevans. *Encyclopedia of Superstitions, Folklore, and the Occult Sciences of the World*. 2003, The Minerva Group P. 599.

18 Monaghan, Patricia. *Encyclopedia of Goddesses and Heroines*. Santa Bárbara-California (Estados Unidos), 2009, ABC-CLIO. P. 181.

Máis probas de que as lendas non coñecen as fronteiras son as notables semellanzas que manteñen coa de San Xoán da Cova estouttras que agora citamos. Imos comezar en Asturias, onde Suárez López¹⁹ constata a existencia da lenda da grade de ouro no lugar de El Paxaxón (recollida en El Faidal, Tinéu); nunhas covas á beira do río (recollida en Sarceda, Bual); e a que máis se aproxima á de San Xoán da Cova é a recollida en Castrillón (Bual). Alí, no Pozo de Fiel hai unha grade de ouro e para sacala hai que empregar dous bois xemelgos; o autor recolle versións de dous informantes, a máis completa é a de Horacio Fernández: “Decían que había una grade de oro en el río, en el Pozo de Fiel, y que para sacarla que había que tirar dos terneros, tenían que ser gemelos. Lo que nun se ponían de acuerdo los viejos es que unos decían que tenían que ser pintos –que pintos era imposible casi, porque no había vacas frisonas como hay hoy– y otros decían que tían que ser rubios, ¿no? Y después que salían gradando con la grade de oro pal lado izquierdo”.

Outra versión recollida en Llusoiro (Cuaña) indica que no lugar de Los Llamazales había unha grade de ouro que aparecía na noite de San Xoán:

Tamén decían que ahí a parte d'abaxo d'ese prao, decían que había tamén ua grade de oro, y que salía a noite de San Juan. Ahí nos Llamazales, y-llamamos.

Localizamos outra lenda sobre unha grade e un río, desta volta vencellada á figura das sereas, que alí son coñecidas como ‘serenas’. Veláí a versión que achega Marisa Díaz²⁰:

En Veiga'l Horru (Cangas del Narcea) se habla de una Encantada que bajó riega abajo montada en un cofre cargado de oro, hacia el mar para transformarse en Sirena. En el mismo concejo se habla de una Encantada mitad mujer y mitad pez, en el pozo La Rinconca, raptaba a los críos, solamente pudieron matarla unciendo dos bueyes gemelos a una grade, al sacar a la Encantada arrastrándola por los pelos, ésta lanzó uno de sus cabellos al agua junto a una maldición. “Adios miou pelu celemín, que tous los años m’entreges un pelegrín”. Desde entonces el día de Santiago, día de los peregrinos, nadie se baña en el río, puesto que se ahogaría a causa de la maldición.

19 Suárez López, Jesús. *Tesoros, ayalgas y chalgueiros. La fiebre del oro en Asturias*. Gijón, 2001, Fundación Municipal de Cultura, Educación y Universidad Popular. P. 152-154.

20 Díaz, Marisa. *La Serena*. En: http://leyendesasturianas.blogspot.com.es/2010_03_01_archive.html a 26 de xullo de 2015. Unha versión un pouco máis ampla podemos atopala en: Álvarez Peña, Alberto. *Lleendes de la Mariña*. Oviedo, 2000, Ayda. P. 45-46.



Vista parcial do lago de Sanabria, en galego lago de Seabra (Zamora).
Foto: Henrique Neira, 2010.

Continuamos coa lenda do lago de Sanabria (Zamora), en galego chamado lago de Seabra; na Wikipedia resumen a versión recollida por Salvador Palacios²¹, que coincide coa do estudoso Luis Cortés Vázquez:

Cuentan que un buen día llegó a la aldea de Villaverde de Lucerna un peregrino pidiendo limosna, y al que nadie le atendió, salvo unas mujeres que estaban cociendo pan en el horno de este pueblo. Éstas se apiadaron de él, y le dejaron entrar en la sala del horno para que pudiera guarecerse del intenso frío y saciar su hambre con algo más de masa que pusieron en el horno. La masa que introdujeron en el horno creció tanto que finalmente el pan se salió del horno y, las mujeres, sorprendidas ante este hecho, escucharon de boca del peregrino, que resultó ser Jesucristo, el castigo que iba a implantar al pueblo ante su falta de caridad: inundaría la aldea, por lo que debían de huir de sus casas para refugiarse en el monte. Seguidamente el hombre clavó su bastón en el suelo diciendo:

Aquí clavo mi bastón
aquí salga un gargallón
aquí cavo mi ferrete
que salga un gargallete.

21 Salvador Palacios, Pedro. *Lago de Sanabria*. Segovia, 1996, Artéc Impresiones. P. 142.

El agua brotó a borbotones anegando el pueblo de Villaverde, salvándose de las aguas tan solo el horno, que conforma hoy en día la pequeña isla que hay en el Lago.

Sigue contando la leyenda que los vecinos de los alrededores quisieron sacar las dos campanas de la iglesia hundida, empleando para ello a dos jatos [Redondo y Bragau] que estuvieran bien alimentados. Sin embargo a uno de ellos le habían ordeñado a la madre y no había podido mamar, derramándose parte de la leche ordeñada por el lomo del animal. Este finalmente no pudo sacar la campana del fondo del Lago y el bien alimentado le decía:

Tira buey bragau
que la leche quí
ordeñarum
por el lomu le fue echau.
Ven aquí bragau.
-No puedo, quí estoy
ordeñau, le contestó.

La campana que se hundía le decía a la otra que salía:

Tu te vas, Verdosa,
yo me quedo Bamba
y hasta el fin del mundo
no seré sacada”.

Y esta es la campana que los hombres de bien pueden oír repicar desde el fondo de las aguas la noche de San Juan.

Jesús Suárez López, que recolleu en Asturias as lendas sobre a grade de ouro que xa citamos e que tamén estudou a do lago, asegura²² que

Existen otras paralelas en el País Vasco y en Portugal, que eran desconocidas por Luis Cortés. Y también hay un recuerdo iconográfico, en un escudo de armas de Cantabria, del apellido Pumarejo y Liaño, donde se ve a dos bueyes que tiran de un rastro y sacan a una sirena del mar, tirando de su cabellera. Todos estos datos, desconocidos, permiten interpretar la segunda parte de la leyenda del Lago de Sanabria a la luz de la tradición de la cornisa cantábrica.

Sobre a lenda cántabra do apelido Pumarejo, atopamos a descripción do escudo correspondente a este apelido, conforme o describe Mateo Escagedo Salmón²³:

22 Hernández, Jesús. *García Márquez descubrió el realismo mágico, pero ya estaba revelado en Zamora y Asturias*. En: 73 La Opinión de Zamora, 6 de xullo de 2009; <http://www.laopiniondezamora.es/zamora/2009/07/06/garcia-marquez-descubrio-realismo-magico-revelado-zamora-asturias/369007.html> a 26 de xullo de 2015.

23 <http://www.blasoneshispanos.com/Heraldica/HeraldicaGentilicia/Armoriales/PP/Pumarejo.htm> a 12 de agosto de 2015.



Campás en Puebla de Sanabria (Zamora), en galego A Pobra de Seabra.
Foto: Henrique Neira, 2010.

Azul, cruz de oro floreteada y al pie de ella dos bueyes que tiran de un rastro, y en él un hombre que saca una sirena por los cabellos de entre otras que están en agua de mar; el hombre, desnudo, con unos pañeles como si saliera del mar; él y los bueyes salen llenos de conchas de oro, y al pie de la cruz también conchas.

No País Vasco o que temos son dous bois xunguidos que tiran por unha cuncha, como elemento do romance e lenda das doce palabras²⁴:

Dos bueyes uncidos delante de una concha, tiran, mueren: mira aquí el prodigio.

A lenda da grade de ouro existe tamén dunha forma semellante á do río Ulla en varios lugares de Portugal. A seguir ofrecemos a versión de Vila Verdinho, localidade da freguesía de Cedães e mu-

24 Díaz Viana, Luis. 'Las Doce palabras: Romance y Leyenda'. En: *Revista de Folklore* 1980, Nº 0. Recuperada de: <http://www.funjdiaz.net/folklore/07ficha.php?ID=4> a 12 de agosto de 2015.

nicípio de Mirandela, que forma parte da rexión de Trás-os-Montes. Recolleuna en 2001 Alexandre Parafita²⁵:

Um día estaba um lavrador a pastorear as suas vacas perto de Vila Verdinho, concelho de Mirandela, quando lhe apareceu uma mulher desconhecida, que depois soube ser uma moura, e lhe disse:

– Tens aí duas vacas que vão ter dois bezerros. Tu vais criá-los, mas nunca tires às vacas uma pinga de leite. Daqui a um ano, quando for S. João, metes os bezerros no rio com uma grade de gradar a terra. Se assim fizeres terás a tua fortuna.

O lavrador, ao chegar a casa, contou à mulher, pedindo-lhe que fizesse como a outra lhe tinha dito.

O tempo passou, nasceram os bezerros e lá foram crescendo. Acontece que um día a mulher do lavrador esqueceu-se do pedido do marido e foi tirar o leite às vacas. Estava então nesta tarefa quando, de repente, se lembrou; e, com a atrapalhação, atirou com o leite por cima de um dos bezerros, que logo ficou todo malhado de branco.

Ao chegar a manhã de S. João, o lavrador fez como a moura lho havia dito: meteu os bezerros ao rio com a grade. E qual não é o seu espanto ao ver que a grade, ao ser puxada pelos animais, ia aparecendo à tona da água transformada em ouro. Só que, logo em seguida, do lado do bezerro malhado a grade começa a afundar-se.

O lavrador dizia então para os bezerros:

Quer Deus queira, quer não queira,
a grade vai p ró cima da barreira!

É o vais. Quanto mais ele os picava mais a grade se afundava. E, dali a nada, tanto ela como os bezerros foram parar ao fundo das águas. Perdeu tudo. Ouvia-se então uma voz a dizer:

Maldito, que me dobraste o encanto!

En *lendarium.org* observamos que a grade de ouro aparece noutros lugares portugueses²⁶, aínda que non en todos os casos os rituais para conseguila son como os que xa coñecemos. Están a grade de ouro da ponte do río Vima (recollida en Crestuma, Vila Nova de Gaia, Porto); a da Manguela (Canedo, Santa Maria da Feira, Aveiro); a do Pego das Pias (Vila Nova de Milfontes, Odemira, Beja); a da Fonte da Guarda (Feira, Santa Maria da Feira, Aveiro); a das Mouras Encantadas do Outeiro do Murado (Mozelos, Santa Maria da Feira, Aveiro); a da Fonte das Grades (Paços de Ferreira, Porto); a da Cer-

25 Parafita, Alexandre. 'A Mitologia dos Mouros: Lendas, Mitos, Serpentes, Tesouros'. Vila Nova de Gaia, 2006, Gailivro. P. 279-280. Recuperada de: <http://www.lendarium.org/narrative/a-grade-de-ouro/?tag=1413> a 12 de agosto de 2015.

26 <http://www.lendarium.org> a 12 de agosto de 2015.

ca do Peral (Peral, Proença-A-Nova, Castelo Branco); a do Pego Amarelo (Monchique, Faro); a da lenda do preto que viveu na Casa da Fonte (Couto de Esteves, Sever do Vouga, Aveiro); a do merendeiro e a grade de ouro (Sátão, Viseu); a do Poço da Talha (Mouriscas, Abrantes, Santarém); a do Poço do Pego (Nelas, Viseu).

Así pois, temos lendas emparentadas en Galicia, Asturias, Castela e León, Cantabria, País Vasco e Portugal. Un interesante nexo entre todas estas terras, pero lamentablemente cunha orixe tan misteriosa como as propias lendas.



Geodemografía del municipio de A Estrada

Julio Hernández Borge
julio.hernandez.borge@usc.es

Resumen. Partiendo de los datos del Censo de Población de 2011, publicados recientemente por el Instituto Nacional de Estadística (I.N.E.), se analizan en el presente artículo los principales rasgos geodemográficos del municipio de A Estrada, caracterizado por una evolución descendente de su número de habitantes, así como por un acusado envejecimiento de la estructura por edades de su población, situación que está muy ligada a los cambios habidos en la natalidad y en la mortalidad a lo largo del último medio siglo y también a las modificaciones registradas en los movimientos migratorios. Se señalan asimismo los principales desequilibrios existentes dentro del término municipal.

Abstract. Based on data from 2011 Population Census, recently published by the National Statistics Institute (INE), this article discusses the main geodemographic characteristics in A Estrada city council, characterized by a population decline, as well as a marked aging of its population age structure, a situation that is closely linked to changes in birthrate and mortality over the last half century and also to changes in migratory movements. Major imbalances within the municipal area are also pointed out.

Desde mediados del siglo XIX y con una periodicidad casi siempre decenal se han venido realizando en España Censos de Población, que, mediante el reparto de cuestionarios por todas las viviendas familiares y por los establecimientos colectivos, han permitido realizar una inscripción nominal y directa de todas las personas para conseguir con ello un recuento exhaustivo de todos los habitantes y para, al mismo tiempo, localizarlos territorialmente y conocer cuáles eran sus características. Estos recuentos demográficos se apoyan en la división administrativa de 1833 en provincias y municipios con las entidades de población existentes en cada uno de estos últimos.

Este procedimiento de contabilización de la población española se ha llevado a cabo de esta manera hasta el año 2001, fecha en que se realizó el último Censo de población por inscripción nominal y directa de todos los habitantes. Por el contrario para realizar el Censo de 2011 se ha confeccionado previamente un fichero

precensal que ha tomado el Padrón municipal de habitantes como elemento básico de su estructura y que ha sido elaborado mediante la combinación de varias fuentes de información¹ (uso de registros administrativos tales como la Seguridad Social o la Agencia Tributaria). El reparto de cuestionarios por todos los edificios (familiares o colectivos) destinados a vivienda se ha sustituido por una gran encuesta por muestreo (el 12,3% de la población y el 11,9% de todas las viviendas) que es la que permite conocer las características de la población (sexo, edad, nacionalidad, estado civil, grado de instrucción, actividad y ocupación, etc.). Estos cuestionarios han podido ser respondidos a través de Internet.

Con estos cambios llevados a cabo en la metodología utilizada para realizar el último Censo de población se ha perdido el rasgo de exhaustividad que ha venido caracterizando a todos estos recuentos demográficos efectuados desde 1857. La causa principal de esta modificación está relacionada con la consecución de un ahorro económico en medios materiales y humanos, pues la realización de una operación estadística de la envergadura de un recuento censal representa un desembolso importante para las arcas del erario.

El resultado de todas las operaciones censales de 2011 (referido al día 1 de noviembre) ha dado para el municipio de A Estrada una población de 21.626 habitantes. Si comparamos esta cifra con los datos demográficos proporcionados por las Renovaciones padronales, que se publican cada año para todos los municipios españoles con referencia al 1 de enero y que son en la actualidad las cifras oficiales de población de nuestro país, encontramos que tiene una gran proximidad con la del Padrón municipal de 1 de enero de 2012 (21.657 habitantes), de la que lo separan sólo un par de meses, lo que es un indicio de la fiabilidad de los datos del Censo.

Una evolución demográfica regresiva

Los 21.626 habitantes censados en 2011 muestran que en A Estrada continúa la tendencia demográfica regresiva que se viene registran-

1 En la página web del I.N.E. (<http://www.ine.es/censos2011/censos2011.htm>) puede encontrarse información detallada sobre la metodología del Censo de 2011, así como de su cuestionario.

do desde mediados del siglo XX, una tendencia que contrasta con la que había dominado en la primera mitad de la pasada centuria, pues en ésta predominó el incremento de la población (cuadro I).

Cuadro I: Evolución de la población municipal de derecho de A Estrada

Años	Habitantes
1900	26.838
1910	27.698
1920	28.827
1930	30.179
1940	30.859
1950	31.293
1960	30.928
1970	29.382
1991	22.391
2001	22.308
2011	21.626

FUENTE: I.N.E.: Censos de Población de los años respectivos.

El principal factor responsable del cambio de tendencia en la evolución demográfica citada es el crecimiento natural (resultado del balance entre el número de nacimientos y el de defunciones), pues se ha caracterizado a lo largo de la segunda mitad del siglo XX por su trayectoria descendente hasta hacerse negativo desde 1983, lo que compromete seriamente el futuro poblacional del municipio. A principios de los años sesenta del siglo XX nacía anualmente en el ayuntamiento de A Estrada un promedio superior a los 400 niños, cifra que cayó por debajo de 300 desde 1982 y de 200 desde 1990; en los once primeros años del siglo XXI la media anual fue de 153. Lo contrario ha ocurrido con las defunciones que han pasado de ser menos de 200 de media a comienzos de los años sesenta a 274 entre 2001 y 2011 (con una población absoluta menos numerosa). Las actuales tasas de natalidad y fecundidad son muy bajas y no aseguran la sustitución de una generación por la siguiente, en tanto que las de mortalidad tienden a crecer, de ahí el crecimiento natural de signo negativo (cuadro II).

Cuadro II: Evolución del movimiento natural municipal

Promedio anual	1961-70	1975-81	1982-91	1992-01	2002-11
Nacimientos	385,6	350,5	218,4	154,1	152,4
Defunciones	223,2	271	282,9	286,1	274,8
Crecimiento Natural	162,4	79,5	-64,5	-132	-122,4
Tasa de natalidad	12,79‰	12,31‰	8,79‰	6,90‰	6,94‰
Tasa de mortalidad	7,40‰	9,52‰	11,38‰	12,80‰	12,51‰
Tasa de crecimiento natural	5,39‰	2,79‰	-2,59‰	-5,90‰	-5,57‰

FUENTE: I.N.E. y elaboración personal.

La emigración condicionó durante mucho tiempo el crecimiento demográfico de A Estrada, haciendo que el número de sus habitantes se incrementase menos de lo que le correspondería en función del superávit de nacimientos con relación a las defunciones, tal y como ocurrió en la primera mitad del siglo XX. De la importancia de las salidas de personas en esta época, en la que dominaba la emigración transoceánica, son un reflejo las tres sociedades radicadas en América que perviven en nuestros días y que llevan el nombre de A Estrada: “Sociedad Hijos del Ayuntamiento de La Estrada” (La Habana), “Centro Cultural del Partido de La Estrada” (Buenos Aires) y “Centro Benéfico Social Hijos de La Estrada” (Caracas).

Pero desde los años centrales del siglo pasado en que hubo una reactivación de las salidas internacionales (es la etapa del declive de la emigración ultramarina en la que destacó Venezuela en los años cincuenta y de la gran emigración a países de Europa occidental) el crecimiento vegetativo, con una natalidad cada vez más débil y una mortalidad en alza debido al envejecimiento de la estructura por edades de su población, ya no pudo compensar el déficit migratorio, de ahí el descenso en la cifra total de habitantes.

En el último cuarto del siglo XX A Estrada registró un saldo migratorio de signo negativo próximo a las 6.000 personas (-6.061). Pero conviene señalar que con el paso de los años se empezaron a producir cambios en las características de los movimientos migratorios, debido al descenso de las salidas y al crecimiento del número de emigrantes retornados: en los años noventa de dicha centuria, por

ejemplo, solieron ser más numerosas las entradas de personas en el municipio que las salidas, especialmente en los intercambios con el extranjero. Esta situación se afianzó con el cambio de siglo, etapa en la que junto a los emigrantes que regresan se ha sumado un pequeño contingente de inmigrantes extranjeros, lo que ha provocado que en los primeros once años del siglo XXI este municipio tuviera un saldo migratorio de signo positivo de 774 personas, que no sirvió, de todos modos, para contrarrestar las pérdidas debidas al excedente de las defunciones sobre los nacimientos.

Las cifras de las estadísticas migratorias municipales del Instituto Galego de Estatística confirman estas afirmaciones, de tal manera que en los diez años del período 2002-2011² el municipio de A Estrada tuvo un saldo migratorio negativo en sus intercambios con el resto de Galicia y con el resto de España, en cambio con el extranjero el superávit se aproximó a las 800 personas (792).

Entre los extranjeros contabilizados en el Censo de 2011 (388) destacan los originarios de países de la Unión Europea (153), con una importante presencia de portugueses. Del resto del mundo tienen importancia a partes iguales los procedentes de América del Sur (105) mayoritariamente llegados de países hacia los que hubo emigración de la comarca de Tabeirós en el pasado, y los de África (105), casi exclusivamente marroquíes. De los restantes países la presencia es insignificante. De todas formas esta cifra es pequeña si la comparamos con la de los estradenses que viven en el extranjero: en el Padrón de Españoles Residentes en el Extranjero (PERE) figuran 5.482 personas del ayuntamiento de A Estrada.

Este cambio de signo habido en las migraciones y, particularmente, el retorno de emigrantes desde América queda reflejado también en la creación en el municipio en 2005 de la “Asociación Comarcal Hermandad Venezolana de A Estrada”, integrada por 25 familias.

Estructura de la población

El alto grado de envejecimiento de la estructura por edades de la población estradense es el rasgo más característico que presenta su

2 Se toma 2002 como año de inicio porque es el primero en que las estadísticas de migraciones municipales del I.G.E. traen cuantificadas las salidas al extranjero.

régimen demográfico en la actualidad. Según el Censo de población de 2011 algo más de la cuarta parte del total de habitantes municipales tenía en esa fecha 65 años o más, constituyendo esta cifra una etapa en un proceso de envejecimiento que se espera que continúe acelerándose en el futuro.

El inicio de la llegada de la población municipal a una situación calificable de envejecida se remonta a las décadas centrales del siglo XX, porque fue entonces cuando la proporción de viejos (las personas de 65 años en adelante) llegaron a representar el 10% del total de habitantes (cuadro III). Pero desde los años sesenta de la pasada centuria al compás del descenso de la natalidad, del aumento de la duración media de la vida y también, aunque cada vez menos, de la emigración el proceso de envejecimiento se aceleró, de modo que en el Censo de 1981 este grupo de personas ya rebasaba el 15% de los habitantes municipales, valor que es propio de poblaciones envejecidas sin paliativos. El 20% se rebasó en 1991 y en el Censo de 2001 casi se llega a la cuarta parte. La ralentización en el incremento habida en la primera década del siglo XXI está relacionada con los cambios registrados en el dinamismo demográfico a que aludíamos más arriba, especialmente los producidos en los movimientos migratorios.

Cuadro III: Porcentaje de la población de 65 años o más sobre la total municipal

Años	1940	1950	1960	1970	1981	1991	2001	2011
%	9,50%	10,10%	9,02%	12,57%	15,91%	20,46%	24,37%	25,79%

FUENTE: I.N.E. y elaboración personal.

La pirámide de edades de la población estradense en 2011 es un buen ejemplo gráfico de las características de la estructura demográfica, especialmente si, como en este caso, está hecha año por año (figura 1). Se puede apreciar el perfil regresivo de las cohortes de la parte baja del gráfico (por debajo de los treinta y tantos años), algo que corresponde a la fuerte regresión registrada en los nacimientos desde los años ochenta del siglo XX, aunque la longitud de los brazos de los nacidos en el siglo XXI parecen mostrar un ligero freno en ese proceso descendente de la natalidad. La gran longitud de las

cohortes de adultos maduros (de 40 a 65 años) y de viejos (salvo las generaciones nacidas durante la guerra civil española: claramente perceptible en la entalladura de las personas con edades comprendidas entre 70 y 74 años) reflejan las mejoras en los aspectos médico, higiénico y sanitario, que permiten a la población municipal alcanzar una gran longevidad. Sólo por encima de los 85 años se reduce rápidamente la longitud de los brazos de la pirámide, especialmente del lado de los hombres.




Figura 1: Pirámide de edades del municipio de A Estrada según el Censo de 2011

Queda claramente reflejado en la pirámide de edades de 2011 que el envejecimiento no afecta por igual a los dos sexos, puesto que las mujeres representan el 59,07% de la población de 65 años en adelante frente al 40,89% de los hombres. El contraste entre los efectivos de uno y otro sexo se acentúa a medida que avanzamos hacia la cima de la pirámide por la mayor duración media de la vida que tienen las mujeres, de tal manera que entre las personas de 80 años y más aquellas casi duplican a los varones (1.176 frente a 622)

por lo que, como en el conjunto de la comunidad autónoma gallega (Hernández, 2008) hay que hablar en el municipio de A Estrada de una feminización de la vejez.

Las mujeres de este municipio han registrado un adelantamiento cronológico en el proceso de envejecimiento, de modo que ya en 1950 las que tenían de 65 años en adelante representaban más del 12% de la población de su sexo y el 15% en 1970 (cuadro IV), constituyendo en 2011 el 29,23%, cifra siete puntos más alta que la de sus homólogos varones (22,03%) y, por supuesto, también son más numerosas las mujeres de la tercera edad que las jóvenes a las que duplican con creces (las menores de 20 años constituían en 2011 el 13,79% de la población femenina total).

Cuadro IV: Porcentaje de la población municipal de 65 años o más con relación a la total de cada sexo

Año	Hombres	Mujeres
1950	7,39	12,23
1970	9,64	15,19
1991	16,93	23,53
2011	22,03	29,23

FUENTE: I.N.E. y elaboración personal.

Al tratarse de un municipio muy extenso (281 Km², el segundo de la provincia de Pontevedra por su superficie, sólo superado por Lalín) hay diferencias bastante marcadas dentro del territorio abarcado por su término municipal en lo relativo al grado de envejecimiento.

Es en las parroquias más meridionales (Arca, Nigoí, Parada, Souto, Codeseda, Liripio, Ribela o Sabucedo), donde se alcanzan los valores de envejecimiento más elevados, correspondiéndose con el territorio municipal de topografía más accidentada y de mayor altitud, al encontrarse en las estribaciones de la denominada “Terra de Montes” formada por los ayuntamientos de Forcarei y Cerdedo donde se encuentran algunas de las sierras de la dorsal de la Galicia meridional en las que tienen su nacimiento los ríos Umia y Lérez). Junto a ellas también están muy envejecidas algunas parroquias li-

mítrofes con Silleda como Curantes y Rubín. En las áreas citadas se alcanzan porcentajes de las personas de 65 años y más próximos o superiores al 40% del total de sus habitantes. Por el contrario es en la capital municipal, una cabecera comarcal importante que proporciona bienes y servicios a los habitantes de su extenso término municipal pero también a los de algunos ayuntamientos vecinos, donde el envejecimiento es menor (en alguna de sus secciones censales los viejos no llegan a representar el 15% de la población)

Este contraste entre las características demográficas de la capital municipal y las del resto del término ya se vienen dando desde hace décadas, siendo un hecho que se manifiesta desde mediados del siglo XX en un crecimiento de la población residente en la villa y en un descenso de la mayor parte de las restantes parroquias del término municipal, especialmente de las situadas al sur en las áreas más montañosas, que están menos pobladas que las localizadas en zonas de topografía menos accidentada y más próximas al río Ulla (Miramontes, 2001), hasta tal punto que algunas entidades de población han quedado deshabitadas. Según el Nomenclator de 2012 este es el caso de siete de ellas: A Pedreira (parroquia de Santa Mariña de Agar), A Calzada (de San Xiao de Arnois), O Coto (de San Xurxo de Codeseda), O Ouzamerxe (de San Xiao de Guimarei), O Pinal (de S Estevo de Oca), Os Muros (de San Pedro de Parada) y Cruxeira (de San Xoán de Santeles).

Las características demográficas de A Estrada en el contexto de Galicia

La situación de envejecimiento demográfico generalizado que presenta el municipio de A Estrada es uno de los rasgos que caracterizan en nuestros días a las poblaciones de los países desarrollados, constituyendo uno de los principales retos a los que tienen que enfrentarse los gobiernos de esos Estados por sus numerosas implicaciones económicas y sociales.

Galicia se enmarca plenamente en este contexto característico de un régimen demográfico evolucionado, siendo en la actualidad una de las regiones españolas y europeas más envejecidas y en la

que se espera que esta situación continuará acentuándose en las próximas décadas según las proyecciones demográficas que diferentes organismos oficiales vienen llevando a cabo en los últimos años (Hernández 2011 y 2013).

Pero, al igual que señalábamos más arriba que en el término municipal estradense existen desigualdades en el grado de envejecimiento que han alcanzado las diferentes parroquias que lo componen, en la comunidad autónoma gallega encontramos contrastes mucho más marcados entre sus diferentes comarcas, algo lógico dada su mayor extensión superficial y sus diferencias en el medio físico y en los aspectos socioeconómicos. Merece ser destacado en este sentido el hecho de que el envejecimiento demográfico ha sido cronológicamente más temprano en el medio rural que en las ciudades, por lo que es allí donde alcanza más intensidad en nuestros días.

Por provincias es en Lugo y Ourense donde encontramos los índices de envejecimiento más elevados, especialmente en aquellas comarcas ubicadas en las áreas más montañosas (Sierras de Ancares, Caurel, Queixa, San Mamede, Larouco), así como en la zona próxima a la confluencia de los ríos Sil y Miño (Hernández 2006 y 2013). Por el contrario las comarcas menos envejecidas se localizan por áreas costeras, entre las que destacan las Rías Bajas y su hinterland interior más proximo (especialmente por el área metropolitana de la ciudad de Vigo), la periferia de las ciudades de A Coruña y Santiago de Compostela (es decir el denominado eje atlántico que sigue más o menos en su trazado el de la autopista), a los que hay que añadir algunos pocos términos más relacionados con algún núcleo de porte más o menos urbano.

En una posición intermedia entre estos extremos se encuentran los restantes municipios gallegos y entre ellos está A Estrada, término situado en el postpaís de las Rías Bajas, contando con la presencia de una cabecera comarcal de porte urbano, que ha evitado que se alcance el nivel de alto envejecimiento de sus entornos, como ocurre con Cerdedo o Forcarei, los ayuntamientos que con el estradense forman la comarca Tabeirós-Terra de Montes.

De cara al futuro cabe esperar que seguirán acentuándose las tendencias demográficas que caracterizan en la actualidad el municipio

estradense, por lo que cabe esperar una continuación en el proceso de envejecimiento en que se halla inmerso, así como una disminución del número de habitantes totales, con un desequilibrio cada vez mayor entre la capital municipal, que tendrá un peso demográfico cada vez más acusado y el resto del territorio que seguirá despoblándose.

Bibliografía

- HERNÁNDEZ BORGE, J. (2006): Vejez y territorio en Galicia. *Semata*, nº 18, pp. 143-166.
- HERNÁNDEZ BORGE, J. (2008): La feminización de la vejez en Galicia. *Semata*, nº 20, pp. 93-111.
- HERNÁNDEZ BORGE, J. (2011): Despoboamento e avellentamento: Galicia cara ao ano 2020. *Revista Galega de Economía*, vol. 20, nº extraord., pp. 121-140.
- HERNÁNDEZ BORGE, J. (2013): *Galicia, unha poboación avellentada*. Santiago de Compostela, Servizo de Publicacións da Universidade.
- MIRAMONTES CARBALLADA, A. (2001): Población y territorio en el municipio de A Estrada (Pontevedra) 1887-1996. *A Estrada, Miscelánea histórica e cultural*, nº 4, pp. 211-224.



Catálogo da biblioteca de don José Dionisio Valladares, efectuado polo seu fillo Marcial Valladares

Juan Andrés Fernández Castro
juanandresfc@yahoo.es

Resumo. Ofrécese o inventario da biblioteca que fundara, contra principios do século XIX, José Dionisio Valladares (1787-1864), pai do escritor e lexicógrafo estradense Marcial Valladares Núñez (1821-1903), autor deste catálogo, que realizou no ano 1850. Aínda que a maioría dos seus títulos foron publicados na decimonovena centuria, ao seu carón encóntanse edicións dos séculos XVI, XVII e XVIII, a veces abondo raras e curiosas. Predominan, como é lóxico nunha familia de xuristas, os títulos relacionados con esta especialidade.

Abstract. This article presents the inventory of the library founded at the turn of the nineteenth century by José Dionisio Valladares (1787-1864), father of the writer and lexicographer from A Estrada, Marcial Valladares Núñez (1821-1903), author of this catalog, written in 1850. Although most of his works were published in the nineteenth century, there are editions from the sixteenth, seventeenth and eighteenth centuries, sometimes quite rare and curious. Obviously, in a family of jurists, works related to this field are predominant.

Sedas: pelo longo do pescozo e do rabo das bestas, que é obxecto da operación da rapa. Nas primeiras anotacións escritas desde a penúltima década do século XVII, as ganancias que a igrexa percibe en relación coas bestas dependen, aparte das vendas directas de poldros, das vendas de coiros ou peles das bestas e non precisamente das vendas das súas sedas, das que só empeza a haber constancia no ano 1724. É neste ano cando, ó tempo que se indica que o número de bestas é de trinta e cinco e de que están en “Montoto”, se anota tamén que o arcebispo de Santiago ordena o seguinte: “Las cerdas del ganado del Santo sean para la fábrica desde hoy en adelante ...”. En consecuencia, ocorren xa neste mesmo ano as primeiras vendas das sedas (“cerdas” en castelán): “diez reales y medio de las cerdas que se vendieron”. Ata entrada a segunda metade do século XX non deixaron de ter as sedas das bestas unha clara finalidade económica. Neste sentido, escribía polos anos trinta do século pasado J. Rof Codina sobre a utilidade práctica das sedas do gando bravo cabalar galego o seguinte: “cuando no se venden las crines para usos industriales, los ganaderos las cuecen para desengrasarlas y las destinan a la fabricación de cuerdas y ronzales muy resistentes o para el relleno de colchones, almohadas o sillones de tapicería”.

Sestear: dise das bestas cando paran de comer e de andar e se manteñen quietas e de pé.

Solta: elementos de corda (solta) ou de madeira (tranca) que se lle coloca a unha besta para reducir a súa mobilidade. No monte de Sabucedo nunca se empregaron, aínda que si noutros montes de Galicia e o seu uso está prohibido por lei.

Soltar as bestas: o luns da Rapa cara ó mediodía é cando a eguada de Sabucedo (bestas do santo e particulares), rematadas xa os actos e tarefas deste día, realiza a súa viaxe de volta, a paso lixeiro e sen vagar, cara as súas propias e tradicionais zonas do monte, exercendo nisto os griñóns o seu labor de agrupar e liderar as propias bestas con rinchos e outros xestos. Mais antes de se dirixiren definitivamente as greas cara ás súas propias zonas montesías acougan aínda o tempo que queiran no recinto do monte, cercado e relativamente próximo, do Castelo, onde especialmente a bichos e poldros lles

será máis doado reencontrarse coas nais. Cada grea poderá polo tanto decidir o intre de saír pola entrada aberta do cercado cara á súa particular e tradicional zona do monte.

Tornar: vixiar ou coidar das bestas.

Tranca (ver *Solta*).

Vellas (as): nome co que a tradición oral lembra as dúas irmás que estarían na orixe da Rapa das bestas coa súa doazón, tras seren liberadas dunha peste, a San Lourenzo, padroeiro da parroquia, dun par de bestas da súa propiedade. Os veciños de Sabucedo manteñen, en efecto, comunitariamente a crenza de que a orixe desta festa está no feito dunha gran peste que devastou a bisbarra. En tal situación as irmás ofrécenlle a San Lourenzo dúas bestas da súa propiedade se as defendía do contaxio. No tempo que durou a ameaza da peste as irmás refuxiáronse nunha cabana non moi afastada do pobo (a fuxida era entón considerada como o mellor remedio para non pereceren). Pasada a peste cumpriron a súa promesa, doándolle ó párroco as bestas, que andando o tempo se multiplicaron polos montes próximos. Sobre esta posible orixe da Rapa das bestas non hai noticias nos libros parroquiais, aínda que existen algúns datos que poderían estar a prol dela nalgúns topónimos que semellan ter relación co sitio, próximo á Sabucedo, onde as vellas se refuxiarían; por exemplo, “A Cabana” (“O Coto da Cabana”), unha leira nunha carballeira a un quilómetro máis ou menos da aldea de Sabucedo na que se atopan restos (nos anos oitenta do século pasado aínda visibles, soterrados despois e redescubertos arqueoloxicamente no ano 2013) de muros ou paredes dunha antiga casa; hai tamén, no entorno desa mesma “Cabana”, outros topónimos como “Carballeira das Vellas”, “Lebagueiras vellas”, “Fonte das Vellas”, etc. En calquera caso, a tradición oral podería estar baseada nalgunha das pestes das que hai constancia que tiveron lugar desde a segunda metade do século XVI. Sabemos concretamente dunha que afectou directamente ó Couto de Codeseda (e polo tanto non só a Codeseda, senón tamén a Liripio e Sabucedo, pertencentes entón a ese Couto). Foi a peste bubónica (“mal de bubas”) do ano 1567. No “Tumbo E” da Catedral de Santiago hai esta anotación:

“Año de mill e quinientos sesenta y siete por el mes de Octubre empeçó la pestilencia en el puerto del Grobe y duró más de año y medio; y de allí dio en Caldas de Reyes, en Codeseda, en Noya, en Rianjo; y por Mayo de sesenta y nueve empeçó en la villa de Vigo y en la ciudad de Santiago, y duró en ella hasta el mes de henero de setenta. Murieron en Sanctiago ocho mil personas de toda suerte”. Naturalmente, desta ou doutras pestes posteriores non pode haber constancia nos documentos parroquiais, dado que estes comezan a escribirse a finais do século XVII (no ano 1682).

Ventar: expresión que se refire á percepción que teñen as bestas de se sentiren observadas ou buscadas e á actitude que adoptan (“as bestas xa nos ventaron”).

Nota final

Na elaboración deste curto minidicionario da *Rapa das bestas de Sabucedo* debemos ós nosos familiares, veciños do noso Sabucedo natal e a outros amigos nosos e da festa da Rapa diversas informacións ou aclaracións. A todos eles (Lino Cabada, Fina Monteagudo, Luís Cabada, Marisa Monteagudo, Javier Obelleiro, “Gelo”, etc. etc...) o noso máis quente agradecemento. En calquera caso, no libro de Manuel Cabada Castro “*A Rapa das bestas*” de Sabucedo. *Historia e antropoloxía dunha tradición* (Vigo, Ir Indo, 1992) poderán atopar os interesados informacións máis amplas e detalladas sobre a historia e as orixes desta singular celebración festiva.



Sociedad *Hijos del ayuntamiento de La Estrada*: 100 años en Cuba

Manuel Barros del Valle*
manuelbarros@infomed.sld.cu

Resumen. El día cuatro de Junio de 1915 se funda en La Habana (Cuba) la benemérita sociedad “Hijos del ayuntamiento de La Estrada”, con la doble finalidad de ayudar a los emigrantes estradenses residentes en aquella isla y, así mismo, promocionar el progreso y la cultura de aquellos que permanecieron en su tierra galaica. Los textos de Manuel Barros del Valle y Felipe Cid Domínguez aportan información, completada con evocadoras fotografías, sobre esta centenaria sociedad, y también de los fastos de la celebración del centenario.

Abstracts. The meritorious society ‘Hijos del ayuntamiento de la Estrada’ (Children of A Estrada city council) was founded in Havana (Cuba) on the fourth of June 1915, in order to help immigrants from A Estrada and promote the progress and the culture of those who stayed in Galicia. Texts of Manuel Barros del Valle and Felipe Cid Domínguez provide information, together with evocative photographs, about this hundred-year-old society, as well as the annals of the centennial celebration.

El próximo 4 de junio recordaremos en la capital cubana el centenario de la fundación de la Sociedad “Hijos del Ayuntamiento de La Estrada”. Ha transcurrido un siglo desde aquella noche de junio del año 1915 en que, convocados por el Comité Gestor que presidió José Brea y tuvo como secretario a Manuel Señarís, se reunió un grupo de 47 emigrantes estradenses en los salones del recién inaugurado Palacio del Centro Gallego de La Habana para avalar con sus firmas el Reglamento de la nueva sociedad, que tenía entre sus objetivos, la “protección a las sociedades confederadas del Ayuntamiento de La Estrada, a la enseñanza y al asociado necesitado”

Es difícil precisar cuando llegó a Cuba el primer estradense, pero es innegable que constituyeron una de las más importantes colectividades de emigrantes gallegos que se afincaron, fundamentalmente,

* Manuel Barros del Valle. (La Habana 1942) Hijo de emigrante estradense. Médico Internacionalista; Especialista y profesor de Gineco-Obstetricia. Consultante médico de la Federación Gallega; (FSGC) Directivo, ‘Socio de Mérito’ y ‘Socio De Honor’ de “Hijos de A Estrada” en La Habana. Posee el Reconocimiento “Miguel de Cervantes y Saavedra” otorgado por la Federación de Sociedades Españolas de Cuba. (F.S.E.C.) Actualmente es Delegado Informativo del Semanario ‘España Exterior’ en la mayor de las Antillas.

en la capital del país a partir del último cuarto del Siglo XIX y comienzos del XX. En los primeros momentos llegaron a la Isla muchos jóvenes intelectuales por motivos políticos, al ser desplazados del poder los liberales en España y restaurada la monarquía en ese país. Más adelante, el peso fundamental de la emigración lo constituyeron jóvenes labriegos, en su mayoría del sexo masculino. Los nuevos emigrantes se adaptaron con rapidez a las condiciones del país de acogida, y se integraron a su vida social y laboral creando aquí sus propias familias. Esto no sucedió solamente durante la etapa colonial que finalizó el 1º de enero de 1899, sino también durante la republicana a partir de Mayo de 1902, cuando el gobierno cubano estimuló la emigración española como consecuencias de la despoblación en que quedó nuestro país a consecuencias de la guerra Hispano-Cubano-Norteamericana. En muchas profesiones y oficios se desempeñaron nuestros paisanos, desde ilustres abogados y periodistas, empresarios y comerciantes, hasta humildes vendedores de carbón y hielo, actividades en las que se destacaron por su honradez y laboriosidad. Su presencia fue importante en la capital, si tenemos en cuenta el número de asociados que participaban en las Fiestas de San Pelayo; banquetes que se celebraban todos los años en los Jardines de la Cervecería “La Polar” y posteriormente en “La Tropical”, y en los que se reunían más de 600 asociados. También es significativo el número de lectores y suscriptores con que contaba aquí la prensa escrita que llegaba desde Galicia en barco, como es el caso del periódico “El Estradense” (1906) con dos puntos de venta y suscripción en La Habana, o “El Emigrado” a partir de 1920, periódico sostenido casi en su totalidad por “los cubanos” (emigrantes residentes en la isla) y cuyas tres ediciones mensuales recibían gratuitamente todos los asociados en Cuba.

Mencionaremos solamente a modo de ejemplo a cuatro de los muchos estradenses que en Cuba pusieron muy en alto el nombre de su tierra natal, y que tuvieron relación con nuestra sociedad:


- Ldo. Waldo Álvarez Insúa: (A Estrada 1858) Emigró a Cuba a los 19 años. Antes de llegar a la isla colaboró en España con las publicaciones: “Revista Galaica”, “Gaceta de Galicia” y “Heraldo Gallego”. Culminó sus estudios de Derecho en La Habana,

Casa escuela de Calobre -1927-, una de las construidas en A Estrada con el financiamiento de la emigración en Cuba.



ciudad donde fundó “El Eco de Galicia” (1878) Se le considera el ‘promotor’ de la de fundación el Centro Gallego de La Habana, (1879) idea que dio a conocer a través de su periódico “El Eco de Galicia”; segunda de las publicaciones gallegas en el Continente Americano, y publicada en La Habana hasta 1902 de forma ininterrumpida.

- Ldo. Secundino Baños Vilar: (“O estradense cume da nosa colonia”) Abogado. Vicepresidente (1901) Presidente (1902-1906) del Centro Gallego de la Habana. ‘Presidente de Honor’ de “Hijos del Ayuntamiento de La Estrada”. El 20 de Mayo de 1902, y bajo su presidencia, el Centro Gallego de La Habana fue la primera de las sociedades españolas en izar la bandera cubana en saludo al nacimiento de la nueva República. El 25 de Julio de 1904, (Día de Santiago Apóstol) y también bajo su mandato, ondeó por primera vez la bandera de Galicia en los balcones del antiguo edificio que ocupaba el Centro Gallego en la intersección de las calles Prado y Dragones
- José Loureiro García: (Cereixo, A Estrada, 1886) Emigró a Cuba muy joven, asociándose al Centro Gallego en 1912. Ocupó la Secretaría de ‘Hijos de La Estrada’ en cinco ocasiones entre los años 1922 y 1940. En el año 1925 fue nombrado ‘Secretario de Honor’. Fue corresponsal en la capital cubana de “El Emigrado”, (1920-1940) y el redactor de ‘Postales Habaneras’—columna informativa y de opinión— que firmaba con el seudónimo de ‘José



Panteón Social de "Hijos de La Estrada" -1927-, en el cementerio Cristóbal Colón de La Habana.



Reunión de la Junta Directiva de nuestra Sociedad, año 1938.

de Quintas'. Desarrolló una meritoria labor patriótica a favor de la enseñanza, contra el caciquismo imperante en su país y contra la emigración, siendo uno de los redactores del famoso Manifiesto de abril de 1922 en que la Sociedad se dirigió a los estradenses "para que tratasen por todos los medios de luchar contra los caciques, debido a su actitud de represión y de coartar las ideas". Falleció en 1967 en su casa natal de Quintas, Cereixo.

- Manuel Porto Verdura: (Nigoy, A Estrada, 1878) "O Escobeiro" Emigró a Cuba a los 13 años y comenzó a trabajar en una fábrica

de escobas en La Habana. A fines de la primera Guerra Mundial ya era un acaudalado industrial y propietario de una fábrica de escobas: “El Águila de Nigoy”. A partir del año 1925, y en sus continuos viajes a La Estrada, comenzó su trayectoria como inversionista en el sector inmobiliario. Muchos de los edificios que hoy se pueden admirar en la Plaza de Galicia y en la calle Calvo Sotelo de la Villa estradense, fueron construidos por su iniciativa y con su financiamiento. En el año 1934 ya era dueño de todas las fábricas de electricidad de las Parroquias de La Estrada, excepto de la de Codeseda. En virtud de sus méritos ciudadanos le fue ofrecida una de las concejalías en el Ayuntamiento, y la principal calle de la Villa ‘Marques de Riestra’, a partir del año 1931, y por decisión del Consistorio, pasó a llamarse “Manuel Porto Verdura” nombre que conservó hasta el año 1937, en que pasó a llamarse “Calvo Sotelo”. Falleció en La Habana en 1937.

Aunque la historia de nuestra sociedad está aún por escribir, sería imperdonable no recordar en estas fechas algunos nombres de los que hicieron posible que llegara hasta el día de hoy.

A los que la pensaron e idearon desde La Estrada: A la Federación Agrícola, A Pedro Varela Castro, a los hermanos José y Manuel Señarís Junquera. A humildes maestros de escuela, como Manuel García Barros y José Otero Abelleira, también maestro, concelleiro y comerciante, proveniente de la emigración en Cuba.

A los que fueron sus precursores en nuestro país: las Sociedades Estradenses de Instrucción, surgidas en La Habana como agrupaciones de emigrantes con carácter, fundamentalmente parroquial a partir del año 1906, siendo la primera de ellas la de Rubín, con el objetivo de construir escuelas en dichas parroquias; y financiando desde Cuba certámenes o concursos escolares, para estimular a los mejores estudiantes como es el caso de los “Pereiriños”.

A nuestros fundadores: José Brea y Manuel Señarís, presidente y secretario del Comité Gestor que se reunió en la noche del día fundacional del 4 de junio de 1915.

A los nueve miembros de este Comité Gestor, representativo de los vecinos de las parroquias de Aguiones, Vinseiro, Cereijo, Tabei-



Ejemplar de El Emigrado, propiedad de la Sociedad “Hijos del Ayuntamiento de La Estrada”. Julio de 1940.

rós, Riveira, Oca, Callobre y Lagartóns. A los 47 estradenses que apoyaron con su firma aquella noche el primer Reglamento Social. Al primer Presidente de la Sociedad Antonio Reymóndez.

A importantes figuras en la historia de nuestra sociedad durante estos 100 años:

A los hermanos Maximino y Albino Matalobos Loureiro, que en representación de la sociedad estradense, y enviados desde Cuba, fundaron en La Estrada, junto a José Otero Abelleira, el Periódico “El Emigrado” 15-09-1920 y el “Centro de Emigrados” en enero de 1921, ambos costeados por los “cubanos” y dos de los principales objetivos que se habían propuesto los estradenses en Cuba a partir de 1915.

A presidentes y secretarios de la talla de José Loureiro García (1886-1967), “José de Quintas”, corresponsal de “El Emigrado” en Cuba. Ramón Araújo Tendal, Manuel Fernández Rey, Serafín García Ares, Manuel Fernández Fernández, José Matalobos Porto, José Requeijo Fernández y Manuel Villanueva Nodar.

Y finalmente, más cercanos en el tiempo, a dos grandes figuras, que en momentos muy difíciles para nuestra sociedad, tomaron firmemente sus riendas no permitiendo que desapareciera —como la-



Acto de toma de posesión, década de los años 50.

mentablemente sucedió con muchas otras— y llegara con renovada vitalidad hasta nuestros días, ellos fueron: Carlos Manuel Vila Garea y el doctor Jesús Barros López, ambos con incuestionables méritos y muy pocos reconocimientos hasta el momento, si tenemos en cuenta el contexto histórico en que desarrollaron su meritoria labor. A todos ellos, nuestro reconocimiento y nuestra gratitud. Somos conscientes que ahora nos corresponde a nosotros, los que formamos parte de las nuevas generaciones de “estradeses de ultramar”, continuar con esta hermosa obra, que ya cuenta con un siglo de existencia. Hoy, afortunadamente, las condiciones no son las que existían en A Estrada y en Cuba en el año 1915. Hoy, la inmensa mayoría de los asociados ya no son emigrantes; ahora son los descendientes y continuadores de aquellos padres fundadores, y les corresponde, por tanto, mantener bien altas, las banderas del estradensismo en esta bella isla, donde llegaron un día llenos de ilusiones nuestros padres y abuelos, y que es hoy nuestra patria.

Sociedad “Hijos del ayuntamiento de La Estrada” La Habana-Cuba

Cuadro de honor Presidentes y secretarios 1915-2015

Comité Gestor	
1915	José Brea y Manuel Señarís Junquera
1915-18	Antonio Reymóndez y Manuel Señarís Junquera.
1918-20	Francisco Carracedo Sanmartín y Albino Matalobos Rodríguez.
1920-22	Secundino Baños Vilar y Manuel Puente Vilar.
1922-24	Antonio Requeijo Sánchez y José Loureiro García
1924-26	Maximino Matalobos y José Loureiro García
1926-28	Francisco Carracedo y Marcelino Pena Vila
1928-30	Antonio Requeijo Sánchez y José Loureiro García
1930-32	Eleuterio Neira Campos y Manuel Durán
1932-34	Eleuterio Neira Campos y José Matalobos Porto
1934-36	Eleuterio Neira Campos y Albino Varcárcel Porto
1936-38	Antonio Requeijo Sánchez y José Loureiro García
1938-40	Ramón Araújo Tendal y José Loureiro García
1940-42	Ramón Araújo Tendal y Serafín García Ares
1942-46	Manuel Fernández Fernández y Serafín García Ares
1946-48	Manuel Villanueva Nodar y Serafín García Ares
1948-50	Manuel Villanueva Nodar y Serafín Chao Coto
1950-56	José Matalobos Porto y José Requeijo Fernández
1956-60	Serafín García Ares y José Requeijo Fernández
1960-80	Manuel Villanueva Nodar y José Requeijo Fernández
1980-88	Manuel Rey Fernández y José Requeijo Fernández
1988-92	Carlos Vila Garea y José Requeijo Fernández
1992-96	Carlos Vila Garea y José Eloy García
1996-2000	Jesús Barros López y José Eloy García
2000-02	Jesús Barros López y María M. Blanco Pineda
2002-06	José A. Villanueva Sedes y María M. Blanco Pineda
2006-12	José A. Villanueva Sedes y Gódula C. Rodríguez Señarís
2012-14	Servando Oubel Feros y Gódula C. Rodríguez Señarís
2014-16	Servando Oubel Feros y Raimundo Mollinedo López.

Hijos del ayuntamiento de La Estrada cumplió 100 años de fundada en La Habana, Cuba

FELIPE CID DOMÍNGUEZ

Vicepresidente de la “Unión Orensana” de La Habana, Cuba

Cien años de fructífera existencia, de ellos, 54 después de la intervención de la casa regional denominada Muy Ilustre Centro Gallego de La Habana, no fue tarea fácil. No solo los asociados estradenses y descendencia sino más de 37 asociaciones galaicas permanecen a pesar de los pesares en este impresionante Palacio al estilo ecléctico, que precisamente este año cumplió, junto a la asociación Hijos del Ayuntamiento de La Estrada, 100 años de vida.

El Dr. Manuel Barros del Valle, estudioso e investigador hijo de estradense afirma, que los asentamientos relevantes de hijos de este ayuntamiento fueron Cuba y Argentina, así como también importantes colonias en Montevideo, Puerto Rico y Cádiz. Y que Pedro Varela Castro, quien dirigiera entre 1912 y 1919 el periódico “Eco de La Estrada”, órgano de las sociedades agrícolas del Distrito y alcalde entre 1917 y 1920, se atribuye la idea fundacional de “Hijos de La Estrada” en la capital de todos los cubanos.

No solo esta asociación fue fundada en La Habana. También lo fueron la *Unión de Rubín*, (1906) *Sociedad Estradense de Instrucción*, *Hijos de Pardemarin*, *Hijos de Cereijo y Vinseiro*, *Sociedad de instrucción Curros Enríquez*, todas en 1911, y en 1920 *Hijos de Tabeirós*, *Unión de Curantes y Olives* e *Hijos de Loimil*, estando activas algunas hasta los años 30 del siglo XX. Otras asociaciones existieron en La Habana como el *Club Estradense*, que aunque no fueron sociedades de instrucción como tal, tenía fines benéficos y ayuda mutua, tanto en La Habana como en A Estrada –puntualiza el Dr. Barros del Valle.

Hijos del Ayuntamiento de La Estrada fue fundada en los salones del otrora Muy Ilustre Centro Gallego de La Habana, el día 4 de Junio de 1915. Los miembros del Comité Gestor fueron: José Brea, (Vinsreiro), presidente; Manuel Señarís Junquera, (Aguiones) Secretario. Miembros: Manuel Rey Rodríguez, (Vinsreiro); Albino Matalobos Loureiro, (Cereijo); José Constenla, (Tabeirós); Anto-



Banquete en "La Tropical", 1942. En primer plano, de frente, la familia Barros casi completa.

nio Reymóndez, (Riveira); Ramón Araújo, (Oca); Manuel Iglesias, (Callobre) y Jesús Vázquez, (Lagartones).

El primer Reglamento Social es aprobado en esta misma reunión, enmarcando claramente los fines de su fundación: "Protección a las sociedades confederadas del Ayuntamiento de La Estrada, a la enseñanza y al asociado necesitado".


Es bueno destacar que en su Artículo IV se especifica claramente que el 50% de los fondos sean dedicados a la *Federación Agrícola de La Estrada*, con el objetivo de construir un edificio para que dicha Federación funcionara, también sostener un periódico que defendiera los intereses agrarios y que difundiera los modernos métodos de cultivo. Un 25% dedicado a la enseñanza y el otro 25% al socio necesitado. En la segunda quincena del mes de Junio de 1915 se elige el primer Presidente, Antonio Reymóndez y como Secretario, Manuel Señarís Junquera.

Destacados fueron los hermanos Maximino y Albino Matalobos Loureiro, quienes en representación de la Junta Directiva de esta asociación estradense, fundaron, en La Estrada, junto a José Otero Abelleira, el periódico "*El emigrado*", (Periódico Independiente-Ór-

gano de las Sociedades de Emigrados y Agricultores) y el 1º de Enero de 1921 queda inaugurado el CENTRO DE EMIGRADOS, en el edificio que ocupaba con anterioridad el Circulo Mercantil, que funcionara hasta el año 1934, como “delegación” de “Hijos del Ayuntamiento de La Estrada” en la villa. José Otero Abelleira, maestro de profesión, y emigrado retornado de Cuba, fue nombrado director, redactor y administrador de “El Emigrado”, el primero y único órgano de prensa fundado por la emigración “cubana” en La Estrada, ocupando el cargo de Jefe de Redacción Manuel García Barros.

Es incuestionable que en Galicia las Sociedades de Instrucción creadas en Cuba, crearon 150 establecimientos escolares, dotados de 225 aulas que fueron instaladas en 112 edificios de nueva construcción o acondicionados para actividades docentes en las parroquias.

Ahora a cien años de la fundación de “Hijos del Ayuntamiento de La Estrada”, los pocos naturales estradenses y los muchos descendientes como hicieran sus antecesores, mantienen viva esta asociación. Lo demuestra la actividad artístico cultural celebrada en el portal de la casa que sirviera de residencia del Gobernador de la Isla, donde la Banda Nacional de Concierto de La Habana, el Coro del Teatro Lírico Nacional unido al Coro de la Empresa de Telecomunicaciones de Cuba (ETECSA), interpretaran el Himno Nacional cu-



Reglamento que aún se conserva vigente desde 1950.



El entonces alcalde de A Estrada, Manuel Campos, y su esposa con la Junta Directiva de la Sociedad. Centro Gallego de la Habana, 1955.



Visita de la Coral Polifónica estradense en 2006.

bano, así como también el Himno Gallego para dar paso a geniales y profesionales interpretaciones de canciones gallegas, entre ellas, “Alborada Gallega” de Pascual Veiga y el danzón (baile tradicional cubano) “Las Alturas de Simpson” compuesta por Miguel Faílde hijo de gallego nacido en la provincia isleña de Matanzas.



Primer encuentro con los Oriundos el 29.11.2008.



Visita de la delegación de A Estrada presidida por el Sr. Alcalde, don José Antonio Dono en 2010. Centro Gallego de La Habana.

Para concluir, el actual presidente, natural de A Estrada, Servando Oubel Feros, acompañado de Gódula Rodríguez Señarís, vicepresidenta; Raimundo Mollinedo López, secretario; Alejandro Gil Vinseiro, vicesecretario; Dolores Torres Pérez, tesorera, y Karel Hernández Torres como vicetesorero, y el resto de los directivos junto a más de una centena de asociados, escucharon la poesía del bardo galaico Manuel Álvarez Fuentes, *Fillos do Axuntamento da Estrada*



Junta directiva en 1958.



Mesa Social en 1994.

dedicada a esta asociación; cortaron la tradicional torta y cantaron feliz cumpleaños a esta asociación gallega miembro de la *Agrupación de Sociedades Representativas de Municipios y Parroquias de Galicia*, *Federación de Sociedades Gallegas de Cuba* y *Federación de Sociedades Españolas de Cuba*.

centroculturaldelpartidodelaestrada.blogspot.com.ar

www.facebook.com/pages/La-Estrada-en-Buenos-Aires/



Mesa Social en 2010.

Manuel Barros. La Habana. Cuba

A pesar de las inclemencias del tiempo, el CONCIERTO DEL CENTENARIO de *Hijos de La Estrada en La Habana*, Cuba se celebró el pasado viernes 5 de junio justo a la entrada del antiguo Palacio de los Capitanes Generales, hoy Museo de la Ciudad, con la participación de un centenar de asociados e invitados, entre los que estuvieron: Felipe Cid Domínguez, vicepresidente de la *Agrupación de Sociedades Representativas de Municipios y Parroquias de Galicia*; presidentes de sociedades gallegas y otros invitados. Las palabras de bienvenida estuvieron a cargo del secretario social de la entidad, Raimundo Mollinedo. El PROGRAMA-





Cartel del Centenario.

MA estuvo a cargo de la Banda Nacional de Conciertos, dirigida por el Maestro Igor Coscuera Cáceres, acompañada por el Coro del Teatro Lírico Nacional bajo la dirección del Maestro Roberto Choren y el Cuarteto de Viento “Vivacce”.

PROGRAMA:

1. *Himno Nacional de la República de Cuba* (Banda)
2. *Himno Gallego* (Veiga y Pondal) (Banda)
3. *Cen anos hai* (Javier Comesaña) (Banda y Coro)
4. *Evocación Habanera* (Javier Comesaña) (Banda)
5. *Alalá de Lugo* (Banda)
6. *Pasodoble* (Banda)
7. *Aragonesa de la Ópera Carmen* (Cuarteto de Viento)
8. *Las alturas de Simpson** (danzón) (Miguel Faílde) (Banda)
9. *Cicuta tibia* (danzón) (Banda y cuarteto de viento)

(*) Es Considerado el primer danzón en Cuba, compuesto en las postrimerías del siglo XIX por el compositor matancero Miguel Faílde, hijo de gallegos.

El Concierto fue todo un acto lleno de simbolismos, pues se efectuó a la entrada del edificio que representa el más alto exponente de la arquitectura civil cubana del siglo XIX. Sede del gobierno colonial español, el enorme palacio, cuya construcción finalizó en 1791, fue testigo de dos acontecimientos trascendentales de la historia de Cuba ; el cese de la soberanía española sobre la Isla, e inicio del go-



Dr. D. Manuel Barros el 5.6.2015.

bierno Interventor de los Estados Unidos de Norteamérica el 1° de enero de 1899, y el nacimiento de la República de Cuba el 20 de mayo de 1902. La música fue interpretada por la Banda Nacional de Conciertos, agrupación musical heredera de la Banda de Música Municipal de La Habana, la misma que el 20 de diciembre de 1907, y bajo la dirección del Maestro Guillermo Tomás, interpretó por primera vez en el mundo el Himno Galego (Veiga y Pondal) en el Teatro Nacional de La Habana, hoy Sala 'García Lorca' del Gran Teatro de La Habana en el centenario Palacio del Centro Gallego.

Al finalizar el concierto hubo un brindis y una gran tarta de cumpleaños por el Centenario en la cercana cafetería *Mundo Aborigen*; la vicepresidenta Gódula Rodríguez hizo entrega de Reconocimientos a un grupo de directivos destacados en el trabajo social, entre ellos estuvieron, el actual presidente y emigrante, Servando Oubel Feros; la ex secretaria, M^a Mercedes Blanco Pineda y las vocales Sofía Soto e Hilda Saíenz, Vda. de Vila. Por su parte, el poeta Manuel Álvarez leyó su última obra dedicada al Centenario: *Un catro de Xuño*.

Asimismo, el pasado día 7, el programa radial *Aires de España*, que se trasmite con una gran audiencia todos los domingos a las 6 de la tarde por Radio Progreso de La Habana, estuvo dedicado, casi en su totalidad, al Centenario de la Sociedad *Hijos del Ayuntamiento de La Estrada*.



Catálogo de reloxo de sol no concello da Estrada

Luis Manuel Ferro Pego
leonvenera@hotmail.com

Resumo. Versa este artigo sobre a catalogación dos reloxo de sol que se atopan espallados polas diferentes parroquias que conforman o concello estradense. Planificouse a clasificación seguindo os parámetros peculiares da técnica da gnomónica: ordenación das parroquias por orde alfabético; ubicación, situación, forma, tipo, estado de conservación e, en ocasións, o propietario. Ata este momento están catalogados sesenta e tres reloxo de sol; tres son de mármore, dous metálicos e o resto en pedra.

Abstract. This article is about the cataloguing of sundials located in several parishes in the city council. The classification was planned according to the particular parameters of the gnomonic technique: parishes organization in alphabetical order, location, situation, shape, type, state of preservation and, sometimes, the owner. There have been catalogued sixty three sundials until now, three made of marble, two of metal and the others of stone.

O concello da Estrada alberga no seu termo municipal un gran patrimonio con relación á súa arquitectura popular e relixiosa: pazos e casas fidalgas, igrexas románicas, ermidas, pontes, hórreos, fontes e lavadoiros, cruceiros, petos de ánimas, pedras armeiras e os seus maravillosos reloxo de sol. Son estes últimos aos que imos dedicar este catálogo. No noso percorrido polas parroquias e lugares que conforman o municipio atopámonos un bo número de reloxo de sol. Reloxo labrados en pedra polos máis grandes mestres canteiros (arxinas), que co seu buril (burilaxe), e a súa maceta (maraca), transformaron o granito en fermosas obras de arte. Estes reloxo de sol vémoslos empolicados, en pazos, casas solaregas, hórreos, e murallas, marcando as horas dos nosos devanceiros, que consultaban os reloxo ou cuadrantes para saber a hora en que vivían. Moitos deles encóntranse nun estado lamentable, debido á súa exposición ás inclemencias atmosféricas, vento, sol e choiva –esta moitas veces aceda– e as propias da natureza tales como liques, hedras, e maleza; é tamén frecuente observar a chapa ou varela corroída polo óxido. Os



reloxos de sol que atopamos no noso concello son do tipo vertical, ortomeridianos, orientados ao sur, e verticais meridianos, marcan a hora polo Leste, Sur e Oeste. Segundo a súa forma témoslos rectangulares, circulares, semicirculares, cúbicos, antropomórficos e de fantasía.

O reloxo de sol componse de dúas pezas fixas; unha é a superficie plana sobre a que están marcadas as liñas horarias, chamada cara do reloxo; nesta atopamos a outra peza de metal de forma triangular: chámase gnomon, e estilo se e varela. Estas pezas proxectan sombra sobre as liñas horarias, que se desprazan ao longo do día, segundo a posición do sol.

Clases de hora

Hora solar ou *hora real*, é a que marca o reloxo de sol. Así, cando o sol alcanza o seu cénit (punto máis alto) serán as 12 do mediodía, momento en que cruza o meridiano do lugar. A hora solar non é igual no mesmo momento na Península e canarias. Cara ao Leste a hora vaise adiantando e pola contra na dirección Oeste vaise atrasando. Así serían as 12 do mediodía en Barcelona e despois de pasados 42 minutos marcarían as 12 horas na Estrada.

Hora legal, é a que corresponde ao uso horario en que se atopa a maior parte do país (UTC+0)

Hora oficial, é a hora que marcan os nosos reloxos. España ten unha hora de adelanto no horario de inverno e dous no horario de verán, sobre a hora legal.

O fuso horario en España. A partir do 1º de xaneiro de 1901, o goberno estableceu unha hora oficial para toda España, baseada no meridiano de Greenwich (UTC+0)


Este horario mantívose en España, ata que o goberno do xeneral Franco, dispón no Boletín Oficial do Estado Núm. 68 de data 8 de marzo de 1940, Orde do día anterior, o cambio de horario.




Mapa dos reloxos de sol do concello da Estrada.

Catálogo dos reloxos de sol do concello da Estrada

AGUIONS. Lugar, Cebados.
Situación, igrexa parroquial, no lateral esquerdo da mesma e baixo a cornixa. Forma rectangular. Labrado nos perpiaños no extremo sinistro, mentres no outro extremo sobresa uns centímetros en busca da correcta orientación. Gnomon realizado en chapa triangular ortomeridiano. Estado de conservación bo, a pesar de sufrir un notorio desgaste. Propiedade: Arcebispado de Santiago.



AGUIÓNS.
Lugar de Preguecido.
Situación, pazo do mesmo nome, no extremo sinistro da fachada principal, atópase pousado sobre unha pedra que sobresa da parede un reloxo de sol. Forma rectangular; gnomon triangular metálico. Rematado por unha pedra triangular cos seus extremos enroscados. Tipo, vertical ortomeridiano. Estado de conservación bo. Propietarios dona María Cruz Diz Paseiro e dona Esther Diz Millán.





ANCORADOS, SAN PEDRO. Lugar de Ribas.

Situación, reloxo posto sobre o beirado do hórreo. Forma, rectangular, en capela, con semicírculo no remate, gnomon de chapa triangular. Tipo vertical ortomeridiano. Estado de conservación bo, a pesar do musgo e líques que o cobren. Propietario Antonio Couceiro.

ARNOIS. Lugar da Igrexa Nº 5.

Situación, hórreo, no lateral próximo á cruz. Forma rectangular, rematado en semicírculo. Tipo vertical ortomeridiano. Estado de conservación moi bo. Propietario, Herdeiros de Ramón Pazos Fernández.





BARCALA, SANTA MARIÑA. Lugar, parte traseira da igrexa. Situación, Casa Magán, nun extremo da cornixa do tellado. Forma cúbica de tres caras. Tipo, vertical meridiano, o frontal orientado ao Sur, e os laterais orientados ao Leste e Oeste. A cara que mira ao Sur ten o gnomon formado por unha chapa triangular. Leste e Oeste gnomon en forma de rectángulo de chapa, perpendicular á parede e que mantén unha inclinación. O estado de conservación é bo. Propiedade dos herdeiros de Don José Ramón Magán Caeiro.

BERRES. Lugar, Mato. Situación, sobre o beirado, onde remata o tellado na fachada principal. Forma, antropomórfico, encaixado en dúas columnas que soporta sobre a cabeza dunha figura de cabaleiro co seu bigote, mans que descansan sobre as cadeiras, vestido de chaqueta longa e faldón que cobre os pés, acompañado á destra da figura dun home, coa súa vestimenta composta de camisa e sobre esta unha chaquetiña, pantalón acampanado coa súa faixa, chapeu de estilo cordobés. A esta figura fállalle o brazo dereito debido á derriba producida por un temporal, que provocou tamén a rotura doutra peza que lle acompañaba na parte sinistral. Timbra o reloxo busto de muller de grandes seos; repousa os seus brazos sobre a parte alta do reloxo e permanece coas mans cruzadas. Os seus pés calzados asoman rematando as columnas. Tipo vertical orientado o sur. Estado de conservación bo. Propiedade, Albino Ferro.





BERRES. Lugar, Rocaforte nº 9.
Situación, xardín dunha casa. Forma en círculo con estilo de varela. Tipo ecuatorial. Estado conservación, regular. Propietario, Arturo Vaamonde Fernández.



CASTRO. Lugar, Carballeira.
Situación, xardín da casa que foi do moi ilustre fillo deste concello don Manuel Reimóndez Portela. Forma rectangular, descansa sobre un pedestal; gnomon, consiste nunha chapa triangular. Tipo vertical ortomeridiano. Estado de conservación bo. Propietario José Luís Reimóndez Fernández.





CEREIXO. Lugar da Igrexa.

Situación, no xardín dunha casa, sobre unha fonte. Forma rectangular, rematado por un semicírculo; gnomon metálico con deseño triangular. Tipo vertical ortomeridiano. Foi construído no ano 1995 por don Pablo Iglesias Barcala. O seu estado de conservación é excelente. Propiedade de Carmen Porto Sanmartín.

CEREIXO. Lugar de Pernaviva.

Situación, non se expón.
Forma rectangular, rematado en semicírculo, gnomon roto, rematado por un semicírculo. Tipo, vertical ortomeridiano. Estado de conservación, malo, non se notan ángulos nin numeración por atoparse moi desgastado. Propiedade de Ana Belén García Martínez.





CODESEDA. Lugar Devesa.

Situación, casa da Carballeira, colocado sobre unha ménsula que sobresaia da parede da casa. Forma rectangular, rematado en semicírculo, leva unha bordura onde se acha gravada a numeración horaria. Gnomon metálico en forma triangular. Tipo, vertical ortomeridiano. Estado de conservación bo. Propiedade, Encarnación Penela Valladares.



CODESEDA. Lugar de Fontenlo.

Situación, sobre un hórreo, tallado no pináculo. Forma, rectangular, achafianado nos laterais; atópase timbrado dunha coroa real, o gnomon é de chapa triangular. Tipo vertical, ortomeridiano. Estado de conservación bo. Propietarios os herdeiros de Florián Igrexas.



CODESEDA. Lugar de Fontenlo.

Situación, álzase sobre unha columna do portal da entrada. Forma rectangular; ten os números romanos; o gnomon é unha peza metálica triangular. Está suxeito a unha columna, rematado dunha bóla. Tipo, vertical ortomeridiano. Estado de conservación excelente. Proprietarios irmáns Castro.

CODESEDA. Lugar, Marcenlos.


Situación, xardín da veiga na casa do doutor Graña. Forma, rectangular sobre un pináculo (leguario), carece de gnomon. Tipo, vertical ortomeridiano. Estado de conservación regular. Propietario José Manuel Graña Garrido.





CODESEDA. Lugar, Marcenlos.

Situación, no hórreo, ao que lle falta o seu remate; este atópase a moi pouca distancia no chan, ao ser derrubado por un temporal. Na súa caída rompe a esquina da pedra que protexe da subida de roedores ao hórreo. Forma en rombo, moi desgastado e co gnomon triangular roto; a súa orixinal construción é unha das máis rechamantes do todo o concello, ao atoparse labrado sobre un rombo. Tipo, vertical ortomeridiano. Estado de conservación, malo. Propietarios, familia Garrido Paseiro.



CODESEDA. Lugar, Quintas. Situación, cumio da primeira casa entrando no devandito lugar, sendo coñecida por casa de Castro. Forma rectangular, rematado por un semicírculo algo deteriorado. O gnomon fórmao unha chapa triangular. Tipo, reloxo vertical ortomeridiano común simétrico. Estado de conservación, bo. Propietario, Manuel Silva Romar.



CODESEDA. Lugar, Quintas. Situación, en hórreo cuxa construción data de 1899. Forma cúbica con tres caras; o frontal orientado ao Sur e dous meridianos; os laterais están orientados ao Leste e Oeste. Magnífica obra de arte tallada nun bloque de granito de forma triangular, rematado por unha cruz e sobre esta un paxaro (bubela). Leste e Oeste, gnomon en forma de rectángulo de chapa, perpendicular á parede e que mantén unha inclinación. A cara que mira ao Sur é cuadrangular; escotado na parte superior, o seu gnomon consiste nunha chapa triangular. Tipo, vertical meridiano. Estado de conservación, excelente. Propiedade, Igrexa Evanxélica.



CURANTES. Lugar, Pereiras. Situación, pazo da Nugalla, no xardín interior. Forma rectangular, con gnomon metálico triangular e remate en capela. Tipo, vertical ortomeridiano. Estado conservación bo. Propiedade de dona María Sol Lorenzo Álvarez.



FRADES. Lugar homónimo. Situación, móbil. Forma pouco frecuente en Galicia e único no concello; trátase dun reloxo ecuatorial (porque o lugar onde se realiza a lectura das horas correspóndese co círculo do ecuador terrestre). Dentro dos reloxos de sol ecuatoriais atopámoslos de diversos tipos. Este é un reloxo ecuatorial armilar e caracterízase porque ademais da curva ecuatorial represéntase o eixo polar terrestre, algún meridiano e a eclíptica (curva de movemento aparente do sol visto desde a terra). Marca as horas, as medias e os cuartos. O seu estado de conservación é excelente. Está construído en bronce, cobre e latón. Propietario don Celso Arca Magariños, adquisición realizada en Alemaña.



FRADES. Lugar, Chaín número 7. Situación, móbil. Forma, copia do anterior, diferéncianse no material empregado, que se trata do resistente aceiro inoxidable. Tipo, ecuatorial armilar. Estado de conservación excelente. Propietario Manuel Iglesias Iglesias.



FRADES. Lugar, Requian. Situación, nun hórreo. Forma, rectangular, rematado en forma de capela, cuxo gnomon é unha chapa triangular oxidada e á que non se lle recoñecen as liñas horarias debido á gran cantidade de liques que cobren todo o conxunto. Tipo, vertical ortomeridiano. Estado de conservación, regular. Propietaria, María del Carmen Magariños Trasande.



GUIMAREI. Lugar, Campos. Situación, na casa de Ribadulla, no hórreo da leira, sobre a base onde a miúdo se coloca a cruz. Forma rectangular, con gnomon de varela. Tipo, vertical ortomeridiano. Estado de conservación bo. Propietarios, familia Ribadulla.



GUIMAREI. Lugar, Cardavella. Situación, nun hórreo, e tallado sobre o pináculo. Forma, rectangular, con gnomon en varela. Tipo, vertical ortomeridiano. Estado de conservación, bo. Propiedade, Oriente Casanova.



GUIMAREI. Lugar, Cardavella número 19. Situación, no hórreo. Forma, rectangular e rematado en forma de coroa; falta a varela e atópase moi desgastado. Tipo, vertical ortomeridiano. Estado de conservación malo. Propiedade de dona Dolores Ponte Gondar.



GUIMAREI. Lugar, Devesa. Situación, pináculo do hórreo na casa de Alonso. Forma, rectangular, rematado en semicírculo en forma de coroa; carece de gnomon Tipo, vertical ortomeridiano. Estado de conservación, moi desgastado, no se aprecia restos de numeración. Propietario Luís Tato.



GUIMAREI. Lugar, Devesa. Situación, pináculo do hórreo na casa de Xan. Forma, rectangular, rematado en semicírculo en forma de coroa é mantén o gnomon. Tipo, vertical ortomeridiano. Estado de conservación, regular; moitos líques e musgo.



GUIMAREI. Lugar, Painceira. Situación, colocado no pináculo dun hórreo. Forma, rectangular; carece de varela. Tipo, vertical ortomeridiano. Estado de conservación, malo, moi desgastado. Propiedade de dona María Castro Nouche.




LAGARTÓNS. Lugar, Batalla. Situación, pináculo do hórreo. Forma rectangular, rematado en semicírculo; fáltalle o gnomon e atópase invadido de brión e musgo o que non permite contemplar con detalle a obra escultórica. Tipo vertical ortomeridiano. Estado de conservación malo. Propiedade da familia Rey.



LAGARTÓNS. Lugar dos Bolos. Situación, xardín diante da casa de Mato. Forma, rectangular con fantasía, escotado nos flancos, rematando nun pequeno pináculo; na parte superior central hai un círculo do que parte o gnomon; este en forma de paleta triangular. Tipo, fantasía, vertical ortomeridiano. Estado de conservación, excelente.



LAGARTÓNS. Lugar, Viso. Situación, nun hórreo; está labrado sobre o pináculo. Forma rectangular, rematado en semicírculo en forma de coroa; carece de gnomon. Tipo, vertical ortomeridiano. Estado conservación malo; atópase cargado de brión e líques. Propiedade, Amelia Barreiro Barcala.



LIRIPIO. Lugar, Cabanelas. Situación, na casa coñecida pola de Rogelio. Nunha parede da palleira, cargada de cemento, atópase encaixado o reloxos de sol. Forma, rectangular, rematado nun semicírculo, co seu gnomon de chapa triangular. Tipo, vertical ortomeridiano. Estado de conservación bo.



LOIMIL. Lugar da Igrexa. Situación, no extremo esquerdo da fachada principal da igrexa parroquial, moi próximo a onde arrinca a espadana, a carón dun pináculo. Forma rectangular, rematado nun semicírculo; gnomon desgastado e oxidado, de chapa metálica en triángulo. Tipo vertical, ortomeridiano. Estado de conservación bo, a pesar dos líques e brión que o invaden. Propiedade, Arcebispo de Santiago Compostela.



MATALOBOS. Lugar, Igrexa. Situación, na beira do pináculo do extremo sinistro da igrexa parroquial. Forma, rectangular, rematado en semicírculo; atópase desgastado; o seu gnomon consiste nunha chapa triangular moi oxidada. Tipo vertical ortomeridiano. Estado de conservación, regular. Propiedade Arcebispado de Santiago.



MOREIRA. Lugar, Pica. Situación, nunha hórrea, sobre unha ménsula, nun dos extremos. Forma rectangular; gnomon de chapa triangular. Tipo, vertical ortomeridiano orientado ó Sur. Estado de conservación regular. Propiedade, Sociedade de Sidra.



MOREIRA. Lugar, Pica. Situación, xardín da casa do Capelán. Forma, rectangular, rematado en capela. Gnomon de chapa triangular. Tipo vertical ortomeridiano, orientado ó Sur. Estado de conservación bo. Propiedade, Celso Rodríguez Rodríguez.



OCA. Lugar, Oca. Situación, cheminea na casa de Sueiro. Forma circular, tallado en mármore branco, protexido por unha guarnición metálica. Unha terrible tempestade veu con el ao chan; as consecuencias resultaron irreparables: fractura do reloxo por tres partes, ademais de romper o gnomon. Estado de conservación, atópase en período de restauración polo que non valoramos esta circunstancia. Propiedade, Lola da Fábrica.



OCA. Lugar, Pazo de Oca; situación, no tellado do alpendre, sobre unha meseta de cantería; acompañan un pináculo a cada lado. Forma rectangular; gnomon de chapa triangular. Estado de conservación bo. Propiedade, Fundación Casa Ducal de Medinaceli.



OCA. Lugar, Pazo de Oca. Situación, na balaustrada que desde o interior do pazo conduce á capela, no único pináculo redondo, Forma circular; gnomon de chapa triangular. Tipo vertical ortomeridiano. Estado de conservación bo. Propiedade Fundación Casa Ducal de Medinaceli.



OUZANDE. Lugar, Tallo. Situación, posto no xardín diante da casa. Forma, rectangular; recente factura, cunha disposición das liñas horarias non aceptada nestas latitudes. Tipo, vertical ortomeridiano. Estado de conservación excelente. Propiedade, Casa de Manuel da Granxa.



PARADELA. Lugar, Igrexa. Situación, no extremo do tellado e no lateral sinistro da igrexa parroquial. Forma cúbica de tres caras; o frontal orientado ao Sur e dous meridianos; os laterais están orientados ao Leste e Oeste; gnomon de chapa triangular; ó Sur, Leste e Oeste, rectangular. Na parte superior móstranos a data de construción que é a mesma da igrexa: 1776. Tipo, ortomeridiano. O estado de conservación é excelente. Propiedade, Arcebispo de Santiago.



PARDEMARÍN. Lugar, Parada número 16. Situación, tellado do hórreo. Forma, rectangular; pedra con rebaixe; encaixa unha peza de mármore onde se atopan marcadas as liñas horarias e o gnomon. Dátase no ano 1868 cando se fixo o hórreo. Tipo, vertical ortomeridiano, orientado ó Sur. Estado de conservación excelente. Propiedade de María Lina Loureiro.



RIBEIRA. Lugar, Ribeira. Situación, cumio do hórreo da Casona dos Otero. Forma de cruz. Tipo, vertical ortomeridiano orientado ó Sur. Estado de conservación regular. Propiedade, familia Otero.



RIBEIRA. Lugar de Piñeiro. Situación, sobre o lintel dun portal interior na Casa da Condessa. Forma, semicircular; o gnomon é unha varela inclinada; a súa numeración non coincide coa dos demais reloxos de sol deste termo municipal e tampouco a súa orientación. Feito no ano 2008, por ser roubado o orixinal. Tipo, vertical ortomeridiano. Estado de conservación excelente. Propiedade, Teresa Ponte.

RIOBÓ. Lugar, A Mota, nº 3. Situación, esquina da parede que da ó Sur, na casa de Agustín. Forma, rectangular; reloxo de mármore, con numeración romana e gnomon metálico triangular oco. Tipo, vertical ortomeridiano. Estado de conservación excelente. Propiedade, herdeiros de José Lino Rey Castro.





RIVELA. Lugar, Carracedo. Situación, no cumio do hórreo. Forma rectangular; descansa sobre unha base circular; gnomon de chapa triangular. Tipo, vertical ortomeridiano. Estado de conservación bo. Propiedade do doutor Somoza Eirín.



RUBÍN. Lugar, Amarelle. Situación: sobre un hórreo vese un ben labrado reloxo de sol que descansa sobre unha ménsula ubicada nun dos extremos do remate do tellado. Forma rectangular. Nunha inscrición do lateral indícase que foi construído por Carlos Canabal no ano 1830. Ten a posibilidade de poder ser orientado. Remata nun semicírculo; gnomon de chapa en forma triangular. Tipo, vertical ortomeridiano. Estado de conservación bo.



RUBÍN. Lugar, Balseiros. Situación, sobre o muro próximo ó lintel, onde un portal que dá acceso a unha leira. Reloxo de sol restaurado, igual que o conxunto que forma unha vivenda. Descansa sobre dúas pedras superpostas. Forma rectangular e remate en semicírculo; gnomon de chapa triangular. Tipo, vertical ortomeridiano. Estado de conservación: diremos que malo, pois é imposible percibir a numeración así como as liñas horarias, posiblemente debido á abrasión á que foi sometida a pedra cando se limpou. Propiedade, Casa Bernardino.



RUBÍN. Lugar, Bede. Situación, "Casa do Crego", empolicado á fachada orientada ao Sur; repousa sobre unha ménsula. Forma, rectangular rematado en semicírculo; gnomon de chapa en forma triangular. Tipo, vertical ortomeridiano. Estado de conservación bo. O seu propietario é don Mario Franco Rodríguez.


RUBÍN. Lugar, Bemposta, número 36. Situación, colgado na palleira. Reloxo de sol construído polo propietario nunha pedra de forma cónica; sobre a mesma leva pintado un círculo coas horas ao redor, cunha varela na parte superior. As liñas horarias no gardan a graduación correcta. No máis alto leva inscritas as súas iniciais. Tipo, vertical ortomeridiano. Estado de conservación, non se valora. Propiedade, Carlos Curral Pouse.



RUBÍN. Lugar, Pena do Foxo. Situación, no pináculo dun hórreo; moi desgastado. Forma rectangular, do estilo dun escudo; fáltalle a varela. Estado de conservación malo. Propiedade de María Moreira Villar.



SABUCEDO. Lugar, Aldea de Arriba, no cruzamento das rúas Real co Cortello Lanuxe e Camiño do Carbón, nunha casa en estado ruinoso, coñecida como “Casa Sanmartín”, invadida polas silvas. Forma, rectangular, rematado en semicírculo; reloxos coñecidos como de capela; gnomon de chapa triangular; ten unha inscrición abreviada gravada na pedra que dí: CUADRANTE SON, DÁNDOME O SOL, AS HORAS DOU.



SABUCEDO. Lugar, Sabucedo. Situación, sen colocar. Forma, rectangular, rematado por un triángulo, a pesar de faltar o gnomon o seu estado de conservación é moi bo. Tipo, vertical ortomeridiano. Propiedade Lino Cabada Castro.



SANTELES. Lugar, Igrexa. Situación, no extremo sinistro da parte traseira do templo parroquial descasando sobre unha ménsula; está rematado por unha cornixa. Forma, cúbica, é dicir que marca as horas polo Leste, Sur e Oeste; gnomon de chapa metálica rectangular, perpendicular á parede e que mantén unha inclinación; polo Sur gnomon de chapa triangular. Tipo vertical meridiano. Estado de conservación moi bo, a pesar do brión e liques que non permiten ver con detemento a data de fabricación. Propiedade, Arcebispoado de Santiago.



SOMOZA. Lugar, Carballeira. Situación, pináculo do hórreo construído no 1913. Forma, rectangular en forma de capela; gnomon de chapa. Tipo, vertical ortomeridiano. Estado de conservación, regular, cargado de liques e brión. Propiedade, José Miguel Carracedo Carracedo.



SOUTO. Lugar, Souto de Abaixo. Situación, na base da cruz do hórreo. Forma, rectangular. Ó pé onde comeza a cruz vemos unha pedra cadrada, restos do que un día foi un reloxo de sol; carece de gnomon; os ángulos e numeración non se perciben. Tipo, vertical ortomeridiano. Estado de conservación malo.



TABEIRÓS. Lugar, Cimáns. Situación, sobre o pináculo do hórreo, na casa coñecida como a de Rei. Forma rectangular, rematado en coroa; conserva o seu gnomon metálico en bo estado de conservación. A súa data de construción, 1866, coincide coa do hórreo. Tipo, vertical ortomeridiano. Propiedade, Benedicta Porto.



VEA S. André. Lugar, Igrexa. Situación, na igrexa parroquial, no lateral sinistro da súa fachada principal. Forma, rectangular, cuxo gnomon é unha varela. Tipo, vertical ortomeridiano. Estado de conservación bo. Propiedade do Arcebispado de Santiago.



VEA S. André. Lugar, Cardelle. Situación, nunha casa en restauración, fóra do seu lugar de orixe, sobre un bo pedestal no cumio da devandita casa. Pero ao parecer ao querela restaurar o propietario decidiu retirar o reloxo. Forma, cúbica de gran dimensión, con gnomon rectangular metálico na cara Leste e Oeste, e na Sur triangular. Tipo vertical meridiano. O seu estado de conservación é bo; son visibles ángulos e numeración a pesar dos liques.



VEA S. André. Lugar, Pazo. Situación, nunha casa totalmente restaurada, baixo unha xanela; tallado sobre a mesma pedra que forma a parede; de moi clara lectura. Forma semicircular, ao que lle falta o estilete. Tipo vertical ortomeridiano. Estado de conservación, moi bo. Propiedade de Mari Carmen Magán Villar.



VEA S. André. Lugar, Vera. Situación, sobre a base do pináculo dun hórreo. Forma, rectangular, recuberto de liques e ao que lle falta parte do gnomon. Tipo vertical ortomeridiano. Estado de conservación malo; está á espera dunha restauración tanto o reloxo como o hórreo. Propiedade de dona Lucía Carbia Carbia.


VEA S. Xurxo. Lugar, casa reitoral. Situación, nun hórreo sobre un pináculo. Forma, rectangular, con gnomon triangular de chapa; a mesma pedra, rematada en escote, leva gravada unha cruz. Timbra o conxunto unha pedra en forma de torre de xadrez. Tipo vertical ortomeridiano. Estado de conservación moi bo. Propiedade, Arcebispado de Santiago.



VINSEIRO. Lugar, Moucho. Situación, nun hórreo, na base do pináculo. Forma circular; gnomon consistente nun estilete. Non logramos divisar a numeración, pero o que nos chama poderosamente a atención é que se atopa orientado ao norte. Tipo vertical ortomeridiano. Estado de conservación bo. Propietario Antonio Souto Borrajeiros.



VINSEIRO. Lugar, Vis de Correa. Situación, non está instalado. Forma rectangular, rematado en semicírculo; carece de gnomon. Na súa parte baixa hai un pequeno pedestal circular para ser encaixado e facilitar a súa orientación. Tipo vertical ortomeridiano. Estado de conservación bo. Propiedade, Rafael Agra.





De regadíos e regantes

Juan Fernández Casal

jfcasal@hotmail.es

Resumo. Ofrécense, a modo de retallos prendidos ao fío da memoria, diversas aspectos da vida campesiña neste fermoso eido do val do Ulla que conforman as parroquias de Riobó, Oca e Remesar, no concello de A Estrada (Pontevedra). Préstase especial protagonismo á auga de rego e aos seus sistemas de captación, condución e almacenamento e tamén ao seu regulamento consuetudinario e xurídico, sen esquecer a súa inevitable presenza no folclore e na etnografía desta comarca.

Abstract. As a patchwork made by the thread of memory, this article shows several aspects of country life in this beautiful land of Ulla valley, made up of Riobó, Oca and Remesar parishes, in A Estrada city council (Pontevedra). It gives prominence to irrigation water and its collecting, carrying and storage systems and also to its legal regulations, without forgetting its inevitable presence in the regional folklore and ethnography.

Introito

Este pequeno traballo de investigación case se asemella ás charlas que en tempos idos se mantiñan arredor da lareira nas longas noites de inverno; xuntanzas que daban pé para falar dos traballos, da vida cotián, dos recordos; o que se chama moitas veces “contos de vellas”. Hoxe en día van a menos, están a piques de desaparecer ou xa desapareceron, pois a televisión e outros aparellos absorben as conversas e ignoran as persoas. É por iso que pretendo eu, con moita saudade e traballo abondo, rescatar da memoria de algúns veciños e amigos os escasos farrapos que sobreviven, obrigando a este narrador a pegalos, coselos e zurcilos convenientemente para preservar do esquecemento aquelas vivencias e deixar constancia delas por escrito.

Non podo nin debo personalizar aos meus informadores pero todos eles son persoas maiores que fan un repaso dos tempos idos e non só relatan experiencias propias senón que traen as lembranzas dos



seus devanceiros. Todas estas informacións foron recollidas de forma oral con presenza persoal de ti a ti e, para evitar longos traslados, reducín o campo de actuación ás tres parroquias preto da miña residencia: Oca, Remesar e Riobó. Coido que coa información aquí aportada poderíase facer unha extrapolación a tódalas parroquias da Estrada e quizás a outras da Galicia rural. Cómpre tamén esta-

blecer unha limitación temporal: entre os anos trinta e sesenta do pasado século.

Unha viaxe no tempo

Retrocedo sesenta anos no tempo emprendo unha viaxe virtual para describir, sentado ao carón dunha fiestra do coche de Mosquera, que daquela facía o percorrido ata A Estrada os días de mercado, a paisaxe que observo. Non podo dicir comodamente sentado porque a estrada, naqueles tempos con piso de grixo e chea de fochancas, facía sacudir aos sufridos pasaxeiros coma se padecesen o baile de San Vito. Pero é que ademais, este autobús que fora novo había moitos anos parecía que en cada momento ia partir en dous. Así sentado, este pasaxeiro, entre sacudidas do escano, ollaba para ámbolos dous lados e memorizaba a paisaxe que contemplaba.

Era polo mes de xuño e tódolos terreos estaban en plena produción. Vexo extensas plantacións de millo co seu pendón xa nado e as espiguiñas que saían do talo. Intercaladas entre elas, pequenas parcelas de patacas xa coa rosa que asomaba no medio de cada pé e tamén, por desgraza, o escarabello comendo nas follas. Daquela tra-

tábase co tóxico, e hoxe prohibido, DDT. Nos tramos non aptos para o cultivo víanse plantacións de pinos, carballos e outras variedades forestais, ás veces tan mestas que incluso penduraban sobre a estrada e ao viaxeiro dáballe a impresión de que o autobús rodaba por un túnel. Nos lugares próximos ás casas e con regadío doado, abundaba todo tipo de hortalizas. No quedaba nin un recuncho de terreo que non fose utilizado para o cultivo. Naqueles tempos a maioría dos veciños destas zonas rurais vivían case exclusivamente da agricultura e gandería. Necesitaban pois desesperadamente terras de cultivo.

O alimento básico era pan e viño, hortalizas, patacas, que se cultivaban só nun recuncho das leiras, e algo de carne de porco. Para os viñedos utilizaban os laterais das fincas sen perderen terreo agrícola. Incluso os camiños servían de plantación de vides sempre que respectasen a altura obrigada para servicio de paso. Os viños daquelas uvas, lixeiros e acedos, non eran aptos para padais exquisitos nin estómagos delicados pero o bagazo facía unha augardente de excelente sabor.

O motivo da viaxe deste pasaxeiro era recoller o día sete de cada mes, que cadraba ademais como día de mercado, a súa mensualidade como mestre da parroquia de Remesar, que naqueles tempos se efectuaba na casa de Xesús Leis, por delegación da Habilitación Provincial de Pontevedra. Este mestre retornaba no mesmo estartelado autobús ata A Mota e desde alí debía subir, case podía dicir agatunñar, por sendeiros, corredeiras e congostras, deica a súa parroquia de Remesar.

Análise de terras

Antes de iniciar a información sobre a maneira de darlle á terra de cultivo a humidade necesaria cando a natureza lla negaba, será ben que acheguemos unha serie de datos sobre as terras, limitados ás tres parroquias que previamente sinalamos. Por suposto que os datos aquí investigados pódense extrapolar ás demais parroquias deste concello. Se establecemos un perfil vertical destas terras atoparémonos con profundidades laborables que oscilan desde poucos centímetros ata 1m. aproximadamente, pero sempre encontraremos un fondo

de rochas, o granito máis ou menos modificado. A propia terra de labor ten dous compoñentes básicos: unha pequena parte de materia orgánica procedente da degradación de restos vexetais, procedendo o resto dese granito esmiuzado en forma de area. Esta mestura de materia orgánica e area sen apenas arxila fai que os solos sexan moi porosos e permeables ás augas de chuva.

Esta intensa permeabilidade provoca que a pesar das frecuentes chuvias, estas terras non reteñen a auga, que se filtra ata o fondo da rocha e da lugar aos numerosos agüeiros que xorden despois das chuvias. É frecuente que, despois dun temporal as terras chas se asu-laguen pero ao pouco tempo, xa se ven enxoiatas. Outra das características destas terras é a falla de calcio e o forte acedo debido principalmente ás seguidas filtracións de auga. Un nivel ideal de acedo sería dun PH de 6,5, cando nestas terras apenas chega a 5,5.

Pero sigamos cos sistemas de rego que se fan ou se facían mediante condutos ou canles que recollían as augas nas partes altas do río e baixaban ata as leiras con dereito de rego por medio de ramificacións ou derivacións. Estas servidumes de paso de auga estaban marcados desde tempo inmemorial e respectábanse escrupulosamente. Como este noso terreo é moi accidentado, estas canles non están trazadas precisamente a nivel; seguen as variacións orográficas dos eidos pois xamais se chegou a tomar conciencia de crear un plan xeral para construír unha estrutura fixa e duradeira.

É interesante coñecer o sistema de rego que deixaron os musulmáns durante a longa posesión e dominio das terras españolas. Estes pobos eran esencialmente agricultores habituados a traballar en terras escasas deste prezado elemento e de poucas precipitacións. Trouxeron consigo unha cultura sobre o uso da auga para rego; auga que mimaban e aproveitaban ata o máximo. Nas terras que estiveron baixo o seu dominio estabreceron unha estrutura de regadíos moi complexa para o seu enteiro aproveitamento. Construíron grandes canles, modificaron o curso dos ríos e fixeron uso de noras para elevar as augas, artiluxios que aínda perduran en algúns lugares. Aos musulmáns debemos a introdución na península do arroz, laranxas e limóns, alcachofas, espárragos, etc. Pero ademais do uso utilitario da auga como materia de rego, souberon darlle a este elemento un sen-

tido ornamental construíndo numerosas fontes, tanto públicas como pancegas. Pero regresemos á nosa Galicia e dentro dela a este recuncho de terra das tres parroquias estradenses. Galicia era basicamente un pobo gandeiro con abondosos pastos. A súa agricultura estaba centrada no cultivo do *mijo* (millo miudo ou millo dos paxaros). O actual millo empezouse a cultivar moito tempo despois. Este cereal de orixe americano foi traído a España polos colonizadores. Ademais do citado *mijo*, nas nosas terras había abundante produción de castañas, trigo e centeo. Con esta limitada variedade agrícola non era esencial o rego e ademais as chuvias eran abundantes. Os regadíos eran un labor secundario ao que non se lle dedicou especial esforzo.

É curioso salientar que nos primeiros anos nos que está datado este relato non existía un cultivo xeneralizado da pataca. A este tubérculo só se lle dedicaba algún recuncho dunha leira en especial onde non era doada a entrada do arado. Aínda é máis curioso o seu consumo. Gardaban a pouca colleita para a cea do Nadal e algunha que outra festa. Intentei preguntar o porqué desta limitación no cultivo. Parece ser que lle daban máis importancia ás terras para millo e centeo e xa tiñan abondo coas castañas. Sorprende a actitude dos nosos devanceiros ante este tubérculo de orixe peruana. Parece ser que facía máis de oito mil anos que se cultivaba en aquel país e deuse a coñecer en Galicia sobre o ano 1570.

Riobó é o noso río Bo

Neste traballo entran varios elementos que se incorporan ao plan xeral para describir o sistema de regadíos nas tres parroquias onde se desenrolan as labours de rego. O protagonista: o río Bo. Este pequeno río é o fío condutor e, repito, protagonista deste traballo. Neste sentido, antes de entrar na propia información de regadíos e regantes, debemos concederlle un tratamento especial, dedicándolle a totalidade deste capítulo. En primeiro lugar queremos clarexar que as súas augas non teñen un aproveitamento exclusivo para rega de fincas; ofrece moitas máis aplicacións como eiquí veremos. Tres parroquias deste concello, Oca, Remesar e Riobó son as que reciben principalmente as augas do río, que dá nome a unha delas e que o



Os ríos estradenses, afluentes do Ulla e do Umia.



Rede hidrográfica do municipio da Estrada.

ma, recóllese unha investigación sobre os muíños que había instalados neste río e a ela me remito.

Desde o seu nacemento vanse derivando pequenos canles para o rego das terras altas. Pero sigamos co seu aproveitamento. No lugar de Barcia traballaba o industrial torneiro coñecido por Manuel de Elisa, fabricante de pratos para pulpo, usado nas comidas en feiras,

identifica como río cheo de bondades.

O río Bo nace nas abas do Monte Redondo e Monte do Outeiro nun lugar coñecido como Fonte do Currelo na parroquia de Orazo, e recolle as augas que a choiva deixa nas tres parroquias xa nomeadas. O acusado desnivel fai que as súas augas baixen sempre en curso rápido case en continuas e pequenas fervezas. No seu camiñar cara o Sur ven recollendo augas de pequenos afluentes e abundantes regueiros e xa case ao seu remate recibe as augas do río Mao que é o que lle aporta máis caudal. Ó final entrega todas as súas augas no río Ulla, do que é afluente, na parroquia de Arnois. No mapa detállase todo o seu percorrido e afluentes.

Ademais do aproveitamento para rego –que ven ser o tema central deste traballo– o río Bo é utilizado noutras moitas actividades, case sempre como forza motriz. Nesta mesma publicación, no número cinco da mesma

mercados ou festas campestres. Era un home con moito enxeño. Para mover os dous tornos e unha serra construíu unha nora de catro metros de diámetro que montou sobre o leito do río de Barcia coas súas correspondentes cazolas e regulaba a velocidade ou a potencia con só modificar o caudal de entrada. Naquel tempo aínda non había instalación eléctrica e os demais torneiros usaban como forza motriz nos seus tornos uns pedais que movían co pé. Tampouco había bombas eléctricas para subir auga dos pozos; a roldana e o caldeiro eran de uso corrente.

Ademais, este home ideou unha bomba aspirante-impelente feita toda ela de madeira. Usaba toros de pino novo cun burato polo medio que facía de tubo. Sigamos con aproveitamento das augas. Xa na parte baixa do seu percorrido o industrial madeireiro Manuel da Fábrica montou unha pequena central eléctrica que consistía nunha dinamo movida por auga. Daba servicio para seis vivendas do lugar de Os Besteiros pero en cada casa só podía haber unha bombilla acesa de 25 W pois as posibilidades da dinamo eran pequenas e non daba para máis valentías. Poñíase en marcha ó vir a noite e traballada catro ou cinco horas. Río abaixo, antes de chegaren as augas ao “río grande”, había unha serie de pequenos saltos de auga que daban corrente para algunhas vivendas destas parroquias.

Como son curiosas lembranzas, expoño eiqú unha relación dos mesmos: Salto da Barreira, que daba servicio á casa dos Outeiros e a algunha cada da Mota. Salto de Cabaleiro, para servicio da casa de Cobián e unha casa do Río, e salto da Fábrica de Papel, para servizo propio. Xa fóra da nosa parroquia este río seguía a dar auga para mover unha dinamo para varias casas de Celeiróns e outro salto máis abaixo para servicio da casa de don Mario. Os usuarios deste servizo



O río Bo e a súa conca hidrográfica.



Antiga imaxe da ponte do río Bo.

pagaban ao propietario unha cantidade fixa ao ano sen que se formalizara pago mediante recibo de luz pois non había contadores pero o que sí facían era cortar o servizo se tentabas usar máis dunha bombilla. Como se pode supoñer a potencia era escasa e apenas chegaba para matar sombras pero

ao menos había un punto de luz limpo sen os fumes e malos olores da combustión do gas.

Sobre o ano 1955 unha compañía de electricidade de A Estrada, “*La Nueva Electra*” unificou o servizo. Máis tarde, o Salto de Merza fíxose cargo destes abonados ata que “*Fenosa*” mellorou definitivamente a calidade... e aumentou os prezos.

Ademais destas correntes superficiais nas que é tan ricaz esta comarca, circulan polo subsolo unhas correntes subterráneas que afloran á superficie por iso abundan as fontes e en calquera recuncho nacen augas. Na actualidade, todas as casas destas parroquias teñen servizo propio de auga ó aproveitar as augas freáticas por medio de pozos e minas que logo conducen ata as vivendas nas que entra con bastante presión pola diferenza de nivel. É frecuente que varios veciños acorden conxuntamente a apertura dunha mina con suficiente caudal para o propio abasto. Outra solución de captación de augas fondas é a perforación con maquinaria especial. Cómpre engadir que todas estas captacións de auga agotan as reservas do subsolo e fan escasear as fontes tan abundantes noutros tempos.

O litixio do Pazo de Oca

O río Mao é o principal afluente do río Bo, a quen aporta a maior parte do seu caudal. Este afluente entra nos dominios do Pazo de Oca por Badoucos, rega e adorna as súas leiras, fontes, estanques

e xardíns e sae de novo por Barcia para entregar as augas ao río pai. Estes sobrantes do Pazo veñen regar parte das leiras de Oca e unha grande parte das terras estremeiras de Riobó. Tempos atrás, a maioría das terras de cultivo do entorno desta casa ducal pertencían aos



Estanque dos xardíns do Pazo de Oca.

propios donos do pazo pero co tempo foron compradas polos veciños; pero a casa ducal aínda cría que era propietaria, non das terras que venderon, senón das augas que entraban na súa propiedade, de modo que os veciños debían pedir de favor permiso ao administrador para regar as súas terras e incluso firmar unha solicitude dirixida aos “donos” das mesmas. Ata aquí recollo informacións que por vía oral me transmitiron os veciños, poida que algo difusas e carentes de rigor. Para aportar concreción quixera aportar un artigo publicado no número 11 (febreiro de 1992) da revista *Contrarretanca* a partir da información facilitada por don Francisco Rey Castro, veciño de Riobó, máis coñecido entre nós por Paco de Agustín:

A causa do conflito é a pretensión, por parte de Pazo de Oca, de despozar aos donos das terras do dereito de regadío. Estas terras, nunha zona entre Oca e Riobó, dependían dos propietarios do Pazo nos tempos nos que se fixo a Presa Nova. A acequia pasa polo interior da finca amurallada e rega despois unha superficie catro veces maior. No século pasado, logo dunha división de herencia, parte da finca foi vendida como terra de regadío. Do regadío hai constancia documental de 200 anos.

A lei de augas de 1985 establece a titularidade pública de todas as augas dos ríos e dá un prazo de tres anos para a inscrición de dereito a utilizalas. A Comunidade de Regantes “Presa Nova” criouse porque a mesma lei obriga a todos os usuarios dunha mesma toma a constituírense en sociedade. Somos uns 80 propietarios, e os únicos que non quixeron entrar foron os donos do Pazo. Estes solicitaron a inscrición particularmente (xa houbo outro intento en 1929) excluindo ao resto dos usuarios. O normal houbera sido anular sen problemas este intento, e non foi así pola ineficacia dun avogado que non soubo formalizar no seu momento a nosa oposición pola parcialidade dun notario que certificou as falsedades pretendidas polo pazo despreciando a evidencia do uso colectivo




Lavadoiro de roupa no xardín do Pazo de Oca.

das augas pola mala fe do administrador do duque que nunca atendeu as reclamacións dos outros regantes. A Comunidad de regantes solicitou ao seu nome, contemplando o dereito do Pazo, a súa parte de regadío, pero os propietarios deste paralizaron o proceso. [...] A súa tamén estaba parada porque un informe técnico deu constancia na Dirección Xeral de Obras Hidráulicas de que o aproveitamento de augas é conxunto e non particular. Levamos anos nesta situación porque a lei im-

pón que se agote a vía administrativa antes de resolver un litixio por vía xudicial, pero só xudicialmente se pode anular a acta notarial feita a requerimento do Pazo que é a que está obstruíndo calquera solución. Por todo isto é probable que nun futuro próximo se prantexe un xuicio como única forma de defender os nosos dereitos.

Anécdotas e incidentes

Nos anos trinta do pasado século era frecuente que polas noites baixasen os lobos ás aldeas en busca dun doado bocado. Algúns listiños propalaban falsas chegadas dos lobos e os regantes daquelas noites non facían uso do seu dereito de rego por medo á fera; pero quen sí facía uso das augas era o listiño do conto. Nas fincas regadas polo río Badouco non había prorrato que delimitase e regulase o uso das augas do mesmo. Cada un collía a quenda cando había augas libres. Este sistema de rego era coñecido como de *pillapilla* u á *pillota*. A falla de regulación era motivo de frecuentes pelexas e liortas especialmente cando os que disputaban as augas non eran da mesma parroquia. Era costume que o agricultor que estaba en acto de rego deixase un sinal no torno (derivación da canle que ía para unha finca). Este sinal podía ser unha rama, unha prenda de roupa e, cando o perigo de roubo da auga era grande, quedaba o mesmo regante a gardar o tesouro da auga. Claro que ás veces o cansazo era tanto que se quedaba durmido pero as augas seguían o seu camiño e cumprían o seu deber. Una das tornas estaba situada preto do lavadoiro da



Plano do punto de toma de augas no río Badouco ou Mao, no lugar denominado "Chancelas", para a canle denominada "Presa Nova" e da súa zona regable en Oca e Riobó.

Praza de Oca e mentres as augas seguían o seu recorrido, as pulgas das roupas suadas e sucias que as lavandeiras deixaban no chan antes do lavado, asaltaban ao pobre gardián das augas. Esta faena do regado das leiras era continua e facíase de día e de noite pois alternaban as quendas para evitar a repetición. Nas escuras noite sen lúa eran necesarias dúas persoas; unha delas portaba un farol para alumear mentres o regante dirixía as augas polo seu suco. Nesta manobra precisábase traballar descalzos para non mollar o calzado. Non había problemas de catarros.

As disputas polo uso das augas de rego eran frecuentes pero poucas veces pasaban de insultos e de fortes parolas dedicadas á familia. Pero en certa ocasión xa non quedou en disputas pois entrou na conversa unha ferramenta, a eixada. Aquí quero recoller un relato que hai moitos anos circula por estas terras e que quedou gravado na memoria desta bisbarra. Nunha destas liortas entre un regador e unha regadora a cousa chegou a maiores pois nun destes tiras e das-me, a muller levou unha ferida na cabeza da que precisou asistencia sanitaria no hospital de Santiago, pero unha infección de tétanos levouna en oito días.

O troco horario

No 1940 adiantouse oficialmente unha hora con respecto á hora solar; troco que xeralmente foi mal recibido polas xentes das zonas rurais afeitas a calcular a hora pola situación do sol e no seu caso pola longura da sombra que proxectaba o seu corpo no chan. Esta medida tñana tan axustada que xeralmente os erros de cálculo eran de poucos minutos. Este troco horario tardou en aceptarse. Era corrente que ó iren preguntar a hora a outra persoa, esta daba dúas respostas, a hora do sol e a hora oficial, a *hora tola*. Esta modificación tamén afectou ós costumes do regadío e moitas veces entraba a malicia nos regantes pouco escrupulosos en aceptar o horario oficial. Durante a súa quenda de rego respectaba o novo horario co adianto oficial dunha hora sobre o sol, pero, finalizada a súa quenda, acollíase á antiga hora solar. Desta maneira, o aproveitado regante dispuña dunha hora máis de rego. Naturalmente os outros usuarios non estaban

conformes con esta medición do tempo e xurdían disputas, ameazas con fouciños, pelexas. Vaia liortas que se armaban!... aínda que o sangue non chegaba á canle de rego. Esta teima por regar antes do tempo marcado, querendo roubar tempo ao tempo, para aproveitar mellor o tempo –insisto adrede na repetición– dáme pé para lembrar unha sentenza que se repite nesta comarca, transmitida de xeración en xeración para censurar ou desaprobar a présa dos apurados que todo o quen quer facer axiña. Eiquí a expoño aínda que sexa metida a trompellóns:

*O tempo díxolle ao tempo
o tempo que o tempo tiña.
E o tempo respondeulle
que o tempo sen tempo non viña.*

A píntega

En moitas ocasións, cando se facía o regado polas noite, caía unha chuviña moi fina ou chuvia de tronada. Con esta clase de tempo era doado ver uns anfibios chamados pínegas, parecidos aos lagartos pero de hábito



Unha píntega.

nocturno. Estes animalíños viven preto das correntes de auga e saen dos seus acobillos preferentemente pola noite. Cando o regador, ou regadora, alumeados pola luz do farol que levaban na mao tropezan con esta especie de lagarto de bandas marelas, entráballes un medo ancestral. Pensan que con só tocarlle na pel, morre a persoa. Este bonito anfibio, cando se ve ameazado álzase nas catro patas en actitude agresiva. Este xesto do pobre animalíño é interpretado como unha posición de ataque o que aumenta máis o medo das persoas. É moi curiosa a crenza destas xentes sobre as pínegas. Din delas que aínda que as boten nunha fogueira nin o lume as queima. Que parecido ten coa mitoloxía e cánto asemella á Ave Fénix que renace das borrallas!

Nunha ocasión atopei preto dun regueiro unha grande e preciosa píntega. Agarreina con tino, coloqueina na palma da man e amosei-

lla a unha señora moi maior. Cando a veu virou pálida e botoume unha ollada temerosa coma se fose morrer naquel mesmo instante. Non sabía que o perigo deste bichiño radica na súa pel, que segrega unha sustancia tóxica e cómpre ter a precaución, cando se toca, de non levar as maos aos ollos e á boca. E máis nada.

As pozas

Moitas veces o caudal de auga que circulaba polas canles non era abondo para regar axeitadamente e con celeridade. Había que buscar a maneira de facer uns depósitos que acumulasen unha cantidade de auga para facer esta manobra sen perder tempo na espera. Este problema solucionouse dunha maneira moi sinxela. Aproveitaban algún recuncho que quedara algo fondo e que fixera de parede dun depósito de dous lados; o terceiro lado, de forma semicircular, facíase con terróns e ramas entrelazadas. Desta maneira podíase acumular ata dous ou tres mil litros de auga, cantidade suficiente para regar a totalidade dunha parcela mediana. Este modo de xuntaren as augas para rego era frecuente, sobre todo, na parroquia de Riobó onde houbo ata once pozas, aínda que algunhas delas tiñan outras aplicacións. Aquí van os nomes dalgunhas: Charca de Fonte, Poza da Aldea Grande, Poza do Rego, Poza do Outeiro, Poza do Reboredo, Charca de Penelas, Charca da Devesa. Eran tamén pozas do liño. Esta palnta, despois de arrincala –non segala– debía meterse a amolecer dentro da poza durante uns quince días para que podrecese a tona da pranta. Despois sometíase a varias manipulacións, moi laboriosas todas elas, especialmente o mazado, que se facía enriba de pedras lisas para que soltara a “casarilla”. Para este mazado eran moi axeitados os escanos de pedra que abondaban en todas as casas campesiñas; curiosamente aínda agora estes asentos seguen a chamarse mazadoiros.

O legoeiro

Moitas veces as augas de rego descubrían polas cunetas, que permitían un paso seguro e sen perda cara as leiras. Deixemos que estas augas baixen libremente polo seu cauce mentres lemos unhas

curiosas informacións sobre a conservación destas canles por onde circulaban, tamén, as augas da choiva. Na actualidade a súa conservación e mantemento depende dos organismos oficiais competentes; un equipo mecanizado realiza esas faenas nun intre, pero nos anos onde centramos a nosa investigación, esta tarefa estaba encomendada a unha persoa que se encargaba de manter limpas as cunetas: falamos do legoeiro, o home do legón, responsable da conservación e vixilancia, nunha lonxitude dunha legua, da estrada. O mantemento do propio firme xa era outro cantar, e non entraba na súa obriga.

Tradicionalmente estes limpadores de cunetas tiveron fama de nugalláns e descoidados. Dise deles que adoitaban pousar o legón nun lugar visible e penduraban nel a chaqueta, simulando que estaban a traballar, cando a realidade máis frecuente era que se afanasen en tarefas da súa propia facenda. Tal era a imaxe pública que se formou desta profesión que corría a frase de que para curar unha difícil enfermidade, o mellor remedio, o máis doado, era dar unha fregas con suor de legoeiro ou poñer a súa camisa suada. Quén as catara! Habería de todo, digo eu. Pero ademais desta sona de nugalláns, algúns foron uns oportunistas negociantes. Nas propias cunetas e nos seus bordes medraban tenras herbas moi cobizadas polas vacas. E aquí entra o negocio; o legoeiro convertía o seu campo de traballo nun motivo comercial. Arrendaba longos anacos de cuneta aos gandeiros para que as vacas paceran mansamente a sabedeira herba que alí medraba. Non existían problemas de atrancos na estrada; tan só había que contar co paso da Estradense e os días de mercado con algún que outro autobús. Apartábanse as vacas e logo, veña pacer de novo.

As cunetas tamén foron cultivadas no seu momento pois os veños sementaban nelas, previa compensación ao legoeiro, coles e leitugas.

A concentración parcelaria

Sobre o ano 1980 esta reforma agraria quedou rematada coa entrega de títulos de propiedade. Pero antes de entrar neste tema describámos a situación das antigas parcelas. O terreo destas tres parroquias é accidentado e as terras de cultivo estaban formadas a modo de longas parcelas nas ladeiras dos montes, sen superficie abondo para os labo-

res agrícolas mecanizados. O termo que aquí se usaba para denominar estas leiras era o de *gicholiña*, palabra que plasma con claridade a extensión da mesma. Pero ademais era costume que nas transmisión de patrimonio por herdanza cada finca fose repartida entre os herdeiros para que cada un conservase parte da propiedade. Deste modo a parcela facíase máis e máis pequena, tanto que as había de menos dun cuartillo (262 m²), na que non había lugar nin para un carro. Cómpre engadir que, unha vez realizada a concentración, nos novos títulos de propiedade consígnase se a parcela é ou non divisible, para evitar, precisamente aquela excesiva atomización.

Ao seren tan pequenas carecían de camiño de entrada e dependían dos estremeiros que aceptaban a obriga de deixar servizo de paso. Durante o proceso da elaboración inicial da Concentración Parcelaria da parroquia de Remesar tiveron a oportunidade de preparar a relación de todos e cada un dos propietarios e identificar sobre un plano cada unha das súas pertenzas. O meu labor consistía en rexistrar o número de cada parcela e atribuírla ao seu dono. Neste proceso de identificación de propiedades encontreime con retallos –é o nome que mellor lle acae– con superficies de 4x5 m², no lugar das Amoreiras, a mellor terra da parroquia para hortalizas.

Podemos entrar con detalle nos datos destas tres parroquias que son obxecto do noso estudo pois son de grande importancia e danlle moita claridade ao tema. Entre os anos 74 e 80 do século pasado comezou e finalizou esta concentración coa entrega dos títulos aos propietarios das novas parcelas.

	Extensión	Propietarios	Parcelas antigas	Parcelas novas
OCA	178 Ha	328	3.128	645
REMESAR	275 "	243	2.021	649
RIOBÓ	153 "	415	2.224	732
	606	986	7.373	1.847

A mesturanza entre agricultor, familia, fincas e animais, dame lugar para deixar constancia de dúas anécdotas moi ilustrativas sucedidas durante este proceso de concentración de terras nesta parroquia.

Un anaquiño de terra triangular duns 20 m² pertencía a María de Benigno, leva xa moitos, moitos anos falecida. Por necesidades de agrupamento pasou a outro propietario. ¡Pobre señora María! Pasaba días e noites a chorar desconsolada diante da parcela perdida e laiábase: Miña leiriña, na que traballou meu avó, que pisaron meus pais e onde pasei a miña mocidade e que agora quede sen ela! Non hai xustiza neste mundo! Coido que morreu pouco despois.

Outra anécdota: Neste proceso de concentración de terras, os enxeñeiros quixeron que os propietarios tiveran claro os grandes beneficios que supuñan estas reformas e organizaron unha viaxe a unha bisbarra onde esta concentración estaba finalizada xa facía varios anos.

Dous veciños separáronse do grupo e decidiron investigar pola súa conta. Chegaron a unha casa de labradores, presentáronse, parolaron de todo, e tamén do motivo que os levara alí. Foi a dona a que falou con moita paixón e manifestou que “o troco de terras doume un desgusto moi grande, custoume un mes de cama e houbo días que quería morrer. Pasaron dous anos e agora dígolles con franqueza que aínda que me deran duascenas mil pesetas non volvía aos tempos de antes”. Como se darán conta estes cartos naquel tempo era unha fortuna.

As presas de rego

Calquera labrego maior de 70 anos coñece ó detalle as pozas de rego, os canles e as tornas de todas as presas da súa parroquia. Destas antigas canles non se elaborou ningún gráfico nin plano, polo que neste traballo non se poden aportar documentos relativos a esta distribución. O que si hai son papeis onde quedaron rexistradas as quendas ou prorrateos das horas e datas que correspondía a cada leira. Este redactor tentou conseguir unha copia dun prorrateo pero atopouse coa desconfianza destas xentes pois dubidaban do uso dos papeis.

Coa chegada da Concentración Parcelaria todo este sistema de regos trocouse profundamente porque modificou a distribución das antigas parcelas, a súa localización e extensión.

Prorrateo del agua de la presa de la Barrera.

Reclacion de Cupos

N.º 1. Cupo de Ambos Rey y Person

	Cupos de 1783
1. Selagada, herbal y campo de calorá, cuartillos, que linda Norte con el Sr. Juan de S. y con el Sr. Fernando de José Rey, Este presa, Oeste regato.	17
2. "Haina dos Sazos, labradío de diez cuartillos y medio, confinando por el Norte con el Sr. Juan de S. y Este presa, Oeste regato.	118
3. Selagada, a labradío y herbal, su cabida y extensión superficial es de noventa y nueve cuartillos, linda del Norte con el Sr. Juan de S. y Este presa, Oeste regato.	122
4. "Chousviro de Arrental carrizos, labradío de nueve cuartillos de su superficie y extensión la cual se halla cerrada al Sur de.	13
5. "Anquicero de la presa para laja, su cabida de otros cuartillos y medio, que linda Norte con el Sr. Juan de S. y con el Sr. Fernando de Juan Rodrigo, Este presa, Oeste carrizos.	15
6. El fundo que ocupa la casa de su habitación sobreal, esta y terreno, unido a labradío y herbal, de sembradura de setenta y tres cuartillos, linda Norte regato y con parte de su finca de S. y Este con el Sr. Juan de S. y Este regato, Oeste muro.	151
7. "Casapuntas, labradío de noventa y cinco cuartillos, su cabida es de noventa y cinco cuartillos y linda Norte	

Prorrateo de augas da Presa da Barreira.

Foi lenta a concienciación dos agricultores para asumir a súa nova propiedade pois esta modificación trocou a imaxe das terras que viña cultivando desde varias xeracións atrás. Concentradas as propiedades houberon acometer a tarefa de igualar as novas parce-

-: P R O R R A T E O :-
XXXXXXXXXXXXXXXXXXXX

DE LAS AGUAS QUE DENOMINAN "P R E S A D E B A R C I A"
Y FERTILIZAN TERRENOS RADICANTES EN EL LUGAR DE BARCIA DE
LA PARROQUIA DE RIOBO, CUYO EXPEDIENTE PRINCIPAL, DE ESTE //
PRORRATEO FIRMADO POR TODOS LOS INTERESADOS, QUEDA EN PODER
DEL MAYOR LLEVADOR DE AGUAS DON RAMON CARAMES VICENTE. -DI-
CHO EXPEDIENTE HA DE SER EXHIBIDO A CUALQUIERA DE LOS LLE-
VADORES CUANDO SEA NECESARIO, ASI COMO UNA FOTOCOPIA TAMBIEN
FIRMADA POR TODOS LOS LLEVADORES QUE QUEDA EN PODER DE DON
MANUEL FERNANDEZ FERNANDEZ. - - - - -



-: T U R N O S :-

-: P R I M E R A T A N D A :-

En t r a, DON JOSE FERNANDEZ PAREDES, con treinta y un //
minutos, que utilizará desde las ocho de la mañana del Lunes,
hasta las ocho y treinta y un minutos de la misma mañana. Y
entra, - - - - -


DON ANTONIO NEIRA FERNANDEZ, con tres minutos, que
utilizará desde las ocho y treinta y un minutos de la maña-
na del Lunes, hasta las ocho y treinta y cuatro minutos de /
la misma mañana. Y entra, - - - - -

DON JOSE PORTO BALTAR, con una hora y cincuenta /
y dos minutos, que utilizará desde las ocho y treinta y cua-
tro minutos de la mañana del Lunes, hasta las diez y veinti-
séis minutos de la misma mañana. Y entra, - - - - -

DOÑA MARIA FERNANDEZ FERNANDEZ, con cuatro horas
y diez minutos, que utilizará desde las diez y veintiséis mi-
nutos de la mañana del Lunes, hasta las dos y treinta y seis
minutos de la tarde del mismo Lunes. Y entra, - - - - -

Prorrateo de augas da Presa de Barcia.

las eliminando antigos estremeiros e desfacendo muros. Ao espoñer novos lindeiros, todo este sistema de canles, regos e tornas, quedou eliminado. Foi necesario abrir novos camiños de rego e nova distribución de tempos e datas.



Caño sifón atravesando unha estrada

Vasos comunicantes (os caños)




Caños de Oca.

Con moita frecuencia as canles de regadío e regueiros cruzaban a primitiva estrada de Liñares a Valboa por medio de tubos enterrados dunha a outra cuneta. Sobre o ano 23 do século XX, durante a ditadura de Primo de Rivera, modificouse e mellorouse o trazado da mesma, eliminando curvas cerradas e pronunciadas costas.

Esta nova modificación do trazado afectou ao paso das augas que cruzaban a estrada, de modo que os enxeñeiros víronse na obriga solucionar o seu paso por medio de tubos comunicantes, sifóns ou caños, como popularmente se denominan estas construcións hidráulicas. Na antedita estrada aínda se conservan algúns destes sistemas, pero fóra de uso.

O mesón

Na eira de Pepe Ruibal había unha poza grande da que saía auga para outra máis pequena que facía de lavadoiro da roupa e bebedeiro das



vacas e despois regaba parte das leiras desa zona. O uso desas augas quedou rexistrado documentalmente, aínda que máis adiante fosen usadas para servizo das casas de preto do manancial. Na poza do Piñeiro, na mesma parroquia de Oca, saía unha canle con augas que verquían nunha pía por un picho de pedra. Nesta pía bebían as bestas, cabalos ou burros dos arrieiros que facían o percorrido Santiago-Ourense e viceversa. Estes animais ían e viñan cargados xeralmente con odres de viño e todo tipo de mercadorías. Polo

camiño facían paradas para que os animais bebesen auga e comesen un bo feixe de herba. Ademais os propios arrieiros tamén tiñan necesidade de comida e bebida. Unha das paradas de costume era precisamente nunha casa situada á veira da estrada xeral Santiago-Ourense. Ademais dos arrieiros tamén facían parada frecuentemente os carros de cabalos que transportaban viaxeiros. Na actualidade aínda se conserva a casa, ben restaurada, habitada polo veciño de



Os caños de Berres.



Caños de Riobó.



Antigo mesón en Oca (estrada Santiago-Ourense).

Oca e bo amigo meu José Manuel Pereiro. O antigo oficio de mesoeiro hai moitos anos que desapareceu. Só queda o nome da casa: O Mesón e o do seu habitante e propietario José Manuel do Mesón.

Amudarrar o monte

Era tanta a necesidade de terras que había noutros tempos que se buscaban no monte novos espazos de cultivo. Era unha faena laboriosa. Durante a primavera cavábase a man unha parcela de monte e as moreas de terróns –chamadas mudarras– eran queimadas despois de que o sol as deixase ben secas. A borrhalla que quedaba era espaxada a modo de abono. Nese anaco de monte xa preparado sementábase trigo ou centeo e, mesturado con eles, semente de toxo. No seu tempo nacía e maduraba en primeiro lugar o cereal, que era segado e preparado para o consumo humano. Coa fariña de trigo facíase o pan de festa e a de centeo mesturábase coa de millo para facer o pan de broa. Despois da seitura do cereal empezaba a nacer o toxo pois ten un ritmo máis lento de xerminación e tamén tiña o seu aproveitamento para estrar as cortes, para pasto dos cabalos ou como combustible para quentar o forno do pan. Esta faena de amudarrar era longa e moi dura. Ás veces botábanse días enteiros no monte sen descanso para o xantar na casa. Levábanse patacas e facíanas asadas meténdoas na mudarra aínda quente. Como bebida, auga, que a había abondo en calquera sitio e era de balde.

Nova viaxe

No comezo deste relato describimos unha curta viaxe no autobús de Mosquera, contemplando a paisaxe dende ambos os dous lados da estrada. Cincuenta anos despois –medio século!– realizamos o mesmo percorrido; non, por suposto, no mesmo autobús, senón

nun cómodo turismo que corre suavemente por unha estrada de recente restauración e mellora. Viaxamos amodo para captar todos os detalles do percorrido. Das terras antano cultivadas con todas as variedades de plantas de consumo, millo, patacas e hortalizas que destacaban polo seu verdor, só quedan campos improditivos onde medran libremente herbas, hedras, matogueiras, toxo e algún que outro carballo e algúns piñeiros. Onde viamos casas cheas de vida, de actividade, agora vense moitas abandonadas e cubertas de mato que, pouco a pouco, vai tomando posesión delas. Algunha que outra finca aínda mostra sinais de cultivo, o resto só é pastín para ovellas e algún que outro caballo pero nin vacas se ven agora. Canto cambiou o campo dende aqueles lonxanos días!



Entre o mato asoma a cheminea da fábrica de madeiras de Berres.



Desolación e tristeza onde onte rebulía a vida.



O final da primeira guerra carlista en Tabeirós: as derradeiras accións da facción de Villanueva na comarca

José Ramón López Fernández
litolalin2001@yahoo.es

Resumo. Abórdase o papel que a facción de José Tomé Villanueva tivo na fase final do desenvolvemento da primeira guerra carlista na comarca de Tabeirós. A través de varios documentos e testemuños extraídos de procesos xudiciais recréanse as tácticas deste cabecilla para manter aceso o conflito armado e fortalecer as súas posicións na comarca, principalmente nas parroquias limítrofes con Trasdeza.

Abstract. This article tackles the role which the faction of José Tomé Villanueva played at the final stage of the development of the first Carlist war in Tabeirós region. Based on several documents and statements extracted from legal proceedings, it recreates the strategies of this leader in order to keep the access to the armed conflict and reinforce their positions in the region, mainly in the parishes bounded by Trasdeza.

Como é ben sabido, a primeira guerra carlista foi o conflito xurrido en 1833 como consecuencia do problema dinástico ou sucesorio existente á morte de Fernando VII. Dous bandos, o denominado como cristino, liberal ou isabelino, que apoiaba á súa filla Isabel II como candidata á coroa, e o carlista ou lexitimista, que daba o seu sustento a Carlos María Isidro de Borbón, irmán do monarca falecido, enfrontáronse no campo de batalla ao non chegar a un acordo amistoso para resolver a contenda. No fondo do problema, ademais da disputa sucesoria, estaba a maneira en que se ía organizar a vida política, social e económica da España do momento, optando por unha liña aperturista e liberal os defensores da primeira opción, mentres que os segundos promovían a sociedade tradicionalista e continuista do Antigo Réxime.

Esta guerra tivo en Galicia un escenario importante, en boa medida debido á influencia que o sector clerical, maioritariamente tra-



Capela de San Sebastián, nos límites dos concellos de A Estrada e Silleda. Nas súas inmediacións foi capturado o cardeal-cóengo Gorostidi e agocháronse frecuentemente os facciosos.

dicionalista, tiña dentro da sociedade galega da época e aos apoios que brindou á causa e bando carlista. A comarca de Tabeirós foi, á súa vez, protagonista sobranceira nalgúns momentos concretos do conflito. O máis sinalado foi, sen dúbida, o papel desempeñado polas xentes da comarca no intento infrutuoso do cardeal-cóengo Gorostidi de levantar en armas a cidade de Santiago contra os liberais en 1835¹ así como as represalias tomadas polos seus aliados para vingar a súa morte².

Á morte de Gorostidi, o mando militar carlista de Tabeirós e Montes foi unificado co de Deza e Trasdeza³. Deste xeito, esta co-

- 1 Vid. Fernández Bascuas, M. J. "Carlistas e liberais en terras estradenses: a derradeira batalla do caudillo Gorostidi". *A Estrada: miscelánea histórica e cultural*, vol. 9 (2006), pp. 273-306; Barreiro Fernández, X. R. O carlismo galego. (2008) pp. 86-89. López Fernández, X. R. A facción de Gorostidi. Faro de Vigo Ed. Deza (19-IV-2015).
- 2 Barreiro Molano, O. A primeira guerra carlista nas terras de Tabeirós: Accións militares e represalias na vila da Estrada (1835-1836). *A Estrada: miscelánea histórica e cultural*, vol. 16 (2013), pp. 215-237
- 3 Como veremos máis adiante, a Comandancia da esquerda do Ulla abrangúa os actuais concellos de A Estrada, Forcarei, Cerdedo, Silleda, Vila de Cruces, Agolada e Lalín. Á súa vez, dependía militarmente do coronel Ramos, con mando na zona centro de Galicia e este, pola súa banda, recibía ordes da Xunta Superior Gubernativa de Galicia. O mando militar liberal tiña unha organización similar: a nivel municipal existían cantóns militares, compostos de compañías e columnas, que dependían dun comandante militar, auxiliados polas autoridades locais (xuíz municipal e alcaldes) e voluntarios nacionais. Estes cantóns dependían á súa vez dun comandante con autoridade en todo o partido xudicial, se ben a principios de 1838 se unificaron os mandos dos partidos de Tabeirós e Deza na denominada Comandancia da Esquerda do Ulla. Esta comandancia dependía, á súa vez, da comandancia de Santiago de Compostela, a cal estaba baixo as ordes do capitán xeral establecido na Coruña.

marca pasou a ter un papel máis discreto en canto a accións de guerra se refire xa que os líderes da “Comandancia da liña esquerda do río Ulla”, Silva e Villanueva, eran naturais da actual comarca dezá, lugar no que actuaron e buscaron refuxio e apoios de xeito predominante dado o seu excelente coñecemento do terreo. Non obstante, Tabeirós seguiu representando un lugar no que contaban con apoio os facciosos, principalmente de tipo económico, así como escenario de escaramuzas ocasionais contra obxectivos concretos determinados pola guerrilla. En consecuencia, tanto os soldados do cantón militar liberal situado no Foxo Corbelle, nas parroquias de Ancorados e Rubín, como as autoridades municipais, tiveron traballo abondo durante toda a contenda bélica.

Deste xeito, nos anos 1836 e 1837 as accións de guerra contra os liberais en Tabeirós e Trasdeza foron protagonizadas principalmente por homes mandados por Vicente Cagide⁴ e por Antonio Fernández, alias “Farrapeira”⁵, baixo o supremo mando militar de Silva, ata que morre a mediados de 1836, e de Villanueva, despois, aínda que con certa autonomía operativa⁶. Non obstante, desde finais de 1837 - mediados de 1838, e trala morte destes compañeiros, Villanueva vese obrigado a dirixir máis directamente a guerra nesta comarca, tal e como viña facendo no Deza. En consecuencia, vaise encargar de planificar e coordinar persoalmente as accións militares, aínda que sexan, en ocasións, outros subordinados directos os encargados de executalas, e delega en xente de confianza –caso do freire José Lo-

4 Como exemplo citar a *Gaceta de Madrid* do 28 de abril de 1837: *De los partes recibidos en la capitania general desde el 8 del actual resulta [...] que el comandante del destacamento de La Estrada aprehendió a otro faccioso de la gavilla de Silva y Cagide. Este último sería fusilado o 3 de xullo de 1837.*

5 Antonio Piralá, na súa obra *Historia de la Guerra Civil y de los partidos Liberal y Carlista* di así: así es que, el 21 [de maio de 1838], mientras Guillade era atacado, un movimiento combinado entre el destacamento de Soutelo de Montes y las columnas de la línea del Miño, produjo una batida contra la gente de Antonio Fernández, alias Farrapeira, que fue alcanzada en el pueblo de Filloy [concello de Forcarei] por la tercera de cazadores de Castilla, perdiendo los carlistas siete hombres, incluso el jefe, y tres caballos.

6 Outro guerrilleiro de gran prestixio entre o seu bando que coidamos puido actuar tamén de xeito habitual na zona da Estrada foi Andrés Arias, alias Feás, fusilado o 3 de decembro de 1838. Así, por exemplo, participou no roubo e queima da casa de Dionisio Vicente, de Orazo, por formar parte dos nacionais da Estrada. A súa área de influencia foi principalmente Trasdeza, se ben nos últimos meses de vida parece ser que tiña importantes limitacións físicas que lle impedían desenvolver a súa actividade con normalidade. Tamén tiña ampla autonomía operativa e contacto directo coa Xunta Superior Gubernativa de Galicia, órgano de goberno superior carlista no país.

renzo Feijóo—, a recadación de impostos e o recrutamento de homes para incorporar á facción, sempre baixo o seu mando e dirección suprema⁷, na zona de Trasdeza e Tabeirós⁸.

Así mesmo, e para contrarrestar a forte persecución sufrida pola súa facción desde o acceso á capitanía xeral de Jerónimo Valdés, en xuño de 1838, vai tentar reorganizar o territorio baixo o seu mando co fin de evitar delacións, instigadas polos liberais, que dificultasen os seus movementos e intendencia, así como reforzar a súa rede de informantes, ameazando con fortes represalias aos que se negasen a cumprir as súas ordes. Isto demostrao unha circular incautada ao freire mencionado, que di así:

José Tomé Villanueva, teniente coronel de los reales ejércitos del Rey Nuestro Señor Don Carlos 5º (Q.D.G.), comandante encargado de la defensa en toda la línea izquierda del río Ulla y de los distritos de Ventosa, Deza, Trasdeza, Montes y Tabeirós a las parroquias, mayordomos y zeladores de Cira, San Miguel de Castro, Arnois, Loimil, Riobó, Orazo, Remesar, Agar y Oca: A falta de cumplimiento por las parroquias que ban anotadas al margen a la circular que he mandado, se pasan de celador, mayordomo y parroquia en parroquia, promulgada por la Superior Junta de Gobierno de este Reino en Galicia, ha llamado seriamente mi atención. Resuelto como estoy en instigar con pena de muerte e incendiar las casas de todos aquellos que contumaces no ovedezcan mis órdenes; usando de las facultades que me competen como comandante de distrito mando lo siguiente: Todos los perros serán encerrados desde el toque de oraciones hasta rayar el sol del día siguiente. Si al pasar cualquiera voluntario del Rey o persona empleada en su Real Servicio ahullaren o hicieren otro ruido que llame la atención, el dueño, mayordomo y celador de la aldea en que tal sucediere serán fusilados por la espalda como traidores a las disposiciones dictadas en defensa de S. M. Las parroquias anotadas al margen vajo las mismas penas

7 *Conviendo al Real Señorío del Rey Nuestro Señor Don Carlos 5º (Q.D.G.) y a su Justa Causa: autorizo a Fray José Feijóo individuo de la partida a mi mando para que pueda recoger cualesquiera cantidades de maravedies, armas, municiones, sillas, caballerías y todo pertrecho de guerra; entenderá directa o indirectamente con toda clase de personas y autoridades, aún de las establecidas para gobierno intruso, para que pueda formar alistamientos de mozos, recogerlos y hacerlos incorporar en las filas carlistas; para que pueda en su caso dar y firmar recibos de todo lo que perciva; y en fin le autorizo para todo lo que pueda interesar a la defensa de la religión y del Rey. De todo cuanto hiciere, egecutare y cobrare ha de darme estrecha cuenta; en la inteligencia que él será responsable de todos los cargos que contra él resulten por virtud de la presente comisión. Dado al Señor José Feijóo. A 19 de febrero de 1839. El comandante José Tomé Villanueva. Proceso número 602. Fondo Castroviejo Blanco-Cicerón. Archivo Histórico Universitario de Santiago (AHUS).*

8 Isto despréndese do contido dos papeis incautados ao freire no momento da súa detención, en abril de 1839. En concreto, no caso da Estrada, aparecen relacionadas diversas casas que ían proporcionar aparellos para as cabalerías da facción en Vinseiro, Guimarei, Codeseda, Santeles e Calobre. Archivo Histórico Universitario de Santiago (AHUS). Fondo Castroviejo Blanco-Cicerón. Proceso 602/1839.

correrán de unas a otras como se hace en la montaña los avisos de cualquiera movimiento que haga el enemigo. Las parroquias más inmediatas a los cantones de Fojo Corbelle y Puente Ledesma vajo las mismas penas han de tener vigilantes diarios y a cualquiera movimiento de las tropas enemigas, no sólo han de avisar a la parroquia que tengan a su frente sino que lo han de hacer a las de los dos costados, de derecha a izquierda, Segundo este mismo orden todas las demás para que en muy poco tiempo sean savidoras todas las parroquias y cualquiera voluntario o voluntarios que puedan hallarse dentro de ellas de paso, o permanente en las mismas. Las parroquias de Agar, Orazo y Loimil inclusa la de Cira, además de los avisos que dé en la dirección que se hallan, lo han de hacer precisamente a la de Dornelas y Cerbaña para que esta puedan transmitir las en las restantes de Trasdeza. Prohivo vajo la misma pena de muerte a que ningún no sea osado andar de noche por caminos reales, transversales ni ningún otro, a no ser que una muy grave necesidad le obliguen a ello. El que fuere hallado media hora después de haver anochecido, será pasado por las armas, previos los ausilios espirituales. También se prohíbe a todo pobre a pedir limosnas fuera de su parroquia. Igualmente prohíbe el que nadie sea osado a dar parte al enemigo, bien pasen de día, bien de noche, en pocos o muchos los voluntarios carlistas: tengan entendido los pueblos, mayordomos, celadores, eclesiásticos y cualquiera otra clase de personas, que la más pequeña falta en el cumplimiento de éste y demás artículos no descansará un momento hasta haver conseguido fusilar a los verdaderos delincuentes.

El presente mandato militar correrá de mayordomo en mayordomo, quienes en Junta Secreta lo harán entender a los vecinos de sus respectivas parroquias, anotando con su firma cada mayordomo el día en que lo reciva y despache; de forma que el mayordomo de Oca, que es el último, lo ha de pasar a mi poder; cuya omisión en cualquiera cosa que notare, aplicaré con el mayor rigor y conforme he practicado en otros pueblos la pena de muerte, incendiando además la casa o casas de los delincuentes.

Dado a 19 de febrero de 1839. El comandante carlista. José Tomé Villanueva.

Este documento ten o valor de poñer de relevo as preocupacións e dificultades da facción para operar na zona mais tamén os plans e obxectivos deseñados para fortalecer a súa presenza. Vemos como as parroquias ás que vai dirixida a circular de Villanueva son as comprendidas na zona máis oriental do concello, lindando con Trasdeza⁹. Isto non é casualidade. Dunha análise dos procesos xudiciais militares conservados pódese deducir que a zona máis activa e con máis apoios ao cabecilla faccioso viñeron desa área. Os motivos disto quizais habería que buscalos en dous factores: por unha banda a proximidade con Trasdeza e Deza, centro de operacións da guerri-

9 Entre os papeis incautados hai outra circular de similar contido dirixido ás parroquias de Pazos, Abades, Manduas, Chapa, Rellas, Escuadro, Xestoso, Moalde, Cervaña, Lamela, Piñeiro e Dornelas, no actual concello de Silleda.

lla, o que facilitaba as comunicacións con esta e o seu control; por outra banda, a abundancia de zonas montesías que lle proporcionaban acubillo, principalmente o monte de San Sebastián, nas faldas do cal se di nun oficio dirixido ao comandante xeral de Santiago polo xuíz de Tabeirós Mariano Feijóo que os facciosos tiñan “muchas guaridas”¹⁰.

Isto non quere dicir, nin moito menos, que as accións dos carlistas se circunscribisen a ese territorio. Deste xeito, temos constatada a presenza de Villanueva en sitios tan afastados do seu centro principal de operacións como Cuntis¹¹ así como noutras zonas das provincias de Lugo e A Coruña nas que facía ocasionalmente incursións para apoiar accións militares do seu bando. Do mesmo xeito, outros cabecillas facciosos con mando noutros puntos tamén penetraron en Tabeirós en apoio da causa. Tal é o caso de Souto de Remesar, Ramos, etc...

Para ilustrar as principais facetas da acción armada promovida por Villanueva en Tabeirós imos poñer algúns exemplos, todos eles do ano 1839. Ademais da rede de captación de recursos económicos¹², a guerrilla tiña unha importante base de informantes, estendida en moitas parroquias, e que tiña como principal misión informar aos facciosos dos movementos do exército liberal, co fin de poder agocharse a tempo, proporcionar datos sobre homes e recursos que podían ser detraídos para uso lexitimista e servir de contraespionaxe dos informantes liberais, sinalando os veciños que pasaban información ao inimigo, co obxecto de castigalos por traizón á causa.

10 Arquivo Histórico Universitario de Santiago (AHUS). Fondo Castroviejo Blanco-Cicerón. Proceso 628/1839: “Sumario criminal contra José y Ignacio Caeiro, hijo y padre, vecinos de San Salvador de Escuadro y San Miguel de Arca, ayuntamiento de Chapa y Cereijo, acusados de haber andado con los faciosos y de espías, hallándose al primero en un erbal cerca de su casa entre unas peñas con unas bandas de una capa de terciopelo, dos carabinas deterioradas y cerca de un molino y batán una silla arruinada y una capa de medio uso al amanecer del 6 de abril del corriente año”.

11 Varela Castro, Pedro. La Estrada. p. 26: *El 11 de mayo del propio año de 1839, se trató de la incursión del cabecilla Villanueva el día 4 anterior por los Baños de Cuntis y otros puntos, y también de que los facciosos a sus órdenes mataran en el monte de Penarada al padre de Gregorio Soto de Ouzande. También se consignó en acta que el comandante del Fuerte de Fojo, habiendo divisado una partida de facciosos en el monte de San Sebastián, salió persiguiéndola hasta Dornelas, en donde la batió, causándole muchas bajas.* Esta testemuña vén confirmar o dito anteriormente sobre a importancia do monte de San Sebastián e a estreita relación das parroquias lindeiras de Trasdeza e Tabeirós no conflito.

12 López Fernández, X.R. Os apoios de Villanueva. *Faro de Vigo* Ed. Deza (31-V-2015).



Vista das terras do concello de A Estrada desde o alto de Xindiriz. Desde este punto controlaban os facciosos os movementos do inimigo liberal.

Dous destes informantes ao servizo dos lexitimistas foron Ignacio e José Caeiro¹³, pai e fillo, naturais de Arca, relacionados co tamén faccioso Juan Caeiro, fillo e irmán dos anteriores, morto polas tropas liberais. Reproducimos a continuación o parte da súa detención:

En la Estrada, partido judicial de Tabeirós, a doce días del mes de abril, año de mil ochocientos treinta y nueve: ante el señor juez de primera instancia compareció don Manuel Dopazo, capitán de la compañía de granaderos nacionales del primer batallón de Taveirós del que tomó y recibió juramento que prestó conforme a su clase y vajo él declara que con motivo de andar patrullando por el partido en persecución de malechores y con objeto de guardar y hacer se guarde la tranquilidad pública tubo avisos fidedignos y seguros de que en el lugar de Férboda y otro contiguo a él, perteneciente a la parroquia de San Salvador de Escuadro, avía sugetos sospechosos, y entre ellos los heran José Caieiro y su padre y siempre que tomase prontas medidas y acelerase su marcha sin duda alguna lograría la captura alomenos de estos dos al instante se puso en camino la noche del cinco amaneciendo al seis de este mes con diez y nueve nacionales que tenía a su mando, y dirigido a aquel punto pudo conseguir el arresto del José Caieiro, y su referido padre, después de haverles rodeado su casa y preguntándole al José quién hera le respondió que no hera de casa y sí un cantero que allí estaba trabajando y aviendo procedido acto continuo al fondeo de su casa pudo allar en ella y entre la paja que tenía en la cama de la cocina, un lienzo con pesos fuertes y con los que la muger del repetido Caieiro se intentaba fugar, y aviéndola deteni-

13 Archivo Histórico Universitario de Santiago (AHUS). Fondo Castroviejo Blanco-Cicerón. Proceso 628/1839

do y cojido aquel dinero encerrado en el mismo pañal le preguntó cuanto dinero tenía allí y le respondió heran trescientos veinte reales que le avían prestado para comprar una baca, los que reconocidos por el declarante en presencia de los ya citados nacionales resultaron de contados trescientos y ochenta reales sin que en su dicha casa hubiese allado otra cosa alguna, y como el esponente se allaba informado de que no sólo el dicho Cayeiro salía a la facción sino que su padre andaba espindo u obserbando los óvices que aquella podía tener trató de detenerlos un poco en su casa por los nacionales que mandaba un rato preguntándole en este interbalo que hera de su hermano Juan, que tantos destragos y desacatos ha echo y causado en Taveirós¹⁴ como así mismo del dinero y armas que aquel tenía en su casa, a que contestó que hera cierto algún dinero ha tenido del espresado su hermano pero con motibo de ser perseguido por las tropas de Ysabel Segunda lo havía llevado él y su muger y cuñada del espresado José Cayeiro, que también avía pasado algún tiempo en su compañía. Acto continuo mandó el espresado declarante a los nacionales rejistrasen todas las cercanías de aquella casa, pudieron allar debajo a unas peñas sitas en un erbal contiguo a la casa del Caieiro dos carabinas deterioradas, una de pistón y la otra de chispa con las que estaban las bandas de terciopelo de una capa; y aviendo pasado al dicho lugar de Férboda los vecinos de éste le presentaron una silla enteramente arruinada de la que sólo recogió los estribos y al mismo tiempo una capa de mar de mediano uso que tenfan guardada en un molino, de cuias alajas tenía noticia que allí las dejaran los faciosos las que con los dos reos trajo a la disposición del primer comandante del espresado batallón de Taveirós.

Segundo se determinou nas declaracións contidas no proceso, José Caeiro “durante la vida de su hermano Juan por el día espiaava la parroquia de Arca y de noche acompañava a su hermano en sus expediciones”, ao igual que o seu pai Ignacio, quen se limitaba, por razón de idade, a pasar información aos facciosos. Por este motivo foron condenados a oito e catros anos de presidio, respectivamente. Outro exemplo de intento de manter unha extensa rede de informantes na zona aparece recollido no proceso seguido contra Ventura Requeijo, pedáneo de San Martín de Dornelas, en Silleda¹⁵. Neste proceso vemos os intentos de Villanueva por consolidar un sistema de vixiantes e espías en todas as parroquias de Tabeirós, similar ao do bando liberal, imponendo fortes castigos a quen se negase a par-

14 Entre outras moitas, participou na queima da casa de Dionisio Vicente, veciño de Orazo, por ser nacional e colaborador dos liberais e tamén roubou e maltratou na súa casa a Benito Rodríguez, veciño de Arca.

15 Archivo Histórico Universitario de Santiago (AHUS). Fondo Castroviejo Blanco-Cicerón. Proceso 1839-456: Expediente que se forma contra Bentura Requeijo, mayordomo pedáneo de la parroquia de San Martín de Dornelas y más que resultan cómplices. Este proceso complementa a información dada no proceso instruído contra o freire José Lorenzo Feijóo vista anteriormente.

icipar nel. Reproducimos a continuación as declaracións do citado Ventura Requeijo e de Francisco Telmo, pedáneo de Loimil, por ser ilustrativas dos intentos duns e doutros por controlar os movementos do adversario. Ventura Requeijo, arrestado por levar comunicación cos facciosos declara:

Preguntado qué día ha sido arrestado, quién lo arrestó y qué delitos lo motibaron dijo que a su parecer fue arrestado el día veinte y seis de julio de este año por una partida de tropa de la reyna en su mismo pueblo a las diez de aquel día y a sido conducido al destacamento de Corbelle, destinándolo preso en aquel fuerte y de allí ha sido trasladado al fuerte de Santa Clara donde se halla en la actualidad, y a su parecer fue preso por lo que el día diez y siete del espresado mes de julio, y en sábado de semana, tenía dado la orden el alcalde constitucional de Silleda para que los mayordomos de cada pueblo concurriesen a dar noticias de las nobedades que acaeciesen de los rebeldes y recibir algunas que al alcalde le benían de la capital de Pontevedra, dándole al mismo tiempo los boletines para la lectura en su pueblo y el que declara al regreso de venir para su casa en la carretera que ba a Orense inmediato a la parroquia donde es el declarante se le presentaron tres hombres armados y montados con cachuchas encarnadas, chaquetas, uno de piel de cordero y los otros dos de paño que a su parecer eran facciosos y uno de ellos le dio el alto y le preguntó a dónde hiba y quién hera, y dónde hera vecino y sin conocer a ninguno de ellos les contestó hera el mayordomo del pueblo de San Martín de Dornelas y al contestarles sacaron del bolsillo un oficio cerrado de bastante bulto, y le dijeron que bajo pena de la vida lo condujese y entregase al mayordomo de la parroquia de Santa María de Loymil llamado Francisco Telmo, del lugar das Carballas, de la misma parroquia, y resistiéndose a no llebarlo por conocer de que heran facciosos el uno de ellos lo apaleó por la resistencia que hacía, y habiendo amenazado de nuevo en sacarle la vida y quemarle su casa si no conducía el oficio y no guardaba sigilo o daba parte a las tropas de nuestra reyna y que se les debolbiese de la entrega el recibo que ya bendrían a buscarlo a su casa, que dicho oficio había de ir conducido de mayordomo a mayordomo de los pueblos hasta andarlos todos los de que se compone el ayuntamiento de Taboada a cuio mayordomo que lleba citado le hizo la entrega en el mismo día y a presencia de la familia de su casa y otros vecinos de el que no conoció y sin exigirle recibo se bolbió a su casa. Preguntado si sabe que el mayordomo a quien entregó el oficio llebaba relación con los facciosos y que observó a entregarle dicho oficio dijo que nada sabe de la pregunta que se la hace, sólo que observó al entregarle el oficio que lleba dicho que el enunciado mayordomo lo leyó por lo que le dijo al otro día o días un hermano del indicado mayordomo que tiene soltero que el oficio que había conducido el que declara lo había remitido su hermano al mayordomo de San Pedro de Orazo sin que tenga más que decir en esta pregunta.

Francisco Telmo declara o seguinte:

al otro día se acordó de leer el oficio aún cuando no lo ha comprendido bien por saber leher mui mal, sin embargo de que comprendió en él uno de los abisos

decía que los mayordomos pusiesen paisanos del pueblo en los altos y de día de bijilantes y éstos que diesen parte de los mobimientos de las tropas de la reina por donde transitaban, dormían o pernoutaban, que estos partes les habían de ser comunicados todos los días y oras a donde se hallasen la facción carlista y que si llegaban a saber la persona o personas que diesen parte donde se hallaba la facción a las tropas de la reina ponían pena de la vida y que habían de pagar los pueblos de multa la cantidad de doce mil reales yguual cantidad los mayordomos y zeladores con pena de la vida a los cuatro vecinos de más caudal de la parroquia y penetrado de lo que en la circular espresaba y firmada de un cabe-cilla de ellos llamado José Villanueva, el mismo día veinte y siete al anochecer sin decir nada a persona ninguna ni a sus becinos que tal oficio recibiera pasó a la parroquia y pueblo de Orazo a estar con el mayordomo de ella llamado Pedro Gómez, y le dijo que el mayordomo de San Martín de Dornelas la mañana del día veinte y seis del mismo mes le había entregado aquel oficio y que habiéndolo lehdío y conociendo en él que no podía ni debía dársele el jiro que en la circular se expresaba le amonestó al dicho Pedro Gómez lo acompañase y fuese en su compañía reserbadamente a entregar aquella circular al señor comandante que se hallaba en el Fojo mandando la fuerza de nuestra reyna soberana y dicho mayordomo de Orazo le contestó estaba pronto a acompañarlo y como hiba a ser noche tal bez en el biaje que tenían que hacer tendrían tropiezo con los facciosos y que los matarían y que lo dejase para la mañana del día siguiente que hera el día veinte y ocho.

O recurso á violencia, a represalia e o escarmento foi constante tamén na facción para conseguir os seus obxectivos. Sendo moitos os exemplos que se poderían poñer, eliximos dous por ser moi ilustrativos dos excesos cometidos polo bando carlista na contenda na súa obsesión por manterse ben informados e evitar as delacións ao inimigo. No primeiro caso, os facciosos mataron o día 10 de outubro de 1839 a un tal Juan Pérez¹⁶, nun sitio denominado As Baiucas, no lugar de A Portela da parroquia de Codeseda, concello de A Estrada. Este home, veciño do lugar de Vixide, na parroquia de Cusanca, O Irixo, dirixíase á feira de San Martiño comprar unha mula e un caba-lo cando tivo a desgraza de cruzarse coa partida de Villanueva.

Segundo a declaración do celador de Vilaboa e Portela, Esteban de Arca, os feitos sucederon así:

16 Archivo Histórico Universitario de Santiago (AHUS). Fondo Castroviejo Blanco-Cicerón. Proceso 1839/551: *Dos sumarios formados por el comandante del Fojo de Corbelle en averiguación del apeleamiento hecho por los facciosos en el lugar de Baiucas de la Portela, parroquia de Codeseda, ayuntamiento del Cereijo, a un paisano que resultó muerto, siendo un tal Juan Pérez, del lugar de Vergín, parroquia de San Cosme de Cusanca, ayuntamiento de Irijo, partido de Carballiño.*



Lugar de A Portela, na parroquia de Codeseda, no que atopou a morte, a mans dos homes de Villanueva, o veciño do Irixo Juan Pérez.

el día 10 del corriente se halló en el lugar de la Portela a cosa de las diez de la mañana y a su llegada al mismo halló una porción de hombres de a caballo y armados que según después oyó eran como unos veinte y cinco, los cuales tenían detenida a toda la gente que pasaba para la feria que en la misma hora se celebraba en la parroquia de Codeseda y tan luego como vieron al oponente le preguntaron quién era, lo arrestaron y tuvieron preso y en seguida ha visto coger a un hombre de los que allí se hallaba y mandándolo poner de rodillas le dieron de palos hasta que lo dejaron por muerto, marchándose en seguida y llevando preso consigo al que declara hasta la altura de la cuesta que hay al ir para Montes, donde le soltaron previniéndole el que hacía de comandante que si daba parte lo habían de matar.

Preguntado si sabe o tiene noticia quién eran los que apalearon a dicho paisano, quién los mandaba y si pertenecían a la facción dijo que el sólo oyó de voz pública que eran facciosos y que quien los mandaba era el cabecilla Villanueva.

A causa da súa brutal morte foi tan absurda e pouco xustificable como que os facciosos confundiron un ademán do falecido cun intento de avisar da súa presenza aos militares liberais, acción que era castigada coa pena de morte sen máis contemplacións:

al hombre que apalearon los facciosos lo habían hecho porque se les figuró que hiciera señal a otros que le acompañaron, digo no se les figuró sino que real y verdaderamente hizo una señal con la mano sin saber con qué objeto, y sólo se persuade el declarante sería para que huyesen los que le acompañaban y librarse



Lugar de Castrovite, na parroquia de Orazo, onde asasinaron os facciosos ao veciño Pedro Calvo.

de este modo de su infernal venganza creyendo los rebeldes que también observaron dicho ademán sería para avisar al destacamento de Sotelo de Montes a lo que atribuye el declarante su muerte.

Outro exemplo de represión salvaxe témola na morte de Pedro Calvo, veciño de Orazo¹⁷, quen foi asasinado en substitución de Julio Remesar, celador do lugar de Castrovite, por non atopalo na súa casa e ao que buscaban por delatalos aos liberais. Deste xeito tan cruel, fusilando un inocente, os facciosos conseguían igualmente o seu obxectivo que non era outro que atemorizar e amedrentar a calquera que se atrevese a denuncia-los xa que “con dichos criminales atentados han causado un terror en todo el vecindario”.

Reproducimos a continuación a declaración do celador:

En el partido judicial de Tabeirós a veinte y nueve días del mes de agosto, año de mil ochocientos treinta y nueve. El señor juez de Primera Instancia teniendo ante sí a Julio Remesar, vecino de la parroquia de San Pedro de Orazo y celador del lugar de Castrovite del que se exigió juramento que prestó conforme a derecho de que yo, escribano, doy fe y el examinado declara que en la tarde del día diez y ocho del corriente llegaron a su lugar unos cuatro facciosos a caballo preguntando por el celador (que lo es el deponente) sin duda con ánimo de sa-

17 Arquivo Histórico Universitario de Santiago (AHUS). Fondo Castroviejo Blanco-Cicerón. Proceso 1839/561.

carle la vida, por los partes que tiene dados, mas tan pronto como ha visto a uno de ellos se fugó por unas heredades que se hallan pobladas de maíz y resentidos y burlados de que no pudieron cogerle se vengaron en quemarle la meda del centeno que tenía en el aira de su casa, maltratar a su anciana madre y matar de un tiro que dispararon a Pedro Calvo, su vecino. Esto todo lo ejecutaron en un momento y como quien va de paso caminando en segunda sin que pueda dar razón hacia qué punto se dirigieron porque con motivo de ocultarse no ha visto sino a uno, como deja dicho, y lo más referido lo ha visto a su regreso a casa y oyó disparar el tiro.

Por outra banda, ademais dos actos de represión e escarmento, os carlistas tamén buscaban incorporar homes á súa causa, como xa vimos. En moitos casos, estas incorporacións eran voluntarias mais noutras as chamadas a filas eran eran forzosas. No mesmo proceso anterior, temos unha testemuña que nos relata a maneira en que os mozos eran constringidos para coller as armas defensoras do lexitimismo, aínda que neste caso parece que non elixiron o suxeito máis axeitado. O interrogatorio a Juan González di así:

En el fuerte del Fojo, a los mismos veinte y cuatro días del mes de agosto, año de mil ochocientos treinta y nueve, el señor juez fiscal que conoce en este expediente teniendo ante sí y del presente escribano al que dijo llamarse Juan González le tomó y recibió juramento que lo hizo según derecho bajo el cual prometió decir verdad en lo que sepa y le sea interrogado. Preguntado su nombre, oficio y vecindad dijo llamarse como queda dicho, de oficio labrador y vecino de la parroquia de San Cristóbal de Remesar. Preguntado si en el día diez y ocho ha sido preso por alguna gavilla de facciosos, en ese caso diga en qué punto y cuántos eran dijo que en el día que se le señala ha sido preso por tres facciosos a las inmediaciones de la capilla del lugar de Castrovite.[...] Preguntado por dónde se han dirigido con el lugar que lo han preso y a qué punto lo han llevado, qué le dijeron durante su permanencia con ellos dijo que luego que lo han cogido se han dirigido al Puente Cira, donde le anocheció y aún cuando han ido por unos montes ignora el deponente cuales eran, no sólo por la oscuridad de la noche sino por ser dichos cuales nunca anduviera (sic), que a él no le han dicho más que anduviese con ellos, que iba a servir al rey, y manifestándole el declarante era enfermo y viendo ellos no le seguía el paso de sus caballos lo dejaron quedar en un monte y viéndose sólo el deponente emprendió su marcha aunque sin haber camino alguno hasta que al querer amanecer se halló junto a la capilla de Abades, desde cuyo punto siguió hasta la casa de su padre por no serle ya desconocido el camino [...] Preguntado si durante la permanencia con los expresados facciosos le oyó alguna conversación o la dirección que decían llevaban dijo que la única conversación que le oyó y tuvieron con él era de que le habían de hacer buen trato y lo mantendrían bien en cuanto anduviese con ellos sin que el deponente pueda decir más de lo

que hablaban por ser faltoso de oído y no comprenderlos, ignorando al mismo tiempo al punto donde podrían dirigirse.

Este testemuño, similar a outros que coñecemos, permítenos tamén reafirmarnos en varias conclusións expostas anteriormente: en primeiro lugar, vemos a importancia das zonas lindeiras de Tabeirós e Trasdeza nas operacións militares facciosas; en segundo lugar, debido ao feito de que o mozo capturado fose conducido ao interior da comarca dezá, constatamos como o centro de operacións da guerrilla de Villanueva estaba situado na zona montesía que discorre entre os concellos de Agolada, Silleda, Vila de Cruces e Lalín, lugar ao que seguramente o conducían para recibir as pertinentes ordes e formalizar o seu ingreso na facción carlista. Mais todos os intentos de Villanueva por perpetuar a acción armada foron enteiramente infrutuosos e desde outubro de 1839 a presión do exército liberal sobre a súa facción obrigouno a repregarse nas terras bravas do interior da comarca do Deza, onde se sentía máis seguro, motivo polo que desde este momento descoñecemos que fixese ningunha outra incursión en Tabeirós. En todo caso, esta fuxida desesperada remataría o 11 febreiro de 1840, data na que foi capturado e pasado polas armas no lugar de A Goleta, concello de Lalín. E coa súa morte pódese dar practicamente por rematada a primeira guerra en Galicia xa que foi un dos últimos cabecillas que se mantiveron coas armas na man ata o final e despois del practicamente non houbo máis confrontación armada do conflito en chan galego.



Notas para o estudo das primeiras arquitecturas industriais na Estrada

Damián Porto Rico, texto e fotografías
damian.portorico@hotmail.com

Resumo. O patrimonio industrial está a acadar en Galicia a día de hoxe unha valoración tardía (xurdida en Gran Bretaña, por exemplo, na década dos sesenta do século pasado) que o fai partícipe dos campos de estudo da Arquitectura e da Historia da Arte. Tentamos achegarnos nas seguintes liñas á situación de presente e futuro -incerto- destes bens no concello da Estrada, nuns tempos nos que a industria se está a converter en cultura e a cultura e o ocio, en industria.

Abstract. Nowadays, industrial heritage in Galicia is becoming a late valuation (arisen in Britain, for example, in the sixties of the last century) which contributes to the study fields of architecture and art history. In the following lines, we try to get close to the current situation and 'uncertain' future of these goods in A Estrada city council, at a time in which industry is becoming culture and culture and leisure are becoming industry.

Non se pode establecer a relación dun pasado remoto co actual sen buscar de modo infantil no pasado toda explicación do presente ou no estado de cousas presente a explicación total do pasado.

XULIO CARO BAROJA

Non somos conscientes da complexidade conceptual ante a que nos atopamos á hora de definir un binomio de palabras tan aparentemente sinxelo como “arquitectura industrial” até que afrontamos esa tarefa, pois a súa diversidade sectorial e clasificación non resultan doadas: no ano 2011 o Plan Nacional de Patrimonio Industrial aprobado polo goberno de España propuxo unha definición e unha clasificación para eses bens. Centrándonos nos de carácter inmobile, estipulábanse catro tipos: “elementos industriais” que pola desaparición do resto dos compoñentes fosen testemuño ou exemplo dalgunha actividade industrial; “conxuntos industriais” nos que se conservasen os seus compoñentes (caso dunha factoría, por exemplo); “paisaxes industriais” nos que se conservasen compoñentes esenciais dos procesos de produción; e “sistemas industriais” coma os de transporte de auga, enerxía, viaxeiros, etc.

Autores versados na materia como Cardellach¹ consideran que a arquitectura industrial é a que adoita ter unha finalidade diferente á monumental; e non sempre é así. Non sempre monumentalidade e industria son conceptos excluíntes; aínda que a arquitectura industrial debe comprender aqueles edificios de uso colectivo que poideran ser definidos como produtos específicos da denominada Era Industrial e nos que se empregasen materiais preparados -ou prefabricados- típicos da tecnoloxía dela (velaí mercados, matadoiros, galerías comerciais, vivendas de obreiros...)... acaso carece de monumentalidade a Galería Vítor Manuel de Milán? E non é ademais un exemplo sulñable para toda Europa de arquitectura industrial propiciada pola denominada revolución industrial? Ou un autor tan serodio como Boileau² non nos definiu a arquitectura como a arte de producir impresións estéticas por medio das construcións científicas máis avanzadas, sentando así o principio de que as máis inspiradas composicións arquitectónicas se resolvían cas últimas conclusións das ciencias da construción, que son así capaces de evocar sentimentos artísticos? Por conseguinte, os edificios industriais poden tamén constituir unha completa manifestación da arte e da monumentalidade, e xenerar sentimentos tan poderosos coma os que Cardellach evoca referíndose a unha grande metrópole: “Sobre o Manhattan, aquela estreita rocha que xurde da auga, a apiñada construción de New York semella unha formación xeométrica que medra tocando as nubes polas espantosas alturas dos seus Sky scrapers con ánima de metal, rodeadas de chemineas que ennegrecen o ceo e de peiraos ateigados de mercadorías. A súa rada, gardada pola “Libertade iluminando ao mundo”, de Bartholdi, e os infinitos buques que fumegantes surcan as súas rías, sobre as que se tenden as maiores catenarias do mundo, as guirnaldas de aceiro de Brooklyn e da ponte de Williamsburg, infunden como unha alucinación frenética de comercio e ciencia, plasmada en ladrillo, en ferro e lume”³.

1 Aguilar Civera, I. “Entretiens sobre arquitectura industrial. Conferencias por F. Cardellach en la Universidad de Barcelona, curso 1907-1908”. Ars Longa, Cuadernos de Arte. Universidad de Valencia. Valencia, 1993. Páxs. 21-35.

2 Boileau, L. A. *Histoire critique de l’invention en Architecture*. Vve. Ch. Dunod. París, 1886.

3 Aguilar Civera. Op. cit.

Resulta primordial centrar un pouco os significados e clarear os conceptos: se aceptásemos o que di Aguilar Civera –outro autor de obrigada referencia nesta temática– poderíamos definila como aquela arquitectura que ten unha finalidade explotativa, industrial, que é viva expresión do comercio e está fundamentada nunhas necesidades socioeconómicas determinadas pola chamada revolución industrial⁴. Deberían terse en conta as manifestacións do ciclo produtivo na súa totalidade: incluídas a distribución e o consumo dos bens industriais. Así, falaríamos dunha rama das artes que atinxiría a tódalas tipoloxías edilicias derivadas da industrialización, desde industrias extractivas ou enerxéticas até as de transportes e comunicacións e mesmo a obra pública.

A opción de considerar “arquitectura industrial” en exclusiva á marcada por algunha das definicións máis ou menos académicas que a fan derivar de conceptos vagos mesmo en canto a un consenso na súa datación (conceptos como “revolución industrial”, das que xa se produciron varias desde a que nos levou do Paleolítico ao Neolítico; “máquina”, como verba que non se refire a un dispositivo concreto...) faríanos desbotar gran parte da cultura material dalgún modo preindustrial que temos ao noso carón. Sería preciso un catálogo completo destes elementos para, posteriormente, unificar criterios tendentes á conservación, restauración, rehabilitación e preservación dos mesmos conciliados con novos usos e intereses urbanos –fuximos adrede do vocable urbanístico– e sociais.

Porque se pretendemos considerar unicamente “arquitectura industrial” en sentido estricto, por poñer un exemplo, os conxuntos de explotacións mineiras cas vivendas nas que se proporcionaba aloxamento aos traballadores, aos enxeñeiros, a representantes do poder... onde as xerarquías e oligarquías facían labores administrativas e organizativas utilizando edificios inspirados sempre en paradigmas anteriores como castelos ou residencias de principios compositivos renacentistas e barrocos que amosaban o poder da empresa ou do Estado (símbolos encadrados en frontóns, reloxos que determinaban a actividade dos que alí laboraban ou residían, cubículos ou garitas

4 Aguilar Civera, I. *Arquitectura industrial. Concepto, método y fuentes*. Diputación de Valencia. Valencia, 1998.

para vixiar aos operarios, etc.)⁵... acaso se atopan moi distantes, en termos xerais, dun mosteiro? Son ou non son ambos conceptos unidades produtivas nas que un suposto poder central figuraba como único e primeiro empresario incorporando elementos simbólicos capaces de transferir visiblemente os signos da autoridade derivada do monopolo económico? Son ou non son ambas figuras unidades de centralización de rendas, materias ou servizos (tanxibles ou intanxibles)?

Partimos ademais da base de que non queda por completo claro o momento no que xurde a “industria moderna” nin a última –ou penúltima– das denominadas “revolucións industriais”. Moito menos no noso país, que permaneceu (e aínda se mantén) lonxe das tendencias doutras zonas de Europa con maior capitalización e dinamismo: ao sector do salgado de sardiña implantado nas costas galegas por fomentadores cataláns parece que sucedeu unha disposición de Carlos III en 1774 para a creación de tres fábricas de lenzos “imitados de Westphalia” no Reino de Galicia⁶ e no Principado de Asturias que definirían a raíz da malograda industrialización galega (de aí que en Madrid aos que aquí denominábamos “lenzos do país” lles chamasen “coruñas” ou “viveros” durante moito tempo). O sistema empregado para formalizar esta produción téxtil foi o que os historiadores anglosaxóns chamaron “putting-out”, de industria doméstica rural ou traballo a domicilio: o liño⁷ era repartido en bruto para laborar con el nas casas, conseguindo así un estipendio que funcionaba a modo de complemento das actividades de agricultura de subsistencia propias da Galicia do Antigo Réxime (e que permaneceu vixente case até hoxe mesmo con outras actividades coma o traballo de madeiras e a torneiría, por exemplo, en varias parroquias da nosa contorna). De aí que os restos que poidamos atopar destes obradoiros de liño se reduzan á cultura material (ripanzos, mazas, fusos, rocas, espadelas, restrelos...); e no campo da arquitectura a pozos de asulagar ou aos batáns nos que se preparaban as telas. Aparte dos abondosos topó-

5 Selvafolta, O. “El espacio del trabajo”. En *Debats*, nº 13, setembro, 1985. Páxs. 52-53.

6 Desde 1773 intensificouse a chegada de liño de zonas do mar Báltico aos portos de Ribadeo, Carril e Vigo.

7 Sobre este tema é interesante Carmona Badía, X. *El atraso industrial. Auge y liquidación de las manufacturas textiles, 1700-1905*. Barcelona, 1990. Páxs. 103-124.

nimos do tipo Liñares, Liñeira, Liñariño... Cómpre mencionar que o cultivo e explotación desta planta viña de antigo en Galicia e xa nas ordeanzas da vila de Viveiro –redactadas en 1532– se regulaba e controlaba a almacenaxe de liño nas casas polo risco de incendios que ocasionaba. Debemos ver a expansión desta industria no XVIII non como un despegue económico ou unha especialización, senón como unha causa da insuficiencia do sistema agrario que compeliía ás familias a ocuparse de fiar e tecer mediante o concurso e subseguinte lucro de almacenistas e intermediarios.

Poucos anos despois, en 1791, o val de Sargadelos “enchéuse de edificios, barracóns e obras para presas e canais. Casas para obreiros formando rúa, un bo mesón para xentes e visitantes, establos para as bestas de transporte, carboneiras, almacéns e escritorios”.⁸ E un ano máis tarde traballábase xa nas fábricas do que sería o primeiro establecemento de España de siderurxia moderna, a decir de algúns autores. Acaso sexa este intento de Antón Raimundo Ibáñez, marqués de Sargadelos, o punto de inflexión en Galicia. Non é superfluo suliñar aquí o extracto dunha representación deste home ilustrado –e tildado tamén de afrancesado– redactada en 1788 e conservada no arquivo municipal de Ribadeo:

O señorío representa unha reminiscencia dos escuros tempos góticos que xa non cabe entre as luces do noso século e se subsiste como unha reliquia que algún día próximo desaparecerá, non debe ser para crear estorbos á felicidade dos pobos.

Estaba claro que os estamentos privilexiados do Antigo Réxime se opoñían a calquera actividade non tradicional que poidera tras-tocar as súa prerrogativas, ingresos e modo de vida. Mais chegara o tempo no que

desapareceron as constituicións e limitacións medievais que pesaban sobre a industria, e os estadistas marabilláronse do grandioso fenómeno que non podían comprender nin seguir. A máquina, obediente, servía á vontade do home. Mais como a maquinaria diminuíu o potencial humano, o capital triunfou sobre o traballo e creou unha nova forma de escravitude.⁹

8 Casariego, J. E. *El Marqués de Sargadelos o los comienzos del industrialismo capitalista en España*. Gráficas Suma, Oviedo, 1950.

9 Harkort, F. *Bemerkungen über die Hindernisse der Civilisation und Emancipation der unteren Klassen*, 1844. Citado por E. J. Hobsbawm en *Industria e imperio*. Ed. Ariel. Barcelona, 1988.

Comenzaba o tempo da adoración no altar do deus Mercado que agora padecemos en detrimento de tódalas outras divinidades do Panteón.

Desde 1804 Ibáñez fabricou louza tomando como modelo as empresas de Bristol, nunha aventura desafortunada para el polos danos causados á riqueza madeireira da zona e aos veciños: porque se hai unha máxima neste das industrias, non cabe dúbida de que é a de que a ubicación dunha delas calquera responde ás posibilidades lucrativas que o medio ofrece ao promotor ou empresario, de forma que sempre se produce unha alteración negativa do medio ambiente ou un intercambio non recíproco, polo cal a natureza resulta perdedora en maior ou menor proporción: é obvio que a inxerencia, por exemplo, dun complexo de muíños de auga nun río produce desequilibrios nel; e tamén é evidente que son menores e máis doados de reparar, superar ou asumir que os que xeneraría unha central eléctrica ou os que supoñen os verquidos da industria agrícola por lixiviación do solo... e moito máis estéticos para os gustos de case calquera primate europeo, que os sente mesmo como símbolos propios e parte do seu acervo histórico e cultural (o que podería constituir un mecanismo de supervivencia da especie aínda por estudar en toda a súa complexidade).

Ben fose polas limitacións nas transformacións agrarias da paisaxe galega, polo localizado dos procesos industriais, pola carencia dunhas metrópoles que exercesen o pulo debido ou dunha burguesía acorde co momento, por unha monarquía con suxeitos da catadura de Fernando VII, pola emancipación das colonias... a Historia da industria en Galicia é unha historia de trens que pasaron sen parar, de oportunidades perdidas: os lenzos, os coiros, o papel, as ferreirías, a louza, as conserveiras, a madeira... foron incapaces de transformase en motor de arrastre para o conxunto da economía galega.

Mais voltando ao tema central, ímonos quedar con Casanelles¹⁰, quen considera patrimonio industrial non unicamente os lugares produtivos –sexan muíños, fábricas ou obradoiros diversos– senón as construcións con eles relacionados, os servizos (entendidos como

10 Casanelles, E. "Nuevo concepto de Patrimonio Industrial, evolución de su valoración, significado y rentabilidad en el contexto internacional", número monográfico "El Plan de Patrimonio Industrial, Bienes culturales". En *Revista del Instituto del Patrimonio Histórico Español*, nº 7, 2007, páx. 64.

lugares nos que se xenera, transmite e emprega enerxía, se conduce ou depura auga, etc.), as comunicacións... e mesmo os espazos sociais nos que se desenvolven actividades relacionadas con cultos relixiosos, educación, etc.

Así, debemos partir dos esbozos da primeira arquitectura preindustrial, xurdidos do anonimato dos canteiros da zona denominada desde antigo Tabeirós-Terra de Montes. Unha “arquitectura sen arquitectos” de xenios nativos e arquitectos anónimos (que diría Moholy Nagy¹¹), transmitida de persoa a persoa, de xeneración en xeneración, funcional e moi vencellada ao territorio no que se consiguen os materiais e co que se chega a unha conxunción estética raiana nos lindeiros da sostibilidade. Veláí outra industria en vías de extinción: a da canteiría, que aínda conserva vestixios de actividade extractiva de pedras nos montes da zona de Barcala, por exemplo.

Nun sentido integrador, o levantamento de edificios e infraestruturas é unha industria mediante a que a sociedade materializa, transmite e transforma a súa cultura, que se observa así en determinadas ramas da arte da construción. Polo tanto, a arquitectura é un proceso, unha disciplina –se queremos– da espacialidade humana, un produto cultural e social: deste modo, cando aos empresarios ou patronos lles pareceu que a mellora das condicións de vida dos obreiros ou asalariados era a solución para fuxir dunha situación de conflictividade, o factor estético asumiu un valor comercial aplicable aos espazos de traballo, ás vivendas, aos lugares de lecer... e foi cando xurdiron formas netamente industriais recoñecibles por todos: fábricas de plantas rectangulares longas e estreitas, ben iluminadas e desenvolvidas en altura (igual que as chemineas, para alonxar os fumes das vivendas e pisos) e que aínda hoxe ofrecen a flexibilidade funcional necesaria para readaptalas a outras actividades.

Unha vila de auga e madeira

Obviamente na nosa vila non imos encontrar exemplos notorios de arquitectura industrial suntuosa como acontece en cidades como Vigo ou A Coruña a partir de finais do século XIX, en certa forma

11 Moholy-Nagy, S. *Native Genius in Anonymous Architecture in North America*. Horizon Books, New York, 1957.



Panorâmica da maquinaria da central eléctrica de Camilo Pardo en Aguións.

inspirados polas obras de carácter administrativo, lúdico e industrial das capitais europeas do momento (o teatro García Barbón da cidade olívica, o edificio do Banco Pastor na herculina...). Carecemos de arsenais militares como Ferrol (que conta cun de gran magnificencia desde 1750), de grandes industrias pesqueiras, salazóns, mineiría, “Reais Fábricas” como as de Sargadelos... aínda que debemos ter en conta que a pobreza dos galegos en xeral foi –e segue a ser– un factor importante nas dificultades económicas para o desenvolvemento do capitalismo na nosa terra, xa que fixa límites á expansión do mercado interior. Mais temos a obriga de conservar os nosos testemuños históricos por modestos que parezan; e non nos falta patrimonio industrial do que nos gabar polos seus valores arquitectónicos, históricos, artísticos e polas súas singularidades:

No caso da Estrada toda a industria e a protoindustria semellan orbitar arredor da auga e da madeira, que a modo de eixos vertebradores forneceron de enerxía –a priori inesgotable– e de materia prima –abondosa e de calidade– a canto se elaborou nesta zona desde o Medievo até case os nosos días, nos que asistimos ao solpor dunha industria do moble que non soubo –ou non quixo– adaptarse ao moderno “universo ikea”.

No concello contamos co maior número de muíños de auga do mundo por unidade de superficie, aos que se suman restos de batáns, ruínas de papeleiras (nas parroquias de Loimil, Riobó e posiblemente tamén en Rubín), aserradoiros, ferrerías (en Barcala), obradoiros de torneiros, centrais eléctricas que propiciaron a industrialización moderna (no Liñares ao seu paso por Aguións pódense visitar os restos da central fundada por Camilo Pardo en Pina, na que se manteñen os motores de orixe alemá de comezos do século XX), telleiras (na Somoza e Santeles, por exemplo), a denominada con certo desprezo “industria do garabullo” (nas ribeiras do Ulla da freguesía de Berres, lindante cas terras de Compostela e equidistante das poboacións costeiras ás que abastecía por igual duns bens de uso e consumo diario)... Todas foron xérmolo das máis recentes fábricas de carrocerías (como a desaparecida IGROVI), textís (confecións Blanco) e moblerías (velaí apelidos como Garrido, Puga, Valcárcel, Pose, Campuzano...) que parecen demostrar a paradoxa de carácter mar-



Restos de muíño mular romano en Ancorados.

xista-hegeliano de que a auga –como forma de enerxía– e a madeira –como material básico– levaron implícita a propia decadencia das industrias que mercé a elas se orixinaron no noso “hinterlad”.

A industria da conversión de grans en fariña foi a primeira das que podemos botar man que merecese tal nome; acompañou ao home no seu tránsito de cazador e recolector a gandeiro e agricultor: dos muíños de man que os nosos devanceiros manexaban nos castros e no neolítico pronto se transcendeu ao muíño mular

romano (consérvase un exemplo marabillosamente ignorado en Ancorados) e, posteriormente, xeneráronse auténticos conxuntos etnográficos aos que se lles debe un mínimo de criterio: os chamados muíños de Xenlle na Somoza, o conxunto de papeleira e muíños de Loimil, o binomio presa de rego e sucesión de muíños en Parada, os recentemente restaurados de Sabucedo, etc.

Por desgraza a arquitectura industrial –e o patrimonio preindustrial agrario en xeral– atópase desprotexida e devaluada, carecendo mesmo dun sumario catálogo da súa riqueza que nos permita coñecer con cifras exactas o número, situación, estado e máis características de cada unha das súas manifestacións: no caso paradigmático dos muíños cabe citar a López Pampín, que redactou un sumario catálogo aínda por mellorar e completar, labor no que debemos darnos présa senón queremos correr o risco de perder para sempre boa parte dos muíños de río do concello, da mesma forma que perdimos os de vento.

Para maior escarnio, a “posta en valor” destes enxeños hidráulicos revélase bastante deficiente en toda Galicia: na maioría dos ca-



Complexo de papelreira e muíños en Loimil.

sos redúcese a unha restauración que leva aparellada (como último fin e no mellor dos casos) a xestión ou visita do exterior dos mesmos por algunha oficiña de turismo local (eventual) con moi escasa difusión ou por algunha empresa afín. Resultan envexables casos coma os de certas poboacións de Andalucía¹² ou Castela que souberon explotar o seu filón de muíños de vento con accións que van desde e declaración como BICs (Bens de Interese Cultural) de moitos deles, á pormenorizada catalogación dos mesmos contemplando aspectos tipolóxicos e completada con fotografías e mesmo bibliografía, a difusión e percorrido internáutico mediante aplicacións con posicionamentos GPS e rutas con posibilidade de navegación virtual por ortofotografías con galerías de imaxes... Ferramentas que potencian o desenvolvemento das localidades nas que se encontran, promoven o emprego e axudan a fixar poboación no rural ao tempo que recuperan o patrimonio sen privalo do seu contexto histórico-territorial: na Convención do Patrimonio Mundial (A.A.VV., 2008), no seu primeiro artigo afirmase que “as paisaxes culturais representan a obra combinada da natureza e o home”. E polo artigo cadraxésimo séptimo considérase que as paisaxes culturais

“ilustran a evolución da sociedade e os asentamentos humanos no transcurso do tempo, baixo a influencia das restricións físicas e/ou as oportunidades presentadas polo seu ambiente natural das sucesivas forzas sociais, económicas e culturais, tanto internas como externas”.

De instalacións adicadas á conversión da madeira –ben sexan aserradoiros, carpinterías ou fábricas de mobles– contamos tamén con gran copia de exemplos arruinados dos que botar man, por desgraza: representación dun sector que soñou en competir cos suecos mais que nunca soubo integrar aos seus empregados como clientes potenciais (a diferenza do xigante nórdico) sen renunciar a parte dos seus beneficios.

12 Velaí, por exemplo, o “Proxecto de Investigación de Excelencia” titulado “*O patrimonio histórico molinar eólico de Andalucía*” dirixido polo catedrático Xosé Ignacio Rojas Sola no marco do 2º Plan Andaluz de Investigación, Desenvolvemento e Innovación da Xunta de Andalucía, no que se recolle un detallado inventario dos muíños de vento que aínda perviven nesa comunidade autónoma contando unicamente cun total de 89 exemplares distribuídos nun espazo tan amplo como as provincias de Almería, Huelva e Cádiz.



Ruínas da caldeira da fábrica de madeiras de Berres.



Aserradoiro abandonado nas terras de Vea.

Hai que engadir tamén (e haberá que facelo en maior medida nun futuro) explotacións da industria gandeira ou agropecuaria en xeral que non conseguirán superar –por exemplo– o “lacticidio” político que se fraguou na Unión Europea (aínda que mediando coope- radores nacionais necesarios).

Ademais, temos a dubidosa honra de contar con exemplos im- pensables noutros países de arquitectura industrial “virxe” -esto é, que nunca foi utilizada malia o elevado investimento que supuxo- e (como non) vencellada aos ríos: velaí o pomposo nome de Centro Ictiolóxico do río Ulla, que agocha unhas custosas instalacións que permanecen comidas das silveiras desde o seu remate, agardando acaso o seu posible rescate ou a súa excavación por futuros arqueó- logos do incoherente.

Integración ou aproveitamento reinterpretado?

Sempre que se actúa sobre un edificio é lexítimo ter nostalgia do pasado: do seu e do noso como pobo. Pero tamén se abre, coas re- formas e novos usos que se lle outorguen, unha xanela ao seu porvir. O saber da arquitectura consiste en avanzar, progresivamente, na consecución da síntese adecuada entre finalidade e forma. E facelo no contexto máis idóneo.

Así, aínda que xurdiron cunhas funcións e en resposta a unhas circunstancias históricas determinadas, está claro que a reciclaxe da arquitectura industrial consolídase como unha tendencia de futuro: á toma de conciencia do seu valor xunguíronse as primeiras actua- cións e intervencións para outorgarlle usos novos acordes aos tem- pos presentes. E aínda que sexan social e economicamente insosti- bles, menos o é a restauración sen outro obxecto que a conservación contemplativa.

Para levar a bo fin unha integración –ou aproveitamento reinter- pretado, se se prefire– destes edificios, adquire certa relevancia o es- tudio dos arquivos de empresa¹³ que se poidan conservar ou recuperar, e que se sumen á historia oral como fontes básicas para esta experien- cia: planos de instalacións, informes, correspondencia, expedientes

13 Gallego Domínguez, O. “Los archivos de empresa”. En *Abaco, Revista de Cultura y Cien- cias Sociales*, 2ª época, nº 1. Primavera 1992. Páxs. 29-56.

de obras, catálogos de produtos, estudos sobre xacementos, fotografías, folletos, propaganda, relatos de operarios e empregados...

O que se trata é de preservar os valores culturais destes edificios sen eliminar a memoria do que foron. Un reto de difícil solución: a compatibilidade de usos entre o edificio histórico con tódolos seus valores e unha nova utilidade. En moitos casos a rehabilitación da arquitectura industrial asúmese reducíndoa a un contenedor do que se elimina precisamente aquilo que o caracterizaba: a maquinaria, por exemplo. Porque hoxe a identidade de moitas empresas defínese por medio de actividades publicitarias a través de factores coma o seu patrimonio inmobiliario, que é a súa imaxe: prodúcese así un encontro entre o sector do patrimonio industrial ao que nos vimos referindo e un novo contexto cultural¹⁴. Mesmo poderíamos falar dunha nova industria: a industria cultural.

Ademais a arquitectura industrial convertíuse nunha das tipoloxías favoritas dos arquitectos contemporáneos pola súa amplitude, estética espacial, materiais... que os levou a seleccionar moitos edificios desta índole para adaptalos como centros culturais e artísticos aproveitando os seus volumes diáfanos, a súa luminosidade, a calidade do seu son... dando así satisfacción á crecente demanda de lugares que ocupen o tempo (cada vez máis) ocioso dos cidadáns e que colmen as promesas dos políticos e as aspiracións de “modernidade” das elites das cidades.

Entraríamos así no aspecto dos chamados “criterios de intervención”: dunha banda temos as intervencións “radicais” nas que a arquitectura actual se impón sen consideracións sobre a histórica, orixinando -con sorte- un contraste incómodo á vista polo emprego de materiais excesivamente novos ou novedosos nas súas formas, cores, texturas... ou rompendo a unidade co entorno circundante.

No outro extremo do abano figurarían intervencións moito máis discretas –e desexables– nas que prima o respecto consciente ás características do edificio restaurado, someténdose a elas para todas e cada unha das actuacións: empregando a nova arquitectura e as súas

14 Vid. Hernández Martínez, A. “La musealización de la arquitectura industrial. Algunos casos de estudio”. En AR&PA *Actas del IV Congreso Internacional “Restaurar la memoria” Arqueología, Arte y Restauración*. Valladolid, 2004. Páxs. 533-556.



Zona do obradoiro do torneiro na antiga fábrica de Garrido.



Explotación gandeira abandonada nos anos noventa.




Centro ictiológico do río Ulla.

posibilidades como recursos para potenciar os valores das construcións antigas, coexistindo con elas.

Na súa inmensa maioría estas rehabilitacións débense á denominada “iniciativa pública”: un tipo de despotismo ilustrado contemporáneo no que pagamos todos os gastos dunhas poucas vontades políticas de aproveitamento das arquitecturas industriais ou históricas para obter propaganda, réditos sociais, renovacións urbanísticas, infraestruturas culturais, revitalizacións de áreas urbanas deprimidas... ou votos (que vén ser o mesmo); e que non adoitan ir alén de actuacións nas que se contrata por poucos meses a unha mancha de operarios e despois se deixan esmorecer os resultados: está claro que unha das prioridades debería ser a xeneración de empregos que trascendesen o propio tempo de restauración da obra.

O Museo da Estrada é un exemplo malogrado de solución a unha vella arquitectura reconvertida para novos usos. Aínda que non puido chegar a definirse por completo na súa utilidade debido á indolencia dun pobo algo apático e desafecto co seu pasado; máis centrado no seu porvir incerto e ollando de esguello cara ó campo de fútbol da Baiuca para avergoñarse da torre e pazo de Guimarei: o matadoiro que, malia non ser a estación que os franceses salvaron



Panorámica da fábrica de mobles de Valcárcel, con toda a maquinaria que parece agardar un mañá.

da piqueta e reconvertiron no Museo de Orsay, é un exemplo do que puido ter sido e aínda non foi.

Mais, acaso non resultan interesantes reconversións próximas a nós como a do pobo mineiro de Fontao, en Vila de Cruces, aproveitado en parte para vivendas sociais? Ou o centro cultural de Oleiros, xurdido da antiga fábrica de cervexas de Perillo? Ou as máis alonxadas adegas e discotecas de certas localidades centroeuropeas reinstaladas en baterías militares abandonadas? Ou algunhas edificacións extremeñas adicadas á conservación de especies de aves protexidas? Hai que pensar en solucións innovadoras, temporais, iconoclastas... en rocódromos, pistas de paintball ou de skate ou espazos para a creación e a exposición artística inusuais... en novos lugares comerciais fóra do habitual... en muíños nos que se poidan preservar especies ameazadas en toda Europa, coma o morcego de ferradura pequeno... en pequenos encoros coma o de Penarada transformados para lecer das persoas e reserva biolóxica acuática... en exencións tributarias que fagan máis doado reaproveitar que construír de novo.

Loa e admiración merecen eses particulares e asociacións –noutroira ben subvencionadas– que mantiveron en pé e funcionando apenas unha mancha de muíños para demostrar que o millo transxénico tamén fai pan de broa. Pero acaso non sería viable, desexable, compatible, ecolóxico e anticrise a reconversión de parte da estrutura interna de tódolos muíños de auga dos nosos cursos fluviaes –por exemplo– en pequenas centrais eléctricas que fornecesen de corrente ás parroquias rebaixando así o seu gasto e contribuindo a mellorar as condicións da poboación rural? Claro que parece que as recentes normativas a piques de ser aprobadas polo estado español dificultan esta posibilidade na mesma medida en que protexen aos príncipes das mareas e aos reis dos aeroxeneradores.

Haberá quen discrepe alegando minucias coma o elevado custo económico de semellante actuación; non teñen máis que tirar de hemeroteca: velaí a iniciativa veciñal que nas ribeiras do río Arenteiro conseguiu facer revivir a fábrica da Lavandeira cun investimento superior ao millón e medio de euros (eso sí, ca proposta dun arquitecto de renome europeo).

Outro camiño é convertirmos no restroballo terceiromundista de Europa, admitindo, tolerando e mesmo subvencionando a empresas que trocan contaminación e inestabilidade por cartos e que non son admitidas noutros países: criando en granxas animais exóticos para abrigar cos seus pelexos aos cidadáns nórdicos que participan tamén nas sociedades xestoras que enchen os nosos montes de eucaliptos (por exemplo). Acaso o noso futuro non será tan incerto e perentorio como o das construcións que xeneran?

Ou ben pasar a ter fe sobrehumana e considerar como unha posibilidade utópica o posmoderno “crowdfunding” dos que viven nun universo irreal e salvador de ceros e uns...

Ao mellor deberíamos ter en conta o que afirmaba Eric J. Hobsbawm:

na vida humana non houbo ningún cambio tan fondo desde a invención da agricultura, a metalurxia e as cidades no Neolítico, coma o advenimento da industrialización¹⁵

e actuar, en consecuencia, ca debida coherencia.

Agradecementos

Para rematar, gostaríanos agradecer a súa colaboración para facer este artigo a dona María dos Anxos Couceiro e a don Francisco Valcárcel, custodios dun importante patrimonio material referido á industria do moble e capaz de constituirse, de seu, en museo envidiable –e aínda funcional– da nosa memoria como pobo que un tempo se adicou con éxito ao noble traballo artesanal e de calidade da madeira.

Bibliografía

- BOILEAU, L. A. *Histoire critique de l'invention en Architecture*. París. Ed. Vve. Ch. Dunod, 1886.
- CARMONA BADÍA, X. *El atraso industrial. Auge y liquidación de las manufacturas textiles, 1700-1905*. Barcelona, 1990.
- CARO BAROJA, J. *Los pueblos de España*. Colección Fundamentos 54. Madrid. Ed. Istmo, 1981.

15 Hobsbawm, Eric J. *Industria e imperio*. Ariel, Barcelona, 1988.

- CASANELLES, E. "Nuevo concepto de Patrimonio Industrial, evolución de su valoración, significado y rentabilidad en el contexto internacional", número monográfico "El Plan de Patrimonio Industrial, Bienes culturales". En *Revista del Instituto del Patrimonio Histórico Español*, nº 7, 2007.
- CASARIEGO, J. E. *El Marqués de Sargadelos o los comienzos del industrialismo capitalista en España*. Oviedo. Gráficas Suma, 1950.
- GALLEGO DOMÍNGUEZ, O. "Los archivos de empresa". En *Abaco, Revista de Cultura y Ciencias Sociales*, 2ª época, nº 1. Primavera 1992.
- GIEDION, S. *Espacio, Tiempo, Arquitectura*. Barcelona. Ed. Científico-Técnica, 1968.
- HERNÁNDEZ MARTÍNEZ, A. "La musealización de la arquitectura industrial. Algunos casos de estudio". En *AR&PA Actas del IV Congreso Internacional "Restaurar la memoria" Arqueología, Arte y Restauración*. J. Rivera (Ed.). Valladolid, 2004.
- HOBBSAWM, Eric J. *Industria e imperio*. Barcelona. Ed. Ariel, 1988.
- HUDSON, K. *Industrial Archaeology. An Introduction*. London. J. Baker, 1963.
- HUDSON, K. *World Industrial Archaeology*. Cambridge. J. Baker, 1979.
- MOHOLY-NAGY, S. *Native Genius in Anonymous Architecture in North America*. Horizon Books, New York, 1957.
- POWELL, K. *El renacimiento de la arquitectura*. Barcelona. Ed. Blume, 1999.
- SELVAFOLTA, O. "El espacio del trabajo". En *Debats*, nº 13, setembre, 1985.
- SOBRINO FAGILDE, I. *Arquitectura industrial en la provincia de Pontevedra. Vigo y zona de influencia (Eje Norte-Sur)*. Vigo, 2008.



A figura do cronista oficial. Estudo de caso: José Docampo, corresponsal honorífico de *Faro de Vigo* en A Estrada

Silvia Alende Castro
silvia.alende@gmail.com

Lorena Penas Rey
lorenapns@gmail.com

Resumo. Esta contribución analiza a figura do cronista oficial, detallando as súas particularidades e funcións. En concreto, recolle a primeira aproximación científica a José Docampo Vázquez “Casagrande”, cronista oficial en A Estrada dende 1950 ata finais do século XX. A nivel metodolóxico, esta investigación emprega dúas técnicas, a análise de contido de preto de dúascentas pezas informativas e a entrevista a persoas vinculadas a este estradense. Descríbese a traxectoria persoal e profesional do corresponsal, podendo concluir o seu compromiso co progreso do municipio, así como o interese primordial polo entorno urbano fronte ao rural nas súas pezas informativas.

Abstract. This contribution examines the figure of official chronicler, detailing its peculiarities and duties and, specifically, it includes the first scientific approach to José Docampo Vázquez ‘Casagrande’, official chronicler in A Estrada from 1950 until the end of the twentieth century. This research’s methodology uses two techniques, the content analysis of about two hundred informative pieces and the interview to people related to this figure. It describes the personal and professional experience of this correspondent and concludes his commitment to the city council progress, as well as his paramount interest in the urban environment, instead of the rural, in his informative pieces.

Introdución

José Docampo Vázquez, “Casagrande” naceu en Guimarei (A Estrada) no ano 1889. Empezou a traballar dende moi novo, primeiro de canteiro en Arca e despois na xastrería Varela. Pero foi compaxinando o seu labor cotiá cos estudos, facéndose bacharel e logo mestre, exercendo máis adiante como tal. No 1911 casou con Dolores Pego Guimarei e decidiu montar unha xastrería ó mesmo tempo que exercía o labor docente. No negocio traballaban seis ou sete persoas, que perderon o seu emprego durante a Guerra Civil, posto que a xastrería pechou para voltar a abrir as súas portas catro ou cinco anos máis tarde. Mentras, Docampo exercía como mestre nas parroquias estradenses de Lagartóns e Ouzande.



José Docampo Vázquez. Fonte, familia Docampo.

En 1914 comezou a escribir no xornal *Faro de Vigo*, no cal traballou durante máis de cincuenta anos. No ano 1933, o Centro Académico da Estrada pasou a obter a titulación completa grazas á actuación de José Docampo. Este feito, relevante para a vida do municipio, constátao un dos profesores deste centro, Antonio Fraguas nun artigo en *Faro de Vigo*:

O Centro Académico que comezou con pouca categoría foi collendo máis pulo e só lle faltaba un grado para atinguir a titulación completa. Casagrande veu a verme e contoume os medios que podía el manexar

para que elevaran a categoría do Centro como fixeran con outros. Marchou a Madrid con datos reais do alumnado. Ós poucos días, recibín un telegrama de Casagrande dicindo que estaba conseguido para A Estrada un Instituto completo, un centro dos que durante tempo pasaron a denominarse Institutos de Enseñanza Media.

No ano 1936 o instituto de A Estrada pechou as súas aulas e Docampo participou na creación do Instituto de Ensino Medio e despois do Colexio da Inmaculada, onde exerceu de profesor de Xeografía e Historia; á vez seguiu cos estudos universitarios, facendo os dous primeiros cursos de Filosofía e Letras. Tamén exerceu a política e ocupou os cargos de concelleiro e tenente de alcalde durante o mandato de Benito Vigo Munilla. Ademais, foi un dos fundadores do Recreo Cultural da Estrada, do que tamén foi presidente ao longo de moitos anos. Asemade foi cofundador da Masa Coral Estradense.

Pero o seu labor xornalístico sempre estaba presente. Por iso, dende o ano 1960 ata o ano 1964 colaborou intensamente con Radio Estrada, onde todos os días narraba un conto escrito por el mesmo e publicítaba o comercio estradense. Hoxe en día eses contos están recompilados na obra *Xente que vai e ven* (Ed. Manuel Docampo Pego, 1983). O limiar foi composto por Álvaro Cunqueiro, que comeza coa seguinte exposición:

Xosé Docampo, o autor destas historias, foi cronista oficial da súa vila da Estrada, a cuia historia pasada adicou muitas páxinas. Tamén corresponsal de prensa

durante moitos anos, foi dando novas da prosperidade da súa vila e dos seus traballos. Non hai, pode decirse, estradense máis cabal; é como unha institución na Estrada, e non se pode falar desta vila sin falar de Casagrande, como todos o coñecemos”

(Docampo, 1983)

No ano 1962, foi unha das persoas que se comprometeu na volta dos restos do poeta estradense Xosé Manuel Cabada Vázquez desde Linares (Jaén) ata Codeseda, onde recibiron sepultura en outubro do mesmo ano. Finou na Estrada no ano 1985.

Docampo ostentou o cargo de cronista oficial da vila da Estrada dende 1950. Esta figura, existente a nivel nacional, destaca polo seu profundo achegamento á cultura local dun municipio. A nivel estrutural, trátase dun posto designado pola Corporación Municipal en virtude, xeralmente, das características e perfil intelectual dos candidatos. Organicamente, as súas tarefas responden a un carácter altruista. É dicir, exercido con carácter honorífico. No panorama estatal, en certas comunidades autónomas existen actualmente entidades que agrupan a estes cronistas. É o caso da Asociación de cronistas oficiais del Regne de València (fundada en 1989), por exemplo. Figuran tamén a Asociación de Cronistas Oficiales de la Región de Murcia, a Junta de Cronista Oficiales de Canarias, a Asociación de Cronistas Oficiales Reino de Jaén, a Asociación Cordobesa de Cronistas oficiales ou a Asociación de Cronistas Oficiales de Extremadura. A Real Asociación Española de Cronistas Oficiales, pola súa banda, está conformada por profesionais de todo o país. No caso concreto galego, costan na actualidade¹ un total de seis profesionais, referentes aos municipios de Betanzos, Miño, Paderne, A Coruña, Foz e Viveiro. O labor destas persoas vai encamiñado á defensa dos valores que definen a un determinado municipio. Trátase, polo tanto, de cuestións coma as manifestacións culturais locais, as tradicións, a toponimia ou a heráldica, entre outros. Neste senso, segundo se recolle na literatura ao respecto, son persoas que promoven tamén a investigación ou asesoran nestes eidos².

Na práctica, o labor do cronista oficial pasa polo relato de todo aquilo que –en relación aos aspectos antes mencionados– ocorre no

1 Véxase http://www.cronistasoficiales.com/?page_id=520

2 Véxase http://www.cronistasoficiales.com/?page_id=520



Nomeamento de Docampo como cronista oficial.

seu municipio. Algunhas fontes³ vinculan esta ocupación cos comunicadores antigos ou os narradores orais. Plasman, polo tanto, a realidade do municipio rexistrando os feitos destacados da comunidade á que pertencen. Por esta razón, acéptase tamén entre as súas tarefas a do mantemento da idiosincrasia local.

Seguindo os procedementos propios deste cargo, Docampo foi nomeado pola Corporación o 25 de setembro de 1950, tal e como se recolle no folio 21 do Libro de Sesiones da Comisión Permanente do Concello da Estrada. Neste documento acórdase

“por unanimidad” nomear –a proposta de don Jaime Aguilar– a Docampo como Cronista Oficial. Esta distinción faise en atención ó labor realizado durante 32 anos no seu cargo de “corresponsal literario y administrativo” no “periódico decano”, é dicir, no *Faro de Vigo*. Así se dispón co encargo da defensa dos “intereses [...] de este pueblo” (Libro de Sesiones, folio 21).

Nalgúns momentos da súa traxectoria como cronista chegouse a pedir a súa destitución, tal e como recolle *Faro de Vigo* nunha *Nota de la Dirección* –no seu exemplar do 24 de xaneiro de 1962– segundo a cal en sesión plenaria se acorda someter

a consideración del Consejo [...] pedir al Ministerio de Información y Turismo la destitución de [...] José Docampo Vázquez del cargo de cronista oficial de la villa [...] y, al parecer, solicitar también de *Faro de Vigo* la baja [...] como corresponsal del citado periódico en la localidad.

A este respecto, “todos los componentes del Consejo [...] acuerdan pronunciarse de acuerdo con [...] José Docampo Vázquez en cuanto a su actuación como Cronista y como Corresponsal por ser correcta y honrada”. Do mesmo xeito, o periódico brasileiro *Prensa Hispana-*

3 Véxase <http://www.cronistamontoro.com/que-es-un-cronista/>

Brasileira inserta un artigo de *Faro de Vigo* (7 de abril de 1962) no que, baixo o título “Solidaridad con un viejo periodista”, o xornal se manifesta “admiradores del querido colega Docampo por su magnífica divulgación de los temas de interés para La Estrada” considerando “absurda la pretensión de la Corporación municipal de la Estrada de hacer callar la voz de un periodista que cumple la sagrada misión de informar”. Cabe sinalar neste senso que, segundo se explica no Arquivo Municipal da Estrada, “no consta” que a figura do cronista oficial tivese continuidade no municipio despois de José Docampo. Durante a súa dedicación a este labor, o autor opta –en reiteradas ocasións– por engadir á súa firma nas pezas informativas publicadas no xornal do que era corresponsal para a zona, *Faro de Vigo*, a mención “cronista oficial”. Este título pode apreciarse en unidades de distintas temáticas, entre elas as publicadas sobre romerías populares (27 de xullo de 1955, páxina tres), turismo (11 de xuño de 1953, páxina tres), cultura (24 de decembro de 1955, páxina nove) ou infraestructuras e progreso (29 de decembro de 1958, páxina cinco), entre outras.

Colaborador de outros xornais, entre eles os estradenses *El Estradense* e *El Emigrado* ou en *La Vanguardia* (Docampo, 2005: 15), José Docampo chegou a *Faro de Vigo* en abril de 1914 converténdose así no seu primeiro corresponsal para a zona da Estrada e non deixaría de escribir para as páxinas do xornal ata os seus 95 anos. “A escritura era algo que lle gustaba moitísimo”, apunta o seu fillo Manuel Docampo. Ao longo dos 55 anos de traxectoria profesional no decano da prensa nacional, onde se desempeñou como corresponsal ata o 1969, “escribía de todo, fundamentalmente sobre festas, ecos de sociedade e personaxes da Estrada”, confirma Manuel Docampo. Testigo da vida estradense, *Faro de Vigo* recolle sobre el o 1 de xullo de 1967 –cando a súa corresponsalía xa superaba os 50 anos– que “nuestro corresponsal en La Estrada, don José Docampo, es posiblemente hoy el más antiguo de todos cuantos Faro de Vigo tiene en la región”. Defínase ademais a este profesional como “un hombre de gran capacidad de trabajo, observador y dotado de una justa ponderación de las cosas. Y, en lo que se refiere a La Estrada, un verdadero cronista de la localidad”.

Dende a perspectiva histórica, Docampo exerceu esta tarefa na considerada etapa do xornalismo contemporáneo ou industrial, que abrangue dende o último cuarto do século XIX ata o último cuarto do século XX (Guillamet, 2003). Esta fase é a terceira aceptada para a evolución desta profesión, logo da relativa ao xornalismo antigo ou artesán (1609-1789) e o moderno ou liberal (1789-último cuarto do século XIX). Cómpre sinalar que se trata de períodos de carácter xeral, dadas as dificultades na identificación dos seus límites (Guillamet, 2003). Con todo, para esta terceira época –na que lle tocou desenvolverse a Docampo– acéptanse como trazos distintivos o predominio dos factores económicos na creación, orientación e significación dos xornais, a figura profesional do xornalista e a integración da prensa na industria dos medios de comunicación, de crecente complexidade, diversidade e envergadura (Guillamet, 2003). Ademais, este período caracterízase polo vasto proceso de expansión mundial da prensa, seguindo os patróns profesionais elaborados ao longo do período anterior polas tradicións xornalísticas de referencia; o desenvolvemento dos xéneros propios do xornalismo cinematográfico, radiofónico e televisivo; e o desenvolvemento de novas tecnoloxías. En todo caso, no período profesional de Docampo, o conglomerado mediático non atravesara aínda o proceso de modernización e industrialización posterior, cuxo inicio –vinculado ao desenvolvemento de internet– se sitúa no 1994 (Guillamet, 2003). No relativo á presenza de *Faro de Vigo* no municipio, no momento da chegada de Docampo ao xornal despachábanse “unos veinticinco o treinta exemplares” (*Faro de Vigo*, 1 de xullo de 1967, páxina 16). Mentres, no ano 1967 estas cifras mudaran e situáranse nos 230 exemplares “de venta suelta” e 300 de “suscriptores”, en palabras do propio José Docampo (*Faro de Vigo*, 1 de xullo de 1967, páxina 16).

Polo tanto, as rutinas do procedemento xornalístico de Docampo nada tiñan que ver tampouco coas de hoxe en día. Segundo o relato de primeira man do seu fillo, este corresponsal iniciaba a súa xornada laboral en torno ás 8 h. coa propia venda do xornal no comercio téxtil que rexentaba⁴. “Os exemplares chegaban de Vigo nun coche

4 *Faro de Vigo* contaba ademais con persoal ambulante para esta tarefa.

que ía cara Santiago⁵. Deixaba a prensa e, ao mesmo tempo, meu pai enviaba as notas a través del”. Estas verbas de Manuel Docampo dan conta dos pormenores do procedemento de envío de información, na actualidade facilitado polas novas tecnoloxías e de carácter automático (Canga, 2001). Mostra do proceso de produción xornalística do momento son as mencións que o propio xornal recolle sobre esta cuestión, con atribucións referentes á canle de chegada das novas. Un exemplo é a portada publicada por Faro de Vigo o 26 de xuño de 1917, na que se sinala que “desde la Estrada” e “por telégrafo” se reciben novidades relativas ás colonias escolares.

No tocante á frecuencia de publicación, se ben é certo que Faro de Vigo non incluía diariamente unidades informativas elaboradas polo estradense, Docampo “escribía case a diario” pero “a garantía de publicación estaba supeditada ao espazo dispoñible na tirada de cada xornada”, segundo confirma o sucesor deste corresponsal no municipio, Jesús Leis Camba (Entrevista publicada en *Faro de Vigo* o 30 de outubro de 2009, Especial 10º Aniversario Edición Deza/Tabeirós). Cabe sinalar que a composición manual de Gutenberg –empregada durante uns 400 anos– dou paso á mecánica, a través da linotipia, por período de outros cen (Canga, 2011). Ademais, a prensa foi nos últimos anos do pasado século un sector directamente influido pola tecnoloxía. Deste xeito, ata despois dos anos 70 non se produce a renovación dos sistemas de produción industrial nos talleres xornalísticos. Abandónase naquel momento o chumbo e ábrese a porta á fotocomposición e o offset. A comezos dos 80 comezaría a segunda fase de renovación tecnolóxica, que afectou xa aos sistemas de produción do contido mediante a implantación das denominadas redaccións electrónicas (Canga, 2001).

Ademais dos propios textos redactados por Docampo, o autor incorporaba en ocasións imaxes que ilustraban a súa información. Para iso, “contaba cun fotógrafo” e, no caso de tratarse dun suceso de profundo interese informativo, “viñan de Vigo”, confirma Manuel Docampo. O feito de ser unha persoa con amplas relacións sociais,

5 Neste reparto enviábanse tamén os exemplares distribuídos a través do servizo de Correos a todos os suscritores.



Medalla de Ouro concedida por Faro de Vigo.

apunta o seu fillo, facía que Docampo recibise a cotío avisos e información que acabarían converténdose en crónicas nas páxinas de Faro de Vigo. Unhas crónicas escritas, algunhas, “dende o propio mostrador do comercio”, sinala Manuel Docampo. Co seu labor como corresponsal, Docampo conseguía reflectir a realidade que o rodeaba, na liña do manifestado por Lorenzo Gomis –un dos principais teóricos da comunicación en España–

ao afirmar que entre os ritos da vida cotiá están o de abrir o periódico coa fin de acadar unha referencia diaria da nosa vida (1991: 189). Así, dende o propio xornal, aludíase ao seu corresponsal como “culto, [...] entusiasta y estradense apasionado de su tierra” (*Faro de Vigo*, 24 de xuño de 1954, páxina oito). O seu labor no xornal decano da prensa española valeulle a concesión “de una de las tres Medallas de Oro concedidas por *Faro de Vigo*” (*Faro de Vigo*, 24 de xaneiro de 1962) no ano 1961. Sería relevado en 1969 por Jesús Leis nun momento no que o “estaba desexando, dada a súa idade”, en palabras do seu sucesor. É precisamente con este corresponsal cando a presenza de Faro de Vigo na Estrada se elevou de “corresponsalía a delegación” ocupando un “céntrico local” na vila, tal e como confirma Leis Camba. Da etapa de José Docampo “Casagrande”, Leis Camba recorda que “poñía unha silla cos periódicos no seu comercio e un cazo a carón para que a xente depositase alí o importe”, unas verbas que dan conta da venda a xeito de “autoservicio” que naquel momento se facía do xornal. No 1999 vería a luz a primeira edición Deza/Tabeirós-Montes, premiando *Faro de Vigo* o labor deste profesional no ano 2010 coa entrega da Carabela de Plata, que distingue aos “mellores profesionais da casa” (Suso Portela, subdirector de *Faro de Vigo*, 24 de xuño de 2010, páxina 17).

Métodos

Este estudo plantexa un acercamento á figura do estradense José Docampo Vázquez, cronista oficial da Estrada e corresponsal de Faro de Vigo durante máis de 50 anos, dende comezos do século XX ata o 1967. De xeito paralelo, esta investigación parte do interese por coñecer as particularidades do labor xornalístico deste profesional no xornal decano da prensa española, reparando ademais na súa propia traxectoria persoal e laboral, ata o momento non documentada en detalle. Para levar a cabo esta investigación de carácter científico, partiuse das seguintes hipóteses iniciais:

- HIPÓTESE 1: A obra xornalística de Docampo en *Faro de Vigo* é reflexo dunha actitude do autor a prol do progreso da Estrada e a resolución das súas necesidades. Nestas pezas, o casco urbano estradense ten maior representación que o entorno rural.
- HIPÓTESE 2: Estes textos xornalísticos responden a un estilo persoal e a un ton próximo ao lector.
- HIPÓTESE 3: A columna como formato e a identificación da información con cintillos de carácter xeográfico caracterizan formalmente a produción xornalística de Docampo en *Faro de Vigo*.

A mostra definitiva de estudo, tras unha revisión hemerográfica inicial do periodo de José Docampo en Faro de Vigo, quedou constituída por preto de 200 unidades informativas datadas entre 1950 e 1965 e caracterizadas por presentar a sinatura deste corresponsal como xeito de asegurar a autoría das pezas seleccionadas. Como metodoloxía de investigación, optouse por levar a cabo unha análise de contido como un enfoque “específico” e “emporado con frecuencia en todas las áreas relacionadas con los medios” (Wimmer y Dominick, 1996: 169). En concreto, analizáronse as seguintes variables:

- Firma como cronista oficial: valórase, en cada una das unidades informativas, a mención deste cargo como complemento á sinatura propia do corresponsal.
 1. Si
 0. Non
- Vinculación autor-texto: valórase, en cada una das unidades informativas, a existencia dunha vinculación entre o contido di-

fundido e a traxectoria persoal ou profesional do autor, detallada na parte introdutoria desta investigación.

- 1: Si
- 0: Non

- **Temáticas:** valórase, en cada una das unidades informativas, o tipo de contido difundido.
 1. Falecementos, nacementos ou matrimonios
 2. Actos relixiosos
 3. Eventos
 4. Deportes
 5. Actividade municipal
 6. Necesidades/progreso
 7. Pesca-salmón
 8. Actividade rural (agrícola/gandeira)
 9. Sucesos
 10. Personalidades
 11. Cultura
 12. Ocio
 13. Ensino
 14. Turismo
 15. Guía A Estrada
 16. Sobre o oficio do comunicador
 17. Relatos/curiosidades
 18. Outros
- **Entorno:** valórase, en cada una das unidades informativas, a súa referencia ao casco urbano ou o espazo rural da Estrada, a ambos ou a outra localización.
 1. Rural A Estrada
 2. Casco urbano A Estrada
 3. Ambos
 4. Non identificable
 5. Localización distinta a A Estrada
- **Temporalización:** valórase, en cada una das unidades informativas, a súa proximidade aos feitos informados.
 1. Actualidade inmediata
 2. Actualidade recente
 3. Atemporal
- **Estilo e ton:** valórase, en cada una das unidades informativas, o estilo redaccional empregado.
 1. Persoal ou próximo
 2. Informativo

- 3. Ideolóxico
- 4. Técnico
- Extensión: valórase, en cada una das unidades informativas, a unidade de espazo ocupado.
 - 1. Media columna
 - 2. Columna
 - 3. Columna e media
 - 4. Dúas columnas
 - 5. Tres columnas
 - 6. Media páxina
 - 7. Páxina
- Recurso identificativo de ubicación: valórase, en cada unha das unidades informativas, a existencia de cintillos propios de indentificación xeográfica, neste caso coa referencia ao municipio estradense.
 - 1. Si
 - 0. Non
- Recurso gráfico: valórase, en cada una das unidades informativas, a existencia de fotografías ou ilustracións que complementen o contido.
 - 1. Si
 - 0. Non
- Fontes: valórase, en cada una das unidades informativas, o tipo de informantes consultados.
- Administración municipal
 - 1. Si
 - 0. Non
- Particulares
 - 1. Si
 - 0. Non
- Achegados (clara proximidade co autor)
 - 1. Si
 - 0. Non
- Expertos
 - 1. Si
 - 0. Non
- El mesmo (corresponsal)
 - 1. Si
 - 0. Non

- Outras
 - 1. Si
 - 0. Non

Asimesmo, coa finalidade de complementar os resultados que achegou a análise de contido sobre o labor de José Docampo, esta investigación tamén botou man do método da entrevista para coñecer máis fondamente o legado do estradense grazas as reflexións brindadas polo seu fillo Manuel Docampo e polo seu sucesor como corresponsal de *Faro de Vigo* na zona, Jesús Leis Camba. Ambos achegaron datos referentes á súa faceta personal e á súa traxectoria xornalística. Conscientes da riqueza dos seus testemuños, considerouse a entrevista como o mellor sistema de análise e de recollida de información, deixando aos dous entrevistados facer fincapé nas ideas que consideraron máis destacables. Nesta liña de entrevista deseñouse un guión cunha serie de temáticas que se querían abordar ao longo deste estudo: relación persoal con Docampo, traxectoria de Docampo, rutinas xornalísticas e labor como cronista oficial da Estrada. Completa a metodoloxía empregada unha revisión hemerográfica centrada na figura de Docampo e a implantación de *Faro de Vigo* na Estrada, nomeadamente a través das seguintes pezas:

- Entrevista a Jesús Leis Camba, publicada o 30 de outubro de 2009 no Especial 10º Aniversario Deza/Tabeirós-Terra de Montes de *Faro de Vigo*. Páxinas 6 e 7.
- Entrevista a Manuel Docampo Pego, publicada o 14 de febreiro de 2010 na edición Deza/Tabeirós-Terra de Montes de *Faro de Vigo*. Páxina 16.
- Información sobre a homenaxe realizada por *Faro de Vigo* ao seu correponsal Jesús Leis con motivo da entrega da insignia Carabela da Plata en A Estrada e publicada o 24 de xuño de 2010 na edición Deza/Tabeirós-Terra de Montes de *Faro de Vigo*. Páxina 17.

Resultados

Perspectiva cuantitativa

A continuación, preséntanse os resultados derivados da análise de contido efectuada. Estes datos expóñense de maneira ordeada segundo as hipótesis plantexadas inicialmente.

- **HIPÓTESE 1:** A obra xornalística de Docampo en *Faro de Vigo* é reflexo dunha actitude do autor a prol do progreso da Estrada e a resolución de necesidades. Nestas pezas, o casco urbano estradense ten maior representación que o entorno rural. Esta hipótese refírese á TEMÁTICA, é dicir, ao contido das pezas informativas publicadas por José Docampo en *Faro de Vigo*. Neste caso, estúdase a temática principal destas unidades así como os seguintes problemas exploratorios plantexados conxuntamente: as fontes de información consultadas, a temporalización destas unidades e o entorno ao que fan referencia. Así, respecto á temática, esta análise de contido permite observar que as distintas necesidades detectadas ou o progreso do municipio forman parte das principais materias abordadas por Docampo. En concreto, estas cuestións ocupan, por si soas, o 10% das unidades informativas analizadas (18 de 178 unidades) e sitúanse, por orde de frecuencia, só por detrás da difusión de eventos, ámbito que representa un 24,7% dos asuntos difundidos (44 de 178).

A actividade municipal (9,6%), os feitos referidos a distintas personalidades (9%), o ensino (7,9%), a información relativa a falecementos, nacementos ou matrimonios (7,3%) e os actos relixiosos (6,2%) son, por esta orde, as seguintes cuestións máis representadas. Xa con menor presenza, na mostra analizada tamén se abordaron outros asuntos como foron a actividade rural, o lecer, a guía municipal da Estrada ou distintas curiosidades así como o turismo, o deporte, a pesca, a cultura ou o oficio do comunicador, que en conxunto tan só representan un 24,5% das unidades analizadas. Ademais de estar centradas, en boa parte das ocasións, nas necesidades ou o progreso social, o contido dado a coñecer por Docampo está referido en maior medida ao casco urbano que ao ámbito rural do municipio. En concreto, a vila en si

mesma centra o 64,4% das pezas analizadas (115 de 178) mentres que a presenza do rural nestes contidos alcanza só un 17,4% (31 de 178). Cabe sinalar ademais que mentres en 16 unidades non se estableceron referencias a unha ubicación concreta, noutros nove casos a súa localización foi distinta a A Estrada e, finalmente, en sete ocasións estas pezas puideron entenderse referidas ao municipio en xeral. Polo tanto, estes datos permiten afirmar que a obra xornalística de Docampo en *Faro de Vigo* é reflexo dunha actitude do autor a prol do progreso da Estrada e a resolución de necesidades e que, nestas pezas, o casco urbano estradense ten maior representación que o entorno rural, confirmándose polo tanto a veracidade da hipótese de partida desta investigación.

No contexto desta hipótese, plantexáronse outras preguntas de investigación referidas ás fontes consultadas por Docampo así como á temporalización das propias informacións. No primeiro caso, as referencias persoais a vivencias ou feitos coñecidos en primeira persoa supoñen a principal fonte de información empregada por este autor ao ter presenza en 83 das 178 unidades analizadas. Como exemplo, *Faro de Vigo* publica na páxina cinco do seu exemplar do 22 de maio de 1955 unha peza informativa asinada por Docampo con motivo do falecemento de Prudencio Landín na que o seu autor expón que: “Conocí a don Prudencio Landín cuando aún no había alcanzado los 24 años [...] Desde aquel día, nunca llegué a sus puertas que no las hallase abiertas”. Esta orixe informativa ten unha presenza moi superior á doutros informantes, como poden ser as fontes municipais (37 das 178 unidades), os particulares (20 de 178), os achegados (14 de 178), os expertos (7 de 178) ou outros consultados (9 de 178). Finalmente, noutras 8 ocasións non se detectou ningunha fonte informativa.

Por outra banda, o estudo da temporalización destas unidades permite coñecer que máis da metade das unidades informativas analizadas (un 62,4%, é dicir, 111 das 178 pezas) son referentes á actualidade recente, se ben non inmediata. Este último tipo de realidade está presente tan só nun 24,7% dos casos que, atendendo á frecuencia, supoñen 44 unidades. Finalmente, na mostra

de análise teñen presenza tamén os contidos atemporais, que representan un 12,9% das pezas. Isto pode explicarse, seguindo a Martín Algarra, Torregrosa y Serrano (2010): “porque hablar de actualidad significa inevitablemente hacer referencia al tiempo. De ordinario se interpreta este factor en relación al tiempo presente cronológico y a la eficacia de los medios de comunicación para reducir el tiempo que transcurre entre la sucesión de un hecho y su difusión y conocimiento público”. A propia evolución tecnolóxica explica, polo tanto, que na etapa de Docampo, a actualidade recente primase sobre a inmediata á hora de difundir a realidade.

- **HIPÓTESE 2:** Estes textos xornalísticos responden a un estilo persoal e a un ton próximo ao lector.

Esta hipótese é referente ao ESTILO, e dicir, ao conxunto de rasgos que utiliza José Docampo nos textos que publica no xornal Faro de Vigo. Estúdase, xunto co estilo, a vinculación das noticias persoal ou non co autor e se firma como cronista oficial. Así, no que se refire ó estilo esta análise de contido permite detectar que responde a un estilo persoal e a un ton próximo ao lector de dito xornal. Concretamente, este conxunto de rasgos que utiliza Docampo ocupan o 48,3% das unidades informativas utilizadas (86 de 178 unidades) situadas só por detrás do estilo informativo, que representa un 44,4% das noticias publicadas (79 de 178). O estilo ideolóxico e o técnico son, por este orde e en menor medida, os utilizados por José Docampo para publicar as noticias da vila estradense. Deducimos así que nas súas publicacións primaba o estilo persoal fronte ao informativo, que atopamos hoxe en día en calquera xornal.

No contexto desta hipótese tamén se analizou a vinculación das pezas xornalísticas publicadas co autor das mesmas, e dicir, se existe relación persoal ou non co contido das mesmas. Os resultados analizados amosan unha alta vinculación non persoal, que ocupa un 79,8% das noticias (142 de 178). Por outra banda, a vinculación persoal representa un 20,2% (36 de 178). Pódese afirmar, a pesar do seu estilo persoal, que a maioría das pezas non mostraban esa vinculación co escritor. En canto á firma co-

mo cronista oficial, e dicir, se o nome de José Docampo aparece acompañado deste nomeamento durante a firma da noticia, a investigación desta cuestión amosa que 18 das 178 noticias analizadas si levan a firma de cronista oficial. A este respecto, dende a investigación en Xornalismo acéptase a presenza da sinatura como “un claro indicador de la calidad de la prensa de actualidad” (López e Domínguez, 2012: 792).

- HIPÓTESE 3: A columna como formato e a identificación da información con cintillos de carácter xeográfico caracterizan formalmente a produción xornalística de Docampo en *Faro de Vigo*.

Esta última hipótese refírese á COMPOSICIÓN FORMAL da produción xornalística de José Docampo en *Faro de Vigo*. Nela analízase a extensión dos textos, a presenza da ubicación e dos gráficos nos mesmos. Así, respecto á extensión dos textos foi posible comprobar que a columna é o principal formato utilizado por Docampo nas súas noticias publicadas. En concreto, un 31,5% das unidades informativas utilizadas (56 de 178 unidades), seguida de columna e media que representa un 28,7% (51 de 178 unidades). Media columna simboliza un 23,6% (42 de 178 unidades), seguida de dúas columnas e tres columnas que aparecen representadas en menor medida na análise. Podemos afirmar que o espazo era menor que o que hoxe en día conforma a maior parte das publicacións do xornal *Faro de Vigo*, polo que a extensión dos textos na época de José Docampo debía ser menor.

Tamén se analizou a presenza da ubicación nas pezas xornalísticas, é dicir, a identificación da información con cintillos de carácter xeográfico. Os resultados analizados amosan unha alta presenza da ubicación, cun 90,4% (161 de 178 unidades), seguida dun 9,6% que representa a non presenza da ubicación nas noticias analizadas (17 de 178 unidades). Polo que a aparición da ubicación era maioritaria nas pezas de Docampo. Por último, os gráficos que para autores como Valle Gastamimza representan “un aspecto más de la información y se constituye en información por sí misma” (1999) supoñen

só un 15,7% das noticias analizadas (28 de 178 unidades) fronte a un 84,3% das pezas onde non aparecen fotografías (150 de 178).

Perspectiva cualitativa

En canto ao análise cualitativo das noticias de José Docampo analizadas, podemos salientar as seguintes curiosidades publicadas. En varios números de *Faro de Vigo*, como se de fascículos se tratase, Docampo publicaba a guía do seu su termo municipal, onde contaba a historia de A Estrada dende a súa creación ata facer un repaso de todos os recursos turísticos que posuía o pobo naqueles anos. En palabras deste estradense “en esta Guía del término municipal de La Estrada seguramente hallará el lector todos aquellos datos que juzguemos desconocidos y que tengan relación con nuestra comarca”. Varias publicacións completaban esta colección. Por outra parte, afirmouse en apartados anteriores a vinculación persoal do autor coas noticias e o seu estilo persoal no momento de escribir. Un claro exemplo é unha noticia do 11 de marzo de 1968 onde Docampo titula *¿Carretera o congostra?* para, a continuación, facer unha reflexión do estado do asfalto que une A Estrada con Santiago de Compostela. Nela escribe unha crítica da estrada onde asegura con firmeza que “es imposible el tránsito”.

Seguindo esta liña, Docampo publicaba algúns textos nos que facía reflexións persoais relacionadas coa vila de A Estrada. Por exemplo, o 24 de xuño de 1955 enlazou unha noticia sobre o V concurso comarcal de gandos cun escrito titulado *Nuestra comarca es eminentemente ganadera*. Nel explicaba como se sentían os gandeiros nesa época en canto ó seu traballo. Por outra parte, o 27 de xullo de 1955, Docampo publica unha noticia co seguinte titular *Romerías Gallegas. La del Amparo, en la parroquia de Berres* onde o corpo da información non trata esa temática, senón que comeza facendo unha reflexión sobre o modo de viaxar. Xa case no final do texto escribe sobre a parroquia estradense de Berres, onde fala da súa igrexa, das súas tendas e dos seus recursos turísticos. Pero en ningún caso da festa que titula a información.

Conclusións

O estudo mixto realizado, na dobre perspectiva cuantitativa e cualitativa, permitiu unha aproximación científica á traxectoria e a obra de José Docampo no xornal *Faro de Vigo*. A continuación, preséntanse os resultados máis relevantes que se derivan desta investigación:

- A obra xornalística de Docampo en *Faro de Vigo* é reflexo dunha actitude do autor a prol do progreso da Estrada e a resolución de necesidades. Esta motivación queda demostrada no predominio de pezas informativas centradas no desenvolvemento do municipio, sexa na faceta económica, social ou de infraestruturas. Esta temática sitúase, por orde de frecuencia, só por detrás da difusión de eventos, ámbito que representa un 24,7% dos asuntos difundidos (44 de 178).
- Nestas pezas, o casco urbano estradense ten maior representación que o entorno rural. Obsérvase o predominio da vila estradense como entorno de cobertura preferente na maior parte das unidades asinadas por Docampo.
- No tocante ao emprego das fontes de información, o xornalismo practicado por Docampo destaca coma unha práctica baseada preferentemente en referencias persoais, vivencias ou feitos coñecidos en primeira persoa (83 das 178 pezas analizadas). Esta orixe informativa ten unha presenza moi superior á doutros informantes, como poden ser as fontes municipais (37 das 178 unidades), os particulares (20 de 178), os achegados (14 de 178), os expertos (7 de 178) ou outros consultados (9 de 178). Finalmente, noutras 8 ocasións non se detectou ningunha fonte informativa.
- Por outra banda, o estudo da temporalización permite coñecer que o xornalismo de Docampo obedece máis a unha actualidade recente que a unha de tipo inmediato, pois estes contidos están vinculados a feitos próximos no tempo pero non recén sucedidos. Máis da metade das unidades informativas analizadas (un 62,4%, ou sexa, 111 das 178 pezas) son referentes á actualidade recente, se ben non inmediata. Este último tipo de realidade está presente tan só nun 24,7% dos casos que, atendendo á frecuencia, supoñen 44 unidades. Finalmente, na mostra de análise te-

ñen presenza tamén os contidos atemporais, que representan un 12,9% das pezas.

- No que se refire ó estilo, a análise de contido permite detectar que responde a un estilo persoal e a un ton próximo ao lector. O informativo, o ideolóxico e o técnico son outros tons empregados por Docampo. A pesar do seu estilo persoal, a maioría das pezas non mostraban unha vinculación persoal co escritor.
- Dende o punto de vista da composición formal, a columna é o principal formato utilizado por Docampo nas súas noticias publicadas, que ademais se acompañan de cintillos de ubicación xeográfica se ben, en xeral, carecen de elementos gráficos complementarios.
- A nivel metodolóxico, a combinación da perspectiva cuantitativa e a cualitativa amosa resultados satisfactorios no caso da análise de contido en prensa.

Bibliografía

- CANGA LAREQUI, J. (2001). *Periodismo e Internet: nuevo medio, vieja profesión. Estudios sobre el mensaje periodístico*, (7), 33. Recuperado o 20 de abril de <http://revistas.ucm.es/index.php/ESMP/article/view/ESMP0101110033A>
- DOCAMPO, J. (1983). *Xente que vai e ven* (contos). Manuel Docampo Pego, Ed.
- Docampo Pego, M. (2005). *Raíces*. Docampo Pego, Ed.
- GOMIS, L. (1991). *Teoría del Periodismo. Cómo se forma el presente*. Barcelona: Paidós.
- GUILLAMET, J. (2003). "Por una historia comparada del periodismo. Factores de progreso y atraso". *Doxa Comunicación. Revista Interdisciplinar de Estudios de Comunicación y Ciencias Sociales*, 1, 35-56. Recuperado el 25 de abril de 2015 de <http://www.doxacomunicacion.es/es/hemeroteca/articulos?id=115>
- LÓPEZ, M., & DOMÍNGUEZ, R. (2012). El valor documental del periodista como "autor". *Estudios sobre el mensaje periodístico*, 18(2), 791-803. doi:10.5209/rev_ESMP.2012.v18.n2.41046
- MARTÍN ALGARRA, M. ; TORREGROSA, M. y SERRANO-PUCHE, J. (2010): Un periodismo sin períodos: actualidad y tiempo en la era digital . En XII Congreso de la Sociedad Española de Periodística (SEP). Periodística y web 2.0: hacia la construcción de un nuevo modelo. Universidad Cardenal Herrera (Valencia), 21-22 mayo 2010.
- VALLE GASTAMINZA, F. (1999). *Manual de documentación fotográfica*. Madrid: Síntesis.
- WIMMER, R. & DOMINIK, J.R. (1996). *La investigación científica de los medios de comunicación. Una introducción a sus métodos*. Barcelona: Bosch.

Outras fontes

Arquivo Municipal da Estrada.

Entrevista semiestructurada a Manuel Docampo Pego, fillo de José Docampo (A Estrada, 2015).

Entrevista semiestructurada a Jesús Leis Camba, sucesor de José Docampo en Faro de Vigo (A Estrada, 2015).

Faro de Vigo.

Libro de Sesiones da Comisión Permanente do Concello da Estrada. Folio 21.

Agradecementos: Manuel Docampo, Familia Docampo Vázquez, Jesús Leis, Pedro Pérez, María Jesús Fernández e Luis Ferro Pego.



O xardín do Pazo de Oca, tres séculos á procura da harmonía

Ignacio Valladares Pernas
chetov@gmail.com

Resumo. A partir dunha canción singular da Movida madrileña imaxinada durante a lectura dunha obra filosófica, trázase unha viaxe fugaz pola historia do Pazo de Oca, polas transformacións acontecidas no seu xardín e no seu amplo catálogo botánico co paso dos séculos ata chegar á actualidade. Para percorrer tal labirinto imos contar con dous fíos conductores: *Pazos de Galicia. Xardíns e plantas*, de Carlos Rodríguez Dacal e Jesús Izco; e, *Historia de los estilos en jardinería*, Francisco Páez de la Cadena, ámbalas dúas publicacións canónicas nas materias que tratan.

Abstract. From a unique song of the Madrid scene imagined during a philosophic reading, we present here a fleeting journey through the history of Pazo de Oca, the changes in its garden and its wide botanical catalogue over the centuries. We will go through this maze along two lines: *Pazos de Galicia. Xardín e Plantas* (Country Houses in Galicia. Gardens and Plants), of Carlos Rodríguez Dacal and Jesús Izco and *Historia de los estilos en jardinería* (History of gardening styles), of Francisco Páez de La Cadena, both publications specializing in these matters.

Junto al estanque me atrapó la ilusión, escuchando el lenguaje de las plantas

RADIO FUTURA, 1982

Conta Santiago Auserón, líder da icónica banda de rock *Radio Futura*, estandarte da música de vangarda no Madrid dos anos 80 e 90 do pasado século, que foi visitado pola musa para compoñer a súa canción *La estatua del jardín botánico* cando se atopaba a ler *Monadología*, obra do filósofo alemán Gottfried Wilhelm Leibniz. Escrita en 1714, nela se expón de forma sintética a súa visión global do universo, as liñas mestras do sistema filosófico por el desenvolvido. Auserón trataría así de establecer a dicotomía entre o mundo antigo e o mundo contemporáneo a través da imaxe dunha estatua metálica nun xardín histórico, unha figura robótica adicada á contemplación nun entorno paisaxístico imaxinario.

Filósofo, matemático, xurista, político e diplomático a un tempo, Gottfried Leibniz (1646-1716) foi pioneiro na invención do cál-

culo infinitesimal e do sistema binario, ferramentas indispensables no desenvolvemento da linguaxe computacional, e contribuíu ao avance da investigación científica nos máis diversos campos, polo que é considerado o último gran xenio universal. Pero se por algo trascende o filósofo é pola súa aportación á historia do pensamento: é un filósofo ecléctico, un racionalista a cabalo da ilustración.

Na súa teoría das substancias, ou “mónadas”, define a mónada como unha substancia simple, sen partes, que forma parte das substancias compostas: «é precisa a existencia de substancias simples, posto que hai substancias compostas; porque o composto non é senón un conglomerado de cousas simples». As “mónadas” serían os verdadeiros átomos da Natureza, as partículas elementais. Existiría, de este xeito, unha multiplicidade infinita no universo, xa que hai múltiples substancias compostas formadas á vez por outras substancias, e así ata atopar os elementos últimos, as fraccións indivisibles e por tanto simples, as “mónadas”. O propio Leibniz o expresa así:

Hai un mundo de criaturas, de vivintes, de animais; de entelexuías, de almas, na menor parte da materia.

Cada porción da materia pode ser concebida coma un xardín cheo de plantas e coma un estanque cheo de peixes. Mais cada rama dunha planta, cada membro dun animal, cada gota dos seus humores, é todavía un xardín ou un estanque.

Nun mundo así reinará a harmonía máis perfecta, constituirá un cosmos ordenado e unitario a partires do principio de conveniencia ou de “elección do mellor”, posto que Deus sincronizou tódolos movementos e pensamentos do mundo nunha harmonía previamente establecida:

Esa marabillosa orde resulta do feito de que a Natureza é o reloxo de Deus.

O anterior é un punto de vista idílico, excesivamente optimista, escasamente realista e, en certo modo, inxenuo acerca da organización do universo, de aí que a seguinte xeración de filósofos, en concreto Voltaire no seu “Cándido”, renegase do enfoque de Leibniz. Pero se atendemos ao concepto de xardín como principio, e así entramos na materia que nos ocupa, cal sería a significación primixénea da idea de xardín senón a recreación a escala terrenal das condicións vitais do paraíso? O xardín como concepto ideal sería o lugar de desbordante vexetación, abundante auga e clima benigno,

onde a froita non escasea, o sufrimento, a dor e o esforzo non existen, e a vida é sinxela e practiceira. De aí que a creación de xardíns teña estado ligada dende a súa orixe ao sobrenatural, á figura dun Creador, dun Ser Supremo superior ao ser humano, á existencia e á acción de Deus. Pero non se podería entender a existencia do xardín só como a realización dun único Creador, senón tamén como a intervención de diversas forzas naturais que procederían de manifestacións inherentes á Orde Natural: terra, auga, vento, sol. Serán estes elementos, xunto con outros non menos trascendentes como a ordenación harmónica do espazo e o traballo manual levado a cabo polo home, os que garantan a asociación conceptual que distinga ao xardín e ás especies vexetais que o forman do seu entorno natural.



Foto de Ignacio Valladares Pernas.

Un exemplo difícilmente superable de ordenación harmónica do espazo natural atopámolo no xardín do Pazo de Oca, que se ten convertido co paso dos séculos en expoñente da arte xardineira, non só polo seu tamaño e estado de conservación; tamén pola súa riqueza ornamental e a importancia da súa arquitectura. Situado nun recuncho do rural estradense, rodeado de suaves outeiros e regado polas augas dos ríos Badoucos e Barcia, no corazón do sistema fluvial do Ulla, ao que van verter creando un microclima propicio, as súas fértiles terras teñen dado lugar ao xardín pacego por excelencia.

De clara pegada autóctona, mais aínda cunha marcada influencia foránea, achamos en Oca, coma en xeral nos demais pazos galegos, factores diferenciais coas artes xardineiras doutras latitudes. Entre

eles contamos a relación entre a orografía e o clima. As difíciles condicións topográficas esixen a distribución en terrazamentos que axuden a salvar o desnivel. En canto ao clima, factor determinante en última instancia, presenta similitudes co de outras áreas atlánticas de Europa. Outros asuntos a ter en conta serán o illamento respecto do exterior mediante portais e valados e a compartimentación interior do espazo axardinado. Respecto á definición do estilo dominante nos xardíns pacegos, pódese falar de eclecticismo ao congregarse a un tempo a herdanza popular do xardín conventual que dará paso ao Renacemento, o refinamento cortesán e o paisaxismo.

Pero o elemento distintivo esencial do pazo ven dado pola súa estrutura particular, que combina a residencia campesiña, eixo vertebrador dos terreos anexos, as terras de cultivo, e o xardín como lugar de paso entre ambas. No caso concreto de Oca engádese de forma equilibrada a paisaxe natural adxacente ao outro lado da muralla. Ao longo da súa historia o seu xardín ten transitado en paralelo aos usos e costumes das distintas épocas, mudando dun primitivo horto fortificado a unha residencia agrícola, ata converterse no xardín formal dun imponente palacio, para vivir máis tarde a revolución paisaxista e, finalmente, adquirir un marcado carácter heteroxéneo. A determinante influencia do barroco galego, período de máxima actividade xardineira na rexión en canto á variedade e importancia dos deseños, fará do xardín o complemento axeitado a unha arquitectura elaborada e profusa en elementos escultóricos.

A partires dun edificio de carácter defensivo datado cara a metade do s. xv, época de revoltas campesiñas e loitas territoriais na Galicia rural, vanse producir co vagar dos anos as transformacións que levarán á casa forte primitiva de Oca a soste os cimentos dun palacio, pero non será ata ben entrado o s. xviii que os labores executados dean á construción un aspecto similar ao hoxe coñecido. María de Neira, primeira señora de Oca, viúva do rexedor de Compostela, compra no último tercio do s. xvi a propiedade e fai construír muros, portais, adega e lagar; incorpora o sistema de canalización da auga e constrúe un estanque no que instala un muíño. A acumulación de foros e rendas permítelle ampliar o seu dominio, e a existencia dunha agricultura cerealeira asociada á actividade de moenda fai

pensar en certa intención económica. Ao tempo, funda o oratorio adicado a Santo Antón de Padua e dótao dunha pequena ermida. A destrución da Torre da Barreira anos atrás permite acadar a pouca distancia elementos pétreos que facilitan as distintas obras. María de Neira, primeira señora de Oca, exemplifica á perfección o ascenso social da fidalguía galega da época.

Á súa morte, en 1600, a propiedade transmítese en herdanza en sucesivas xeracións ata que a ausencia de sucesión déixaa en mans de Andrés Gayoso. Baixo o seu dominio prodúcese a seguinte gran intervención, coa remodelación da torre a e nave principal e a execución de traballos importantes de cantería na propiedade, coa reforma do estanque e a construción dun segundo e do embarcadoiro, labores que ocuparán as tres primeiras décadas do s. XVIII. O seu fillo Fernando continúa a profundizar no proxecto paterno e prolonga cara o sur o edificio principal, onde quedará interrompido. Ordea tamén edificar a capela, que levará máis de vinte anos levantar. Pode que sexa Fernando Gayoso Arias quen mellor personalice a crecente ascensión social, o tránsito da condición de fidalgo a nobre froito de enlaces matrimoniais, coa procura da distinción, da sofisticación e a búsqueda da diferenciación das clases populares a través da construción dun xardín á maneira dos palacios da Corte. Os terreos próximos á casa ocupados en labores de horta e labranza son substituídos por cultivos de carácter ornamental, distribuídos en cadros integrados nun conxunto formal que se estende ao longo da parede sur da residencia, creando un espazo plano de ángulos rectos e harmonía xeométrica. A identificación do agro como medio meramente produtivo perde forza e apréciase unha intención lúdica clara nas intervencións: trázanse rúas, paseos, glorietas e se constrúen fontes incluso en áreas afastadas da finca, moitos destes espazos cubertos de emparrado.

Morto Fernando sen descendencia, tocaralle ao seu irmán Domingo continuar a inxente tarefa, á que aportará, aparte de lixeiras reformas no edificio, a construción do lavadoiro e a fonte da Troita e a ampliación da presa que abastece de auga ao conxunto do predio. O papel da auga vai ser determinante, por cumprir múltiples funcións esenciais no modo de vida dos nosos devanceiros, desde a



Foto de Elías Pernas Rivera.

bebida e o regadío, á moenda, o lavado e a produción de electricidade xa entrado o s. XX, así como unha función puramente estética. O complexo sistema de abastecemento, almacenamento e distribución por tódolos recunchos da propiedade ata o seu retorno ao río denotan un profundo coñecemento das leis da hidráulica e, no tocante ao seu desfrute, un elevado refinamento estético, cos estanques como elemento central.

O coñecido como «plano Peinador», elaborado en 1805 por orde expresa do último señor de Oca, Francisco Gayoso de los Cobos, dá unha idea do ambicioso do proxecto constructivo e da

distribución do conxunto das terras dentro da muralla, e aínda que non aporta apenas información acerca dos cultivos, si se aprecia a presenza de frutais e produtos de horta no extremo sur, lonxe da casa. Obsérvase ademáis a presenza de borduras de mato baixo nos cadros nos que se divide gran parte da superficie e alineacións de plantas de porte arbóreo en torno aos estanques, que ben poderían ser os mesmos buxos que agora nos atopamos. O «plano Peinador», máis que facer unha descrición detallada e integral do complexo amurallado de Oca, aporta unha visión esquemática da trama na que se estrutura o terreo, nunha sorte de dameiro irregular dividido en diagonal polos estanques, onde cobran especial importancia os elementos construtivos. O que este deixa absolutamente claro é que unha vez establecidos e formados os elementos vexetais dentro do

propio xardín, entrará en xogo a terceira dimensión, desaparecerá a disposición bidimensional que se desprende do plano e, según en que zonas, desaparecerá a perspectiva, fragmentaranse os espazos e se chegará a un entramado de camiños, paseos, corredores, túneles, prazas, estancias, cuartos, recunchos e miradoiros; a unha forma compartimentada de distribución, de xardíns que dan paso a outros, cada un deles cunha marcada personalidade, funcionando de forma autónoma, illada dos demais pero que, ao unir as pezas, dan lugar a un conxunto complexo de ordenación harmónica. A confluencia espiritual entre o xardín do Pazo de Oca e o universo metafísico de Gottfried Leibniz é, polo tanto, facilmente imaxinable.

Sen embargo, terá que pasar un século, dende a segunda metade do s. XVIII ata mediados do XIX, para que a substitución do xardín de horta polo ornamental teña lugar, aínda que non na súa integridade. De forma gradual, os lugares ocupados por produtos básicos de subsistencia, forraxeiros e menciñais van ser substituídos por cultivos propios dun xardín ornamental, pero a lentitude dos cambios leva a pensar nun longo período de coexistencia. A aportación de novos elementos botánicos cunha intención ornamental, apoiados na intensa invención temática, será crucial para completar a transición a un modelo que combine utilidade e beleza.

Na segunda metade do s. XIX vaise vivir en Oca outro período de grande actividade construtiva e xardineira. Un paisaxista francés, François Vié, que está a traballar nas obras dos xardíns do Campo del Moro, no Palacio Real de Madrid, visita o pazo contratado polos marqueses de San Miguel das Penas e elabora diferentes deseños coa fin de levar a cabo unha reforma de corte paisaxista nos terreos máis próximos á casa. Patio, xardín xeométrico e bosque paisaxista, este último aínda existente, son as áreas onde a transformación é máis notable. En xeral, se executan macizos florais e arbolados con marxes curvas de céspede no lugar dos antigos cadros do xardín hortícola. Vié realiza tamén a praza e a fonte da Mona e atribúeselle o trazado da carreira dos tileiros sobre un paseo anterior. Ao mesmo tempo continúan a desenvolverse traballos de mellora no edificio principal: constrúese a galería e a escaleira de acceso á planta superior e refórtese a entrada desde o patio. Conforme ao gusto da época, levántase

sobre o muíño unha casiña de estilo alpino, en consonancia coa corrente paisaxista imperante.

Coincide esta intensa vontade transformadora no entorno do pazo coa afluencia de gran cantidade e variedade de novas plantas, froito dos avances no coñecemento científico logrados nos séculos anteriores e dos enormes descubrimentos botánicos relacionados cun máis fondo coñecemento do planeta e dos diferentes ecosistemas que o conforman gracias ás grandes expedicións científicas. Ata o descubrimento de América o coñecemento da botánica no mundo occidental limitábase á bagaxe acumulada polas sucesivas civilizacións que se desenvolveran no entorno do mar Mediterráneo. Neste senso pode que o buxal dos estanques de Oca constituía a máis antiga mostra de propósito xardineiro conservada no lugar. Pénsase que foi plantado á vez que se contruíu este estanque primitivo, en tempos de María de Neira, polo que roldaría os 400 anos. A introducción do buxo (*buxus sempervirens*) no xardín remóntase nos séculos. A súa resistencia e “maleabilidade” fan que se teña convertido no emblema botánico de Oca, dada a enorme superficie que ocupa franqueando paseos, formando túneles, paredes amuralladas e almeas, cúpulas, figuras xeométricas e humanas, ou co seu porte natural. Xa na Roma clásica era cultivado, xeralizándose co tempo o seu uso ao longo da zona mediterránea.

Non obstante, no período que transcorre entre a civilización romana e o s. XVI, exceptuando a aportación exótica do mundo árabe, a expansión do cristianismo, coas peregrinacións asociadas á vida monacal e as rutas marítimas e terrestres abertas cara Oriente á busca de especias na Italia anterior ao Renacemento, a variedade botánica mantívose practicamente invariable e orixinou unha etapa de monotónía na evolución da arte xardineira.

O descubrimento da flora americana supón a introdución inxente de novas especies vexetais, nun principio cunha intención meramente comercial, sen un interese científico claro. Cultivos hortícolas como o millo, a pataca, o tomate ou o pemento son incorporados con celeridade e a súa doada adaptación á agricultura autóctona leva a unha mellora nas condicións de vida, feito que se deixa apreciar na franxa atlántica de Galicia xa a mediados do s. XVI, acadando unha

expansión económica e demográfica sen precedentes. A partires de entón, as sucesivas expedicións de exploración e conquista, así como as comerciais, contarán sempre entre os seus membros cun especialista en botánica ocupado en identificar, rexistrar e debuxar a innumerable cantidade de novas especies vexetais, describindo usos e aplicacións menciñais, dando lugar a completos herbarios que aportarán o sustrato documental para a aparición dos xardíns botánicos.

Pero a verdadeira intención científica nas viaxes comezará no s. XVIII, onde o interese deixa de centrarse no aspecto económico ou menciñal para atender ás características ornamentais das novas especies. Coa chegada dos Borbón ao trono español, a aportación francesa neste terreo vai ser determinante e moitos dos expertos en botánica que acompañen ás expedicións que partan cara América van ser desta nacionalidade. Con Carlos III —é ben coñecida a súa pasión polo mundo vexetal—, vívese o período de maior fervor polos descubrimentos botánicos. Por orde súa as expedicións, nun principio restrinxidas á costa occidental do continente americano, vanse adentrar na costa andina, e o Real Xardín Botánico de Madrid, erixido por Felipe II xunto ao Palacio Real de Aranjuez, trasladarase á súa ubicación actual. Aínda que a profundidade da aportación hispana á ciencia botánica non se ten valorado tan altamente coma a francesa ou a británica si é certo que os traballos de Francisco Hernández, médico de Felipe II, en Nova España (México); Iturriaga e Loeffling, discípulo de Linneo, en Venezuela; do sacerdote José Celestino Mutis en Colombia; de Dombey, Ruiz e Pavón en Perú e Chile; ou a expedición de seis anos arredor do mundo que, liderada por Alejandro Malaspina, partiu en 1789 cara Sudamérica e, dobrando o cabo de Hornos, chegou ata México para, tras pasar por Filipinas, divisar as costas de Oceanía, contribúen a sentar as bases da fitoloxía moderna, anticipándose ás contribucións de figuras fundamentais como Carl Linneo, Alexander von Humboldt ou Charles Darwin na descrición botánica do mundo. Todos eles, e moitos outros, colaboraron na ampliación do catálogo botánico da época que lles tocou vivir, e deron lugar á creación de xardíns botánicos, lugares onde o obxectivo primordial non é reproducir as condicións idílicas do Paraíso, senón o cultivo dunha colección ordeada de plantas cara ao

seu estudo, catalogación e divulgación, cun marcado carácter científico, didáctico e, polo tanto, funcional.

Dende os inicios da civilización ao momento actual máis de 13.000 especies de plantas, sen ter en conta as introducidas polo seu interese agrícola ou comercial, mudaron da súa ubicación natural pola acción colonizadora do home, as súas viaxes e o comercio, propagándose por entornos diferentes ao seu ecosistema orixinal ata formar parte da paisaxe.

O descubrimento da paisaxe e das liñas que definen o medio natural e o declive da xeometría nos deseños xardineiros son consecuencia do coñecemento botánico conquistado nas derradeiras décadas e dunha reacción contra os excesos do racionalismo francés iniciada en Inglaterra anos atrás, pero tamén dunha adaptación da xardinería ao clima e ao costume. Froito dese crecente interese polo mundo vexetal vencellado ás exploracións científicas e da grande actividade que se está a desenvolver na transformación estilística da finca, comezan a chegar a Oca importantes cantidades de distintas especies herbáceas, arbustivas e arbóreas dende viveiros españois e incluso estranxeiros. É este o período no que se incorporan a maior parte das grandes frondosas presentes a día de hoxe no xardín. As camelias e evónimus (*euonymus japonicus*) do patio; a criptomeria (*cryptomeria japonica* “Elegans”) o teixo (*taxus baccata fastigiata*), as magnolias perennes (*magnolia grandiflora*), a gran variedade de camelias (sendo a maior parte *camelia japonica*, destaca a *camelia reticulata* “Captain Rawes”) os loureiros reais (*prunus laurocerasus*) e os xúpiter (*lagerstroemia indica*) do xeométrico, os dous últimos importados da xardinería islámica; no bosque paisaxista, a fotinia (*photinia serrulata*), as magnolias perenne e caducifolia, e os loureiros reais; e as alineacións de tileiros na carreira (*tilia platyphyllos*, *tilia tomentosa*) desafían ao discorrer do tempo en condicións aceptables. A elaboración de listados anuais onde se rexistraba a entrada das novas especies apórtanos información acerca do variado da procedencia das especies vexetais e da notable cantidade que non ten acadado os nosos días. No camiño quedaron outras, ás veces por razóns pouco xustificables, debido a factores climáticos ou por motivacións puramente biolóxicas: secuoias xigantes de California, cedros do Hi-



Foto de Elías Pernas Rivera.

malaya, sóforas, paulonias chinesas, tulipeiros de Virxinia, acacias e eucaliptos de Australia (tal vez a partires das primeiras sementes introducidas en Europa por Frei Rosendo Salvado) o cal dá unha idea do intenso grao de intercambio de plantas entre continentes en anos anteriores e da capacidade de adaptación das novas especies.

Xa entrado o s. xx, superado o fervor romántico asociado á reforma paisaxista, prodúcese no xardín do pazo unha nova intervención, esta vez coa intención de retornalo á concepción racionalista previa, de devolverlle a aparencia barroca, máis cercana á alma do edificio principal. O Marqués de Camarasa, Ignacio Fernández de Henestrosa, coa axuda do seu xardineiro autodidacta, será o artífice da restauración na que, apoiados en planos antigos, recomporán parte dos parterres do patio e do xardín xeométrico ata devolverlles o seu aspecto formal. Ao tempo, continúaase a recibir un elevado fluxo de especies vexetais. Pero o ánimo restaurador esvaece axiña e, cara os anos 30, o pazo entra nun período de decadencia que se prolongará ata entrada a década dos 70, e que se verá acentuado por unha serie de actuacións cando menos condenables. É nestes anos cando unha

serie notable das árbores plantadas na segunda metade da anterior centuria, e que xa tiñan adquirido un porte monumental, son sacrificadas, actuacións que afectan principalmente ao xardín paisaxista. Tamén se intervén sobre os terreos situados máis aló da muralla, desaparecendo parte da carballeira. Ao mesmo tempo, debido á situación de abandono relativo na que se atopa o xardín, déixase medrar de forma desordenada unha serie de exemplares, sobre todo loureiros, tilos, arces e carballos brotados espontaneamente, que co andar dos anos adquirirán notable tamaño e darán lugar a problemas no futuro pola súa ubicación inadecuada.

Mais o verdadeiro punto de inflexión vaise producir na época contemporánea, coa transmisión da propiedade a Victoria Eugenia Fernández de Córdoba, XVIII Duquesa de Medinaceli. Será o seu fillo, Ignacio de Medina y Fernández de Córdoba, XX Duque de Segorbe, quen inicie, entrados os anos 70, unha restauración integral do predio, que afectará tanto a elementos construtivos como aos xardíns e as terras de labranza. A súa intervención non vai levar á transformación profunda dos conxuntos existentes, senón á reconstrución meticulosa e á fiel recuperación dos trazados que definen a historia do xardín: renacentista, barroco e paisaxista.

Iníciáanse os traballos baixo a súa supervisión coa substitución de terras adicadas a pasto pola creación dunha plantación comercial de tipo frutícola, coa mazá, a pera e o kiwi como cultivos principais. Cara a metade da década comeza a recuperación do xardín paisaxista, notablemente deteriorado tras anos de abandono, retirando unha serie de árbores invasoras (*robinia pseudoacacia*, *ailanthus altissima*) introducidas como exóticas en décadas pasadas que, cos anos, van constituir unha ameaza para os hábitats autóctonos de Galicia, en especial nas ribeiras dos ríos. Refanse os camiños con borduras de céspede segundo o deseño decimonónico e plántanse novas especies arbóreas, como o liquidámbar (*liquidambar styraciflua*) a árbore do amor (*cercis siliquastrum*) e os ginkos (*gingko biloba*); arbustivas, como abelias (*abelia grandiflora*), pitosporos de Nova Zelandia (*pittosporum tenuifolium*) e espíreas (*spiraea cantoniensis*) e outras plantas como as hortensias de inverno (*bergenia ligulata*). Cobra un especial protagonismo nesta zona do xardín o loureiro (*laurus nobilis*) que

pasa de supoñer un problema pola súa reprodución masiva en anos anteriores a converterse en recurso estético destacado coa creación dun orixinal soutobosque.

Tras da última intervención no xardín xeométrico, no primeiro tercio do s. xx, á súa parte baixa continuaba a dársele un uso agrícola, co cultivo do millo, e de viveiro. A adición de cadros de buxo nas partes superior e inferior e a elaboración do escudo de armas daranlle o aspecto formal definitivo, que se completará con ornamentación a base de diferentes especies vexetais ao longo dos anos. Ceibos, cornus, rododendros, azaleas, loureiros reais e portugueses, choisias, aucubas, hortensias mesturadas con camelias e laranxeiras ao amparo das grandes frondosas deste xardín: carballos americanos, tulipeiro, e a imponente secuioia, plantada na década dos 40. Esta gran variedade botánica procedente de diferentes confíns do planeta agrupadas no contexto dun xardín formal, unida ao incontable número de herbáceas e plantas vivaces, van a aportar ao conxunto anexo á casa un marcado compoñente exótico, rebosante de vida, encadeándose as floracións das distintas especies ao longo das estacións.

A constitución da Fundación Casa Ducal de Medinaceli en 1980, institución de carácter cultural ocupada na conservación, restauración, estudo e difusión do patrimonio histórico e cultural da Casa, e a declaración do Pazo como Ben de Interés Cultural do Patrimonio Nacional en 1982, insuflarán novos folgos no ánimo restaurador. As intervencións vanse centrar no xardín hortofrutícola, coa recuperación dos paseos flanqueados por setos de buxo e cubertos de emparrado a ambos lados do paseo dos tileiros. A finais da década dos 80 encarga o Duque de Segorbe a construción dun labirinto de traza idéntica a un mosaico existente na catedral de Canterbury, en Inglaterra; e xa nos 90 remátase a recuperación dos muíños do estanque superior, constrúese o paseo pétreo do “anobado” na parte superior do recinto amurallado, paralelo á “rúa das camelias” e outórgaselle maior altura á muralla sur. Tamén se inicia o axardinamento do paseo da muralla, coa colocación de alineacións de buxo nos espazos que quedan entre os tileiros plantados en anos anteriores.

Na última década o xardín de Oca ten profundizado na consolidación do proxecto de restauración iniciado xa hai máis de catro

décadas polo Duque de Segorbe, e pese a non terse realizado grandes reformas estruturais en ningunha das áreas nas que o xardín se divide, si ten mudado de aspecto e de función unha cantidade estimable de superficie do terreo intramuros.

Para un visitante algo observador será fácil advertir, nada máis chegar á praza, que se levaron a cabo traballos de pavimentado e axardinamento, con melloras en drenaxe e saneamentos. Xa dentro do patio desapareceu o manto de parra virxe e glicinia que vestía os seus muros, sendo substituído nas xardineiras por plantas anuais, e foron retiradas as ameixeiras que cubrían os setos das serpes xa camiño da eira, na cal agora predominan as figueiras. A ambos lados sitúanse senllos parterres de dalias e dúas filas de palmeiros (*trachycarpus fortunei*) de recente ubicación. Ao subir cara o xeométrico vemos que agora alomenos un tercio da carreira do Conde aparece cuberta por un túnel de buxo (*buxus sempervirens*). Repartidos polos diferentes cadros que conforman o xardín formal, aproveitando espazos xunto a azaleas, rododendros e camelias e, enmarcándoo na súa parte inferior, se sitúan agora macizos de agapanto (*agapanthus africanus*) que aportan unha tonalidade azulada nos meses estivais.

Como máis arriba dicía, por motivos de conservación de certos elementos arquitectónicos, así como por unha ubicación errada dentro do modelo de xardín, foi necesario eliminar unha serie de árbores frondosas de idade considerable que ameazaban muros e canles, algunha delas resultante de períodos de abandono relativo no pasado, a maioría no entorno da carreira do Conde, na área perimetral dos estanques e no xardín paisaxista. Grazas ao maior aporte de luz solar froito da retirada destes exemplares arbóreos, avanzouse profundamente na recomposición das grandes masas de seto de buxo no extremo superior da rúa ata a chegar á muralla leste e acadouse a ampliación do recollido xardín topiario, nun rincón lindante co estanque superior. Do mesmo xeito, a eliminación de tileiros, arces e carballos, todas caducifolias, nacidos espontaneamente á beira do buxal dos estanques favoreceu o seu crecemento e ventilación, alixeirando ademais a súa masa nas épocas de caída da folla. Se nos adentramos no bosque paisaxista por enriba do lavadoiro, atoparemos renovadas as marxes de céspede da senda que o atravesa e o

sotobosque de loureiros baixo a floresta densamente poboada, ás que hai que engadir unha pequena masa de camelia enana aínda en formación tras do lavadoiro e un bosque de fentos arborescentes na parte alta, por enriba da magnolia.

Pero a maior transformación ten acontecido en toda a área situada a ambas beiras do paseo dos tileiros, xardín hortofrutícola, non tanto respecto á organización do espazo, que se mantén inalterado, senón como á utilización do terreo e á función a este asignada dentro do concepto de xardín. Pásase dun uso claramente agrícola, co cultivo da mazán e o kiwi e, en menor medida, de froitos de óso, así como de varios dos espazos usados como viveiros de reposición, a unha adicación de carácter máis lúdico, combinación de horta e fantasía xardineira, cun xogo de novos xardíns a carón da alineación de tileiros, nunha fermosa estilización do xardín medieval. Á esquerda dos tileiros situaríanse agora, aparte doutro pequeno topiario con diferentes figuras xeométricas en buxo, tres parcelas prantadas de variedades autóctonas de pereiras, ameixeiras e maceiras; pola dereita, partindo da fonte da Mona, no corredor que conduce ao fondo dos estanques, atoparíamos un labirinto de camelias de recente construción que antecede ás hortas e tres cadros sucesivos con diferentes xogos de xardín: o «das copas», con figuras feitas en buxo e leitos florais abandeirados con plantas vivaces anuais; o «das cruces», formado por tres aspas de buxo a dobre nivel, tamén adornadas con flores; e o do «zig-zag», dúas liñas de buxo anano crebadas e paralelas, franqueadas por triángulos florais a ámbolos dous lados con dalias, crisantemos e canas das Indias.

No relativo ás hortas, cómpre dicir que as tres comparten trazado formal con parterres en buxo anano (*buxus sempervirens suffruticosa*), combinando longas xardineiras florais con cadros ocupados polos diferentes cultivos, con diversas variedades de camelia sinalando os vértices. Se a primeira se enche cara finais de xullo de verduras e hortalizas, baixo a supervisión do Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica de Galicia, a segunda nútrese basicamente de froitos do bosque e a terceira de herbas menciñais. Este conxunto máis ou menos regular encadrado en torno á avenida dos tileiros, coas últimas reformas realizadas dende o ámbito xardinístico, pódese dar



Foto de Elías Pernas Rivera.

por consolidado despois de varios anos en formación. Neste senso, todo o paseo que rodea polo oeste e polo sur o valado atópase xa franqueado por unha muralla vexetal en buxo que descorre en paralelo á pétreo. Da antiga explotación só se conserva ao redor dunha hectárea con planta de kiwi no vértice suroccidental e os viveiros de reposición sitúanse agora na finca de Guillufe, xa fóra da muralla.

Cabe suliñar a creación de dous novos hortos ornamentais dedicados ao cultivo da camelia, en colaboración coa Deputación de Pontevedra, a través da Estación Fitopatolóxica do Areeiro, que vén de aportar unha importante cantidade de planta de camelia de diferentes variedades. Estes hortos sitúanse na parte baixa da carreira do Conde, substitúen a outros de uso frutícola e complétanse con alineacións de camelias aínda en formación ao longo do pazo.

No ano 2007 o *Catálogo de Árbores Senlleiras de Galicia* destaca a riqueza botánica do xardín de Oca coa inclusión de dous exemplares, a criptomera elegante e a camelia reticulada, e dúas formacións arbóreas, o buxal dos estanques e a carreira dos tileiros, co obxectivo

de asegurar a súa conservación polos seus valores naturais, estéticos, científicos e paisaxísticos.

A medida do tempo nos procesos naturais, e nos botánicos en particular, fai que dende un punto de vista humano se poida caer con facilidade na falta de interese, na monotonía e no ostracismo, ante a lentitude coa que as transformacións acontecen a miúdo. Sen embargo, ao igual que cando se está a observar os procesos que definen as leis universais da física e, por tanto, do Universo, esa mesma rutina será a que leve aos científicos a cotas de observación máis fondas, de maior calado, a niveis superiores de coñecemento. O mesmo vai acontecer coas leis naturais, cos ciclos que rixen o comportamento do mundo vexetal, coa cadencia poética do devir das estacións. Desta forma, o concepto de obra rematada relativízase cando os materiais cos que se traballa son seres vivos expostos ao paso do tempo, ás inclemencias meteorolóxicas e ás pragas. Quen sabe canto se leva traballado e o que queda por facer, cantas xentes levantaron muros e labraron terras! Non importa, o tempo en Oca é infindo. As persoas só estamos de paso. E o tempo transcorrido xa ten posto ao Pazo de Oca nun lugar da Historia a carón da eternidade.

Visiten Oca. Séntense a descansar á beira dos estanques. Déixense atrapar pola ilusión. E escoiten a linguaxe das plantas.

Bibliografía

- CASTRO SOUBRIET, F. DE. “El arte que España olvida: su ciencia”. *El País*, 26 de febreiro de 2015.
- Global exchange and accumulation of non-native plants*. Carta de múltiples científicos publicada online pola revista *Nature*, 19 de agosto de 2015.
- LEIBNIZ, G.W. *Monadología*. Clásicos El Basilisco. Pentalfa Ediciones. Oviedo, 1981.
- MARCOS, C. “La estatua del jardín botánico”, *Rolling Stone*, 21 de maio de 2010.
- MUÑOZ MOLINA, A. “Mundos botánicos”. Ida y vuelta, Babelia, *El País*, 20 de novembro de 2013.
- PÁEZ DE LA CADENA, F. *Historia de los estilos en jardinería*. Ed. Itsmo. Madrid, 1998.
- RODRÍGUEZ DACAL, C., Izco, J. *Pazos de Galicia. Xardíns e plantas*. Xunta de Galicia, 1994.
- ROYAL HORTICULTURAL SOCIETY. *Árboles de jardín. Manual de identificación*. Ed. Blume, 1996.

ROYAL HORTICULTURAL SOCIETY. *Todas las plantas del jardín*. Ed. Blume, 2003.
TEJEDOR CAMPOMANES, C. *Historia de la Filosofía en su marco cultural*. Ediciones SM.
Madrid, 1990.

Agradecementos

A Rebeca López Rey, pola revisión do texto e o alento que esta supuxo.

A Xesús Borrageros, pola lectura do primeiro borrador.

Aos meus compañeiros en Oca: Lola Rey, Mari Carmen Taboada, Manuel Conde, José Perol e Carmela Ruibal, por dez anos de esforzo compartido. A Elías Pernas Rivera pola cesión das imaxes e á Fundación Casa Ducal de Medinaceli, por autorizar a súa publicación.



75 años de baloncesto en A Estrada

Andrés Fernández Sanmartín*
andresfer15@yahoo.es

Resumen. La historia del baloncesto en A Estrada empieza en los años 40 cuando unos pocos jóvenes, jugando en pista de tierra, fabricando artesanalmente las canastas y calzados con alpargatas, iniciaron una aventura que llega hasta nuestros días donde decenas de niños juegan en pabellón cubierto con pista de parqué, canastas homologadas y zapatillas "Air Jordan". Una historia de personas entusiastas que, conscientes de lo importante que es para los jóvenes practicar un deporte de equipo, supieron mantener vivo el baloncesto a lo largo de 75 años.

Abstract. The history of basketball in A Estrada began in the forties when a few young people, playing in a clay court with handmade baskets and footwear made from espadrilles, started an adventure that reaches to the present day, where dozens of children play in a sports hall with a parquet court, authorized baskets and 'Air Jordan' sneakers. A story about enthusiastic people that, convinced of how important playing a team sport is for young people, were able to keep basketball alive over 75 years.

A mi abuela Rosario

Los 25 años de existencia ininterrumpida del E.D.M. (Escuelas Deportivas Municipales) avalan la consideración del equipo de baloncesto de A Estrada como un verdadero "clásico" del baloncesto gallego, conocido y respetado en el mundo del deporte amateur de nuestra comunidad. Por él han pasado, en estos 25 años, cientos de jugadores, aficionados, directivos, padres, patrocinadores etc., que de una forma u otra han contribuido a situar el club en el lugar que ocupa en la actualidad. Para dar una idea de cuál es esa posición, puede servir como referencia el hecho de que la pasada temporada 2014-2015, solamente 13 equipos gallegos sénior masculinos –incluyendo los profesionales– han competido en una categoría superior a la del EDM (uno en ACB, tres en LEB Oro, dos en LEB Plata y siete en EBA).

* Como si de un equipo se tratase, este artículo es fruto del trabajo común con dos de las personas más apasionadas por el baloncesto que conozco, Mavi Sanmartín y Alba Fernández.

Sin embargo, a pesar de que 25 años para un club de estas características puedan parecer muchos —máxime si tenemos en cuenta que la gran mayoría de los jugadores que lo forman ni siquiera habían nacido cuando se creó— la historia del baloncesto en nuestro pueblo se remonta a mucho tiempo antes de que el EDM fuese siquiera una idea.

Inicios del baloncesto e introducción en España

El baloncesto es, en España, el segundo deporte con más jugadores federados en categoría masculina, y el primero en categoría femenina. Tanto la liga profesional como las selecciones se han instalado desde hace ya tiempo en la élite mundial. Estos datos adquieren una mayor relevancia si tenemos en cuenta que el baloncesto es un deporte relativamente joven, en comparación con otros como el fútbol, el atletismo, o el tenis, y que por tanto su implantación en España fue mucho más tardía que la de cualquiera de estos otros deportes (por ejemplo, el fútbol se introdujo en España allá por el 1870, décadas antes de que el baloncesto existiese como deporte).

El responsable de la existencia del baloncesto es el canadiense James Naismith, profesor de educación física en la Young Men's Christian Association (YMCA, Asociación Cristiana de Jóvenes) de Springfield (Massachusetts). Este profesor lo ideó, en diciembre de 1891, como respuesta al encargo de crear un deporte que pudiese practicarse a cubierto, a salvo de los durísimos inviernos del norte de los Estados Unidos. Serían los miembros de esta Asociación de Springfield quienes lo difundiesen en sus inicios.

Entre los años 1915 y 1930, el baloncesto experimentó una rápida y masiva implantación por todo el país, y se produjeron importantes avances en su desarrollo y consolidación como deporte, con la creación de un reglamento unificado y de las grandes ligas norteamericanas.

Los primeros contactos del baloncesto con el continente europeo se produjeron a través de las sedes que la YMCA tenía en países como Francia e Inglaterra, aunque fueron los soldados estadounidenses quienes en sus ratos de esparcimiento contribuyeron, durante la Primera Guerra Mundial, a la gran difusión de este deporte en Europa.

En los Juegos Olímpicos de Ámsterdam en 1928 y en los de Los Ángeles en 1932, el baloncesto fue incluido como deporte de exhibición. Ese mismo año se fundó en Ginebra la Federación Internacional de Baloncesto (FIBA), que sería la encargada de organizar el primer Campeonato de Europa. Cuatro años después, en las Olimpiadas de Berlín de 1936, el baloncesto masculino se incluyó por primera vez en el programa oficial. El baloncesto femenino no alcanzaría tal categoría hasta cuarenta años después, en los Juegos de Montreal de 1976.

En España, el primer contacto con el baloncesto se lo debemos al maestro y pedagogo Eladi Homs i Oller, nacido el 27 de febrero de 1886 en Valls (Tarragona), que en 1907 recibió una beca del Ayuntamiento de Barcelona para viajar a los Estados Unidos y formarse en materia educativa. En 1910 regresó a Barcelona importando, entre otras muchas ideas, un nuevo deporte llamado “basketball”. Gracias a su estrecha relación de amistad con el director de la Escuela Vallparadis de Terrassa, consiguió en 1912 introducir el baloncesto como materia pedagógica deportiva, aunque su práctica fue muy reducida, pues no se disputaron competiciones con otros colegios, tal y como nos informan Pere Figueras y Joaquim Verdaguer en un trabajo publicado en *La Vanguardia* el 3 de diciembre de 1986.

